

# ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego  
Nº 13 - Santiago de Compostela 2018



Número especial en homenaxe a  
**Carlos García Martínez**

# **ADRA**

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego

Nº 13 - Homenaxe a Carlos García Martínez

Santiago de Compostela 2018



# **ADRA**

Nº 13 - Homenaxe a Carlos García Martínez  
Santiago de Compostela 2018

**ADRA** Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego  
Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela

Consello de Edición:  
Manuel Vilar Álvarez  
Nolo Suárez  
Rosa M<sup>a</sup> Méndez García  
José M<sup>a</sup> Laredo Cordoníe  
Fátima Braña Rey

Deseño e maquetación: Juan Feáns  
Impresión: Gráficas Garabal  
Asesoramento lingüístico:  
Miro Villar

Depósito Legal: C-2367-2005  
ISSN: 1886-2292

© da edición: Museo do Pobo Galego  
© dos textos: Os autores e autoras

ADRA é unha revista con periodicidade anual que comenzou a súa andaina no 2005 co espírito de crear un soporte para a publicación de artigos de coñecemento científico e cultural desde Galicia.

Tentando chegar a unha ampla audiencia Adra distribúese a través de intercambio con máis de 150 bibliotecas europeas.

Os temas que se abordan son todos aqueles relacionados coa realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego. A lingua da Revista é o galego. Os artigos que publica son orixinais e inéditos e foron sometidos a unha avaliación por pares mediante o sistema dobre cego, con garantía de anonimato.

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores. O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

Esta revista está incluída nas seguintes bases de datos:

IN\_Recs (Universidad de Granada): <[ec3.ugr.es/in-recs/ii/Antropologia-2010.htm](http://ec3.ugr.es/in-recs/ii/Antropologia-2010.htm)>

Dialnet (Universidad de La Rioja): <<http://dialnet.unirioja.es/>>



# INDICE

## Presentación

Rosa M<sup>a</sup> MÉNDEZ GARCÍA e Manuel VILAR ÁLVAREZ **7**

---

## Catro décadas de colaboración e amizade

Justo BERAMENDI **9**

---

## Naquel tempo...

M<sup>a</sup> Xosé FERNÁNDEZ CERVIÑO **25**

---

Lembranzas dos primeiros pasos como etnógrafo e arqueólogo, xunto a Carlos e demais compañeiros de inqedanzas (anos 1966-1969)

Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO **35**

---

Carlos García Martínez e o Instituto 'Padre Sarmiento':

## Transmitindo paixón e facendo país

Francisco CALO LOURIDO e Felipe ARIAS VILAS **45**

---

## Modesto López Teijeiro

Francisco FARIÑA BUSTO **57**

---

Carlos García Martínez, explorador literario das terras amerindias

Xosé Carlos SIERRA RODRÍGUEZ **63**

---

Carlos García Martínez e o Pedrón de Ouro

Xosé Ramón FANDIÑO **71**

---

Rememoración de Carlos García Martínez, Irmán

Xosé Manuel BEIRAS TORRADO **75**

---

## A Compostela de Carlos

Encarna OTERO CEPEDA **79**

---

## Carlos García Martínez.

Xosé Ramón LEMA BENDAÑA **81**

---

Carlos García Martínez: Bibliografía

Ana MATEOSVARA **83**

---



## Presentación

No ano 2017 o Museo do Pobo Galego celebrou o corenta aniversario da súa apertura. Había alegría e ánimo na celebración porque foron corenta anos dun camiño andado non sen dificultades, un camiñar baixo ameazas de mal tempo que non fixeron doado o percorrido, mais deuse andado un bo treito e erguido unha realidade que forma parte do imaxinario colectivo de moitos galegos e galegas, cidadáns que queren que a súa cultura sexa unha cor máis colocada no lenzo multicolor que conforma un mundo plural e diverso.

Este camiño non sería posible andalo sen a axuda desprendida e o labor incansable de moita xente. Queremos poñer rostro a esa xente na persoa de Carlos García Martínez, director, quen vai estar neste proxecto desde os primeiros pasos, desde antes da apertura das portas do vetusto edificio de San Domingos de Bonaval até a celebración dos corenta anos. Estivo nas xuntanzas nas que se fraguou a idea de crear un museo, nas xuntanzas nas que se deron os primeiros pasos e elaboran os primeiros proxectos (estatutos, Padroado, busca de local ...), na busca de persoas para que o apoiasen e levalo adiante, na procura de fondos para erguelo, na configuración das salas desde a toma de decisións sobre os contidos e deseño (naqueles tempos eran pioneiros) até axudar na montaxe. A apertura do Museo do Pobo Galego tamén permitiu recuperar para goce da cidadanía o edificio de Bonaval, por entón nunha situación de abandono e de non saber que facer con el.

Desde ADRA, revista que Carlos García Martínez ten apoiado decididamente e na que publicou os seus últimos traballos, queremos renderlle homenaxe e agradecerlle o tempo vital que ten dedicado a levantar e prestixiar unha institución cultural, institución que vai máis alá de salas que conteñen obxectos, e deu cumprido fin a unha das arelas que pululaba nos ambientes do mundo intelectual comprometido coa cultura propia de Galicia, cando menos desde as primeiras décadas do século XX.

Quixemos que os seus amigos e a xente máis achegada nas diferentes angueiras nas





que ten participado, especialmente na tarefa de manter abertas as portas do Museo do Pobo Galego, mais tamén da súa andaina como arqueólogo, como persoa comprometida, como cidadán compostelán, trouxeran a estas páxinas esas vivencias comúns para afondar nunha etapa da nosa historia e da historia humana dunha persoa.

As diferentes contribucións que conforman este volume supoñen unha sentida homenaxe a Carlos García Martínez, un recoñecemento do seu labor intelectual e no traballo cotiá á fronte Museo do Pobo Galego ao longo dos corenta anos de vida desta institución.

Temos que dar as grazas a toda a xente que nos facilitou documentación e nos achegou imaxes coas que foi posible cavar esta tenza na memoria de Carlos García Martínez.

Rosa M<sup>a</sup> Méndez García  
Manuel Vilar Álvarez

## Catro décadas de colaboración e amizade

Justo Beramendi

Se tivese que resumir nunha frase o que Carlos significou para min, diría que foi o meu primeiro mestre en galeguismo.

Atendendo unha proposta de César Portela, e logo de gañar o correspondente concurso, cheguei a Santiago de Compostela en setembro de 1974 para facerme cargo da xerencia da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), creado meses antes por segregación do de León, Asturias e Galicia. O meu coñecemento do país e da súa cultura era moi sumario. Reducíase ao pouco que aprendera da miña inmersión na colonia galega de Barcelona, a onde chegáramos miña muller e mais eu en xuño de 1969 fuxindo da Brigada Político Social de Madrid, que por pouco nos colle e nos mete na cadea por moitos anos. En Barcelona, da man do meu cuñado Xosé Manuel Casabella, beneficieime da axuda e da amizade de Basilio Losada, Xavier Costa Clavell, Margarita Ledo e outros, e coñecín a Luís Seoane, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán e o propio César co gallo das súas visitas á cidade. Por esa vía lin os meus primeiros libros galegos e adquirín algunhas nocións do país. Mais non por iso deixaba de ser, cando aterrei aquí, unha sorte de paracaidista en territorio descoñecido pero sobre o que tiña que actuar de inmediato. Así que necesitaba perentoriamente polo menos un bo guía, se non quería entrar como elefante en cacharrería e fracasar estrepitosamente.

### Na Comisión de Cultura do COAG

O primeiro en axudarme foi Luís Mariño, encargado de prensa do COAG. Afortunadamente, o *staff* da Comisión de Cultura estaba por facer. Luis faloume dun tal Carlos, discípulo de Fermín Bouza Brey, licenciado en Dereito pero prehistoriador de vocación, bo coñecedor do mundo cultural do país e que estaba en paro porque esgotara a súa bolsa de investigación. Así que fun velo á vella sede do Padre Sarmiento, entre Fonseca e San



Xerome, do que era bibliotecario (sen soldo). Dada a súa situación aceptou decontado e eu conseguín que a Xunta de Goberno do COAG o contratase a comezos de 1975 como bibliotecario a media xornada (que ao cabo duns meses pasou a xornada completa). O cadro de persoal completouse coa asignación á Comisión de Cultura de María Xosé Fernández Cerviño, que xa traballaba no COAG como secretaria, e coa incorporación en 1976 do arquitecto catalán Salvador Tarragó. Pero os labores de Carlos, “Drácula” para os amigos, fan moi alén da creación e servizo da pequena biblioteca que fomos reunindo no piso da Senra, 9, onde nos instalamos porque non cabiamos na sede central do COAG, daquela nun piso da casa dos Cambón, en Montero Ríos. Amén de introducirme nos círculos do galeguismo e de asesorarme en canto facía falta, Carlos participou en case todas as actividades da comisión, que non foron poucas.

A primeira, moi sonada, foi unha batalla perdida pero que pagou a pena: a loita por salvar o edificio Castromil, obra do arquitecto coruñés Rafael González Villar e unha das mellores mostras do modernismo serodio galego, que ocupaba a metade da actual praza de Galicia en Santiago de Compostela. Tras un primeiro ámago en novembro de 1974, en forma de mesa redonda sobre o edificio no Círculo Mercantil de Santiago, no Pazo de Bendaña, fixemos tres cousas, xa con Carlos no equipo: unha gran exposición sobre *Rafael González Villar e a súa época*, probablemente a primeira en Galicia a base de paneis autoestables e articulables, o que permitía formar recintos adaptables aos diferentes locais, técnica que eu aprendera en Barcelona; un libro colectivo do mesmo título e deseño modernista de Luís Mariño, o primeiro editado polo COAG; e un proxecto alternativo redactado por un grupo de arquitectos, que demostraba que era posible construír o aparcadoiro subterráneo que pretendía o Concello sen necesidade de derrubar o edificio. A exposición, inaugurada o 18 de xuño de 1975 no Círculo Mercantil, percorreu despois as principais cidades de Galicia. Pero todo foi en van. O Concello non cambiou a súa folla de ruta, Galicia perdeu unha obra singular e Santiago de Compostela gañou un novo espazo que algúns santiagueses bautizaron como “a praza da chepa”.

A partir de aquí, as liñas de actuación que Carlos, María Xosé e mais eu desenvolvemos na Comisión de Cultura en colaboración con diferentes arquitectos e baixo a dirección de Rafael Baltar, que a presidía, foron as seguintes:

a) Exposicións e pequenas publicacións conexas para defender e difundir o patrimonio arquitectónico contemporáneo de Galicia, nomeadamente o modernista e o racionalista, que eran os que estaban a sufrir con maior rigor os ataques da especulación urbanística daqueles anos sen freo. Por exemplo, *A Terraza de Sada* en xullo de 1976 ou *Arquitectura Modernista na Coruña* en xuño de 1978.

b) Ciclos de conferencias, acompañados ou non de exposicións, para dar a coñecer en Galicia a obra de primeiras figuras foráneas da arquitectura recente, como o ciclo en homenaxe a Sert, Bonet e Candela de maio de 1975 ou *Aldo Rossi + 21 arquitectos*, de febreiro de 1976.

c) Congresos e encontros, como os cursos *El urbanismo y la Ley del Suelo* (Santiago, abril de 1975) e *Arquitectura y Urbanismo* (Vigo, agosto de 1975, en colaboración coa USC), a mesa *Informática e Arquitectura* (Santiago, febreiro de 1976), o *VIII Seminario de Arquitectura Hospitalaria* (Santiago, abril de 1976) ou as *I Xornadas de Arquitectura Galega* (Poio, xuño 1977). Neste capítulo, o máis importante foi sen dúbida o *I Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela*, dirixido por Aldo Rossi e Salvador Tarragó, no que reunimos durante doce días a un nutrido grupo dos arquitectos máis reputados de España e Europa para que achegasen as súas experiencias e traballasen en propostas



Con motivo da exposición *Aldo Rossi + 21 arquitectos*. De esquerda á dereita: Justo Beramendi, sen identificar, Ventura Cores, Aldo Rossi, CGM, Luís Mariño, César Portela e sen identificar. Santiago de Compostela, febreiro de 1976

de rehabilitación e remodelación das diferentes partes do casco vello de Santiago. Os resultados do congreso publicámoslos despois no libro *Proyecto y ciudad histórica*.

d) Un Boletín que logo se transformaría na revista *Obradoiro*.

e) Unha pequena editorial que, ademais dos títulos xa mencionados e outros, publicou estudos sobre a arquitectura castrexa (Ana Romero), a arquitectura prerrománica en Galicia (Manuel Núñez), Bamiro (Xosé María Lema), o pintor Carlos Maside ou a tradución da obra de J. K. Conant sobre a catedral de Santiago con introdución de Serafín Moralejo.

f) Un arquivo das obras máis relevantes da arquitectura galega actual.

En todas estas actividades participou Carlos en maior ou menor medida. Maior dende logo a partir do verán de 1978, cando eu pasei a facerme cargo da secretaría técnica do COAG e el asumiu a maior parte das funcións que eu viña desempeñando. E cando marchei do COAG na primavera de 1984 camiño da Universidade, a Xunta de Goberno, nomeouno secretario técnico, posto no que estivo até a súa xubilación.

## A creación do Museo do Pobo Galego

Pero o froito maior do noso traballo común na Comisión de Cultura foi algo relativamente alleo ao mundo da arquitectura. No outono de 1975, logo da derrota do Castromil, iniciamos a elaboración dun inventario dos mellores edificios galegos posteriores á Guerra Civil. Con tal fin Rafael Baltar, Carlos e mais eu facíamos de cando en vez o que chamábamos safaris fotográficos por diferentes partes de Galicia. Como xa se publicou en máis dunha ocasión, un día, retornando dun percorrido pola provincia de Pontevedra, paramos a comer no *Chocolate* de Vilaxoán e durante a conversa Carlos falou da

inexistencia dun bo museo etnográfico, vello soño dos galeguistas dende o século XIX, que sempre acabara frustrado malia algúns intentos como o do Seminario de Estudos Galegos. Non sei se axudou a euforia que acompaña sempre a un bo xantar, pero o certo é que saímos de alí conxurados para acabar con esa eiva usando o COAG como panca.

Dito e feito. O 5 de novembro Rafael Baltar, Manolo Gallego, Carlos e mais eu asinamos un escrito á Xunta de Goberno do COAG no que propoñíamos que promovese a creación de tal museo. O 19 de decembro a Xunta de Goberno aprobou a nosa proposta e autorizounos a formar unha comisión para a creación dun padroado. En cumprimento da encomenda contactamos coa maior parte dos galeguistas “históricos” aínda vivos, cos xoves da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Padre Sarmiento á que pertencía Carlos e con canta persoa consideramos debía formar parte do núcleo inicial pola súa traxectoria anterior. Naturalmente, o groso do recrutamento foi obra de Carlos, o único dos tres coas relacións apropiadas. Tamén había que bautizar a criatura. Logo de barallar varios nomes máis ou menos anódinos (como museo etnográfico ou outros similares) ocorréuseme o de Museo do Pobo Galego que, vencida axiña a estrañeza inicial, foi aceptado polos demais. E así ficou.

O 24 de xaneiro de 1976, no Hostal dos Reis Católicos, tivo lugar a primeira reunión preparatoria na que se elixiron tres comisións, a Xestora, a Económica e a de Difusión, que empezaron a traballar nos seus respectivos campos. En particular a Comisión Xestora iniciou os contactos co alcalde, Antonio Castro, e co concelleiro de cultura, Francisco Puy, para sondar a posibilidade da instalación do museo en San Domingos. Tamén lle ofrecemos a presidencia do futuro padroado a D. Ramón Otero Pedrayo, quen nos contestou axiña aceptando, pero morrería antes da súa constitución.

A redacción dos Estatutos foi obra basicamente de Modesto Rodríguez Figueiredo, Carlos e mais eu. Fixemos un organigrama algo barroco, pero que pretendía equilibrar os papeis das diferentes partes do grupo fundacional. Reservamos aos petrucios a lexitimación histórica, o apoio nas relacións institucionais e a representación superior do Padroado a través da súa presidencia, aos “novos” (con maior capacidade de traballo) o seu goberno efectivo mediante a Xunta Reitora e á dirección do museo o que lle correspondía como tal. Tamén deixamos espazo, tanto no Padroado como nos seus órganos de representación e goberno, ás institucións, pero garantindo que os patronos individuais fosen sempre maioría para asegurar a independencia da entidade. Este modelo, sen ser perfecto, cumpriu ben durante todos estes anos os obxectivos para os que foi creado.

Na reunión do 24 de abril, a cousa empezou a tomar forma coa elección do presidente do Padroado (Xaquín Lorenzo), o da Xunta Reitora (Rafael Baltar) comigo de secretario, e o director e o secretario do Museo (Antonio Fraguas e Carlos). Pero a aprobación ministerial do novo ente demorábase. O 21 de maio diriximos unha carta en galego a Manuel Fraga, ministro da Gobernación, preguntando pola tramitación do expediente. Non recordo se tivemos resposta, pero a aprobación chegou e o 31 de xullo de 1976 puido constituírse oficialmente o Padroado no salón de actos do Colexio de Médicos de Santiago. Ratificáronse os cargos elixidos na reunión anterior e puidemos centrarnos no que daquela era o obxectivo principal: conseguir un espazo físico axeitado.

E non foi doado. Malia contar co apoio do concelleiro Francisco Puy, con quen mantivemos frecuentes reunións, a corporación municipal, aínda predemocrática, estaba dividida respecto da cesión de San Domingos. E ás veces a oposición viña de onde menos podíamos esperar. Por fin o pleno municipal de 18 de xaneiro de 1977, ao que asistín dende o público, acordou a cesión pero nuns termos pouco claros. Na asemblea do Pa-



CGM con Rafael Baltar, 1996

dreado celebrada catro días despois no Colexio Médico, o concelleiro Xosé Carro, en teoría amigo noso, intentou desactivar a cesión afirmando que o acordado non fora ceder o edificio senón crear unha comisión municipal que estudase as condicións da cesión. E respecto do que negociáramos con Francisco Puy, dixo que este non representaba ao Concello senón ao alcalde e que non informara o pleno até o último momento. Carlos e mais eu procuramos neutralizar esta ofensiva lembrando que acordáramos con Francisco Puy que non habería interferencias co Museo Municipal e que o propio alcalde nos dixerá que xa podíamos contar co edificio. De todos modos, e en vista da situación, eu propuxen que, por se acaso, fosemos pensando nunha alternativa a San Domingos.

Estas diferenzas transcenderon á opinión pública e empezaron a aparecer na prensa informacións e opinións pouco favorables. En febreiro tivemos que saír ao paso publicando a composición do Padroado para demostrar a súa representatividade, aclarando que só pedíamos unha parte do edificio conventual, polo que nin desprazaríamos o museo municipal nin expulsaríamos o colexio de primaria, que unhas monxas tiñan na ala sur, e desmentindo que fosemos a privar a cidade dun parque público, senón que o acondicionaríamos e o melloraríamos con elementos etnográficos. Por fin, en poucas semanas Antonio Castro e Francisco Puy venceron as resistencias internas, a cesión foi en firme e puidemos empezar a traballar *in situ* nas primeiras salas do museo.

## Compartindo frustracións: o PSG e Seitura

Pero estes non foron os únicos afáns que compartín con Carlos neses anos de hiperactividade. Éramos novos e andábamos sobrados de enerxías e inquedanzas. Carlos era moi galeguista, pero pouco político. Porén, a situación do país, nunha encrucillada decisiva, esixía comprometerse e, ao cabo, Carlos seguiume na aventura de facérmonos

*perxegos*. Eu viña moi escaldado das miñas experiencias marxistas-leninistas en Madrid e Barcelona, pero a vontade de loitar contra a ditadura e as inxustizas sociais seguía moi viva. A mediados de 1975 mantiven varias conversas con Xosé Manuel Beiras nas que me explicou que estaba a impulsar a evolución do Partido Socialista Galego cara á esquerda cun programa asemade nacionalista-federalista e marxista democrático. Convenceume. Así que entrei nun PSG que daquela medraba a bo ritmo e nesa viaxe acompañáronme Carlos, Luís Mariño, Santiago Jiménez e algo despois Mario López Rico, que tamén traballaba no COAG como arquitecto encargado das cuestións de urbanismo.

Pero esa evolución que pretendía Beiras non era un camiño de rosas. Todo fervía nesa primeira fase do que logo acabaría chamándose a Transición. No caso do PSG varias eran as causas que multiplicaban as tensións internas: a dificultade de converter o reformismo morno do piñeirismo antimarxista fundacional, aínda con peso de abondo malia a ruptura de Beiras con Piñeiro, nun esquerdismo rupturista no político e no social; a heteroxeneidade das novas incorporacións que se sucedían rapidamente e que ían dende un socialismo tépedo e autonomista a un marxismo non estalinista, pero si con vocación transformadora, pasando por algúns escindidos da UPG; e as presións externas, tanto por parte dun renacido PSOE, que necesitaba fagocitar a outras formacións do fragmentado e variopinto socialismo español do momento para medrar á velocidade requirida polas circunstancias, como por parte dunha UPG que precisaba un satélite dócil á súa dereita, presións ambas que inducían sectores simpatizantes en direccións contrarias no seo do PSG. Beiras, e quen o apoiábamos, que de momento éramos maioría, intentá-bamos navegar entre tanto escollo mantendo o rumbo trazado. O PSG entrou, xunto coa UPG e o PGSD, na formación do Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG), ao que se sumaron despois o MCG e o diminuto Partido Carlista de Galicia, para articular unha plataforma alternativa á estatal Coordinadora Democrática que mantivese en pé tanto a auténtica ruptura democrática como unha defensa real dos intereses específicos de Galicia como nación. E rexeitou, en contra do criterio dunha parte significativa dos membros da dirección, a oferta de Felipe González de asinar un pacto PSOE-PSG similar ao que chegara co PSC de Raventós, pacto que en teoría parecía moi favorable ao PSG pero que na práctica implicaba a anulación do seu carácter nacionalista e soberano.

Como militante do partido, Carlos, cada vez máis centrado no asunto do Museo, non accedeu a cargos de responsabilidade, pero si cumpriu disciplinadamente ao principio os encargos que se lle encomendaron. Por exemplo, representou nalgunha ocasión ao PSG nas reunións do CFPG. E mantívose sempre fiel á liña encabezada por Beiras. Con todo, a vida do partido fíxose cada vez máis difícil a finais de 1976, tanto polas repercusións da desaparición do CFPG a causa da incompatibilidade dos proxectos da UPG e o PSG, como sobre todo polo feito de que os partidarios do achegamento ao PSOE aproveitaron esa circunstancia para reactivar a disidencia interna. Tanto que o 14 de novembro Carlos, eu, Mario López Rico, Luís Mariño, Manuel Meixide e Santiago Jiménez, dimitimos dos nosos cargos en carta dirixida ao secretario do Comité Executivo, Manolo Caamaño.

Esta dimisión non foi efectiva porque Beiras decatouse de que era preciso actuar contra esa ofensiva interior e necesitaba de todos os seus partidarios. De feito nas semanas seguintes elaboramos con el un proxecto de novos estatutos do partido que, de aprobarse no congreso previsto para xaneiro, impedirían a saída do PSG do campo nacionalista e a súa fusión coa sección galega do PSOE. E así armados chegamos ao I Congreso do PSG, que celebrou as súas primeiras xornadas en Vigo entre os días 7 e 9 de xaneiro.

ro de 1977, presidido por Francisco Fernández del Riego. O enfrontamento entre os pro-PSOE e os demais foi xa a cara descuberta. Beiras estimou máis prudente eludir o choque frontal e, en contra do acordado connosco, cedeu en puntos que ao noso xuízo eran imprescindibles para anular o avance dos disidentes, aínda que iso provocase unha pequena escisión nese momento. Por desgraza, a evolución posterior do PSG daríanos a razón. En todo caso, nese momento Carlos, eu e algúns outros non aceptamos ese cambio de táctica de Beiras e saímos do partido. E aquí acabou a breve historia da militancia política de Carlos. Que eu saiba nunca volveu a estar afiliado a ningunha organización política. Pero non por iso minguou nin un chisco o que poderíamos chamar o seu nacionalismo galego basal.

Por se non abundase con todo isto, aínda tivemos tempo e forzas naquel frenético 1976 para outra aventura, tamén fracasada. Era obvia a carencia dunha revista de pensamento e cultura que abordase a realidade e os problemas do país dende as perspectivas do nacionalismo e da esquerda, papel que dende logo non cumpría *Grial*. Así que lancei a idea. Logo de varios contactos e dalgunhas reunións na biblioteca do Padre Sarmiento, Carlos, Luís Mariño e eu conseguimos articular un grupo suficientemente representativo tanto dos diferentes eidos que queríamos incluír (política, economía, sociedade, literatura, artes, etc.) como das tendencias ideolóxicas entre as que cabía establecer un diálogo produtivo: galeguismo centrista, nacionalismo de esquerdas e esquerda estatal. Tamén acordamos a orientación da publicación, esbozamos a súa estrutura básica e atopámoslle un nome: *Seitura*. E con estes avances, máis 5.000 pesetas per cápita, en marzo de 1976 as 36 persoas involucradas constituímos *Seitura* S.A. na notaría de Alfonso Zulueta, en Marín. Nese grupo había galeguistas de centro (Xosé Manteiga, Xavier Carro), cristiáns renovadores (Xosé Manuel Rodríguez Pampín), nacionalistas de esquerdas (Xan López Facal, Xosé Luís Méndez Ferrín), aíns á esquerda estatal (Xaime

**SEITURA**

*SEITURA* defínese como unha publicación de pensamento crítico. Isto presupón unha necesaria esixencia de rigor e de método no análise da diversa temática que abranguerá o seu **CONTIDO:** Pensamento, Economía, Política, Historia, Antropoloxía, Socioloxía, Arte, Estética, Crítica e creación literaria, e todo canto atingue ó coñecemento das Ciencias Humáns nun senso amplo.

*SEITURA* representa na Cultura galega a novidade de refugar o culturalismo aséptico e de considerarse como un elemento incitador do cambio de estruturas sociais.

*SEITURA* plantéxase como unha publicación nacionalista que nos leva a caviar o mundo dende a realidade galega, e a ésta dende tódolos ángulos da Cultura universal.

*SEITURA* enténdese como unha colección independente dos dogmatismos ideolóxicos e dos partidos políticos que



García Lombadero, María Xosé Rodríguez Galdo) e algún apoio dende a distancia, como Xosé Antonio Gómez Segade, daquela catedrático en Valencia.

Xa tiñamos a base societaria para seguir adiante. E entón empezaron os problemas. En primeiro lugar co Ministerio dun goberno aínda encabezado por Arias Navarro e ao que naturalmente aquilo lle cheiraba moi mal. O pretexto para poñer atrancos foi esixir un director periodista e contratado, cousa que non podíamos permitirnós economicamente. Pero isto, que probablemente se resolvería meses despois co novo goberno de Adolfo Suárez, non foi o peor.

O peor foron dúas causas de división interna. A primeira era previsible, e só a nosa inxenuidade xuvenil fixo que non a tivésemos debidamente en conta dende o principio: naquel ambiente de crispación e intolerancia entre as diferentes opcións, era moi improbable unha cooperación real das diferentes tendencias nacionalistas entre si e do conxunto destas con demócratas españoлисты para consolidar un espazo común de análise e debate. A segunda causa era moi propia da natureza humana e tamén previsible. Como eu fora o impulsor inicial da empresa elixíronme director. Pero naquel grupo había persoas que se consideraban, e con razón, con moitos máis méritos ca min, tanto pola súa obra como polos seus anos de loita polo país. Non o manifestaron abertamente pero foron freo no canto de motor, pese a que eu renunciéi ao cargo axiña, renuncia que non me foi aceptada.

O caso é que, por unhas cousas ou por outras, nos meses seguintes fomos moi poucos os que continuamos traballando para sacar adiante a empresa: Carlos, Luís Mariño, Xosé Manteiga, eu e en menor medida Xavier Carro e Xulio Maside. Até que nos cansamos de perder o tempo, de non avanzar pola falta de colaboración duns e doutros. En novembro presentéi a dimisión irrevogable, Carlos centrouse no museo, nomeouse unha xestora que cada vez xestionou menos e na primavera de 1977 *Seitura* morreu antes de nacer. Descanse en paz.

## Vivir Santiago

Carlos e Luís Mariño eran dous picheleiros de pura cepa, un de Poza de Bar, outro da Calderairía. Eles introducíronme no Santiago daqueles anos, unha cidade en plena transición na que a “modernidade” do Ensanche avanzaba a costa dun casco histórico e uns barrios que aínda conservaban a parte maior da identidade urbana; na que as Mariás, xa moi vellas, saían a pasear por unha rúa do Franco ateigada de estudantes e veciños que, por nada do mundo, renunciarían ás *tazas* do mediodía, mentres unha panoplia de personaxes tanto ou máis extravagantes poñían unha nota de corte dos milagres, hoxe perdida: Bretón, interno no Psiquiátrico de Conxo, que cantaba acompañándose dun instrumento que consistía en rozar unha porta coa punta do seu bastón; un ancián, escoltado sempre pola súa muller, que gañaba uns cartiños co seu acordeón e ás veces, cun sorriso pícaro, nos agasallaba coa Internacional; o Padre Francisco, un crego tolo chegado de Cataluña, que encheu a cidade de pintadas con frases enigmáticas sobre Franco del Carro e outros e pedía a cantidade exacta para comerse unha costeleta na Noiesá; o grupo do Príncipe Galí, estudante disfrazado, asombro de turistas e viandantes coas súas pintorescas actuacións; e tantos outros.

E logo estaba o mundo das tascas tradicionais, que aínda dominaba sen rival a arte do *bebercio* e a sociabilidade popular e no que Carlos era un dos maiores expertos: o Arsenio, o Xustiño, o Estradense, o Buraquiño, o Xa Chegou, o Sal se Podes, etc. E por

suposto, O 42, *mentidero* imprescindible se un quería estar ao día das novidades políticas ao prezo de perforar o estómago con aquel vitriolo que Alfredo vendía como viño do Ribeiro. E os vellos costumes, dos que poucos se lembran xa. Por exemplo, os xoves, co gallo da feira semanal, eran *día de callos*, e Carlos e mais eu facíamos unha escapadiña do traballo para degustar os insuperables que preparaba na rúa Travesa a señora Lola, muller do Xustiño. E como os dous éramos de bo dente, de cando en vez caía un cocido no Victoria, unha mariscada no Alameda ou un xantar moi completo no Don Gaíferos, aberto había pouco e entón punta de lanza da modernidade gastronómica na cidade. E para rematar, a tertulia de sobremesa no Monroy, onde discutíamos do divino e do humano con Fernando Acuña, Xosé Antonio Bartolomé, Ramón Villares, Xosé Antonio Gómez Segade e algún máis até que Carlos, que tiña un cronograma cotián de reloxo suízo, erguíase para estar ás cinco en punto no Museo.

## Facermos un museo

Conseguida finalmente a cesión de San Domingos por parte do Concello empezamos a preparar a instalación sobre o terreo en marzo de 1977 a asentamos alí o Padroado, que o 28 de maio celebrou por primeira vez a súa asemblea no edificio. O que atopamos non foi moi alentador. O estado do edificio era ruinoso de abondo. As cubertas non cubrían pero non importaba moito porque os últimos andares non se usaban máis que para amorrar trastes vellos e entullos. A fachada principal da ala sur estaba desfondada e pedía a berros un novo forxado superior que a endereitase e afirmase, como fixemos despois cando conseguimos os cartos necesarios. As trabes de madeira de claustros e cruxías apodrecían, igual que a carpintería de portas e fiestras. As humidades eran a regra e mesmo había un entrechán tapiado, o do lado oeste, que houbo que liberar.

E se falamos dos usos, aquilo era un *totum revolutum*, unha sorte de caixón de xastre da cidade, onde se metía todo o que non atopaba acomodo noutro lugar: na ala sur, un colexio infantil levado por unhas monxas e o grupo de teatro Ditea; o arquivo histórico municipal malvivía encima da entrada á igrexa; no lado oeste do edificio conventual, os bombeiros ocupaban o baixo e un cativo museo municipal languidecía no primeiro andar; no baixo cuberta do lado este ensaiaba a banda municipal; e nos baixos do lado norte, convivían o depósito de expedientes de embargo dos xulgados cunhas aulas do PPO (Patronato de Promoción Obrera), un invento dos sindicatos franquistas para a formación de traballadores, neste caso albaneis. Por certo, que o responsable, o Sr. Soriano, acolleu o noso proxecto como propio e puxo a traballar aos seus alumnos rehabilitando as partes que lle indicábamos, axuda que foi para nós auga de maio dada a nosa falta de recursos. Toda esta tropa estaba custodiada nada menos que por cinco porteiros municipais e un vixiante nocturno. Tan nutrida dotación era consecuencia de que anos antes pecharan os fielatos e houbera que atoparlle novas ocupacións a un persoal que quedara sen función. En todo caso, iso aforrábanos de momento o grave problema da nosa total falta de cartos para contratar porteiros e vixiantes de sala. E ademais o xefe dos municipais, o Sr. Raposo, entusiasouse co novo museo e foi un dos seus mellores activos até que se xubilou.

Con este panorama, puxemos mans á obra e repartimos tarefas sen máis recursos que o traballo gratuíto do primeiro grupo promotor, a xenerosidade de moitos doadores de pezas e algunhas subvencións puntuais do Ministerio de Cultura, encabezado por Pío Cabanillas dende xullo. Rafael Baltar e o seu socio Xosé Antonio Bartolomé en-



Carlos García Martínez (CGM) con Pío Cabanillas na inauguración do MPG,  
Detrás: Justo Beramendi e Luciano García Alén

cargáronse da consolidación e rehabilitación gradual do edificio e do acondicionamento das partes que íamos ocupando, e nesa función de arquitectos de cámara continuaron até a súa morte. O propio Rafael, Carlos e mais eu levábamos as relacións institucionais na procura de recursos financeiros e a administración de facto do Padroado. D. Antonio Fraguas e Carlos programaban as novas salas e coordinaban un amplo primeiro grupo de colaboradores que recollían por toda Galicia as pezas necesarias ou achegaban coleccións propias: Luciano García Alén, Salvador García Bodaño, Xosé Manuel González Reboredo, María Xosé Fernández Cerviño, Fernando Acuña, Fernando Alonso Romero e, na distancia, o presidente Xaquín Lorenzo, Francisco Calo, Felipe Arias, Francisco Fariña, Xosé Carlos Sierra e outros. E o amigo Gómez Vilasó deseñou un logo que non envelleceu. Co tempo este grupo inicial perdeu transitoriamente algo de cohesión por mor de certos desencontros entre Carlos e algúns dos seus membros sobre



O primeiro Padroado, con algúns dos asistentes á inauguración do MPG no claustro de Bonaval. 1977.

Fila de atrás: L. Monteagudo, X.M. Carreira, M. Fabeiro, F. Alonso Romero, S. García-Bodaño, F. López-Acuña, CGM, Varela Uña, Ramón Piñeiro, Filgueira Valverde, Agustín Portela, Fernández-Albalat.

Fila do medio: Justo Beramendi, Porto Matalobos, Alonso del Real, Xaquín Lorenzo, M<sup>a</sup> X. Fernández Cerviño, A. Fraguas, F. Vales Villamarín, X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, A. Rodríguez Fraiz, Sixto Seco, A. García Alén

Fila de diante (aniñados): González Reboredo, Gallego Jorroto, M. Caamaño Suárez, N. Rielo Carballo, L. García Alén, Felipe Arias, F. Fariña, Is. Díaz Pardo, Vázquez Varela e M. Pereira Figueroa

o modo de levar as cousas. Pero de momento o traballo colectivo funcionaba e fomos quen de montar en poucos meses as tres primeiras salas (olería, cestería e tecidos) que foron inauguradas polo ministro Pío Cabanillas o 29 de outubro de 1977. O Museo xa era unha realidade. Modesta, pero realidade.

A primeira década foi dura. Non tiñamos máis ingresos estables que as pequenas cotas dos patronos e o pouco que daba a venda de entradas, así que non podíamos ter persoal e calquera obra ou ampliación dependía das axudas finalistas do Ministerio de Cultura, que chegaban por contagotas. Até 1986 no puidemos contratar unha administrativa. A cousa mellorou algo coa chegada da Xunta de Galicia, pero non moito porque até os anos noventa non conseguimos unha partida específica nos seus orzamentos en contía suficiente para empezar a ter un cadro de persoal propio, técnicos incluídos. Aínda así fomos avanzando, grazas ao traballo desinteresado de todos nós e moi especialmente de Carlos, que dedicou ao Museo todo o tempo que lle deixaba libre o seu traballo no COAG e foi adquirindo un protagonismo e unha capacidade de decisión cada vez maior dentro do grupo fundacional. En cambio eu, para poder rematar a carreira de Historia mentres traballaba, deixei a Reitora entre xaneiro de 1978 e maio de 1981, aínda que seguíu colaborando, sobre todo no desenvolvemento do organigrama. O 25 de xullo de 1978 inauguramos as salas do Mar e a de Oficios e, pouco a pouco, fomos facendo as demais, rehabilitando todo o edificio, instalando oficinas, bibliotecas e arquivos e completando o cadro de persoal, avances nos que Carlos, sempre secundado por María Xosé, foi o motor central durante catro décadas. Ás veces demasiado central.

Pero non todo eran obras físicas, acumulacións de pezas, libros e documentos e exposición didáctica da cultura popular. Dende o primeiro momento quixemos que, seguindo o espírito do Seminario de Estudos Galegos, o Museo tivese unhas raíces o máis fondas posibles na sociedade á que pretendía servir e un papel activo, aínda que fose modesto pois modestas eran as nosas forzas, no estudo e na procura de solucións dos principais problemas, identitarios ou non, que máis afectaban a ese pobo que lle daba nome. Xa que logo, había que dotalo de órganos que actuasen nese sentido.

Con tal fin, en 1979-1980 e en 1983 reformamos os Estatutos e aprobamos un Regulamento de Réxime Interno que, amén de ampliar a presenza institucional na presidencia do Padroado e na Xunta Reitora para dar entrada á Xunta de Galicia xunto ao Concello de Santiago, reforzaba a dirección creando unha subdirección para Carlos, pasando María Xosé a ocupar a secretaría. E sobre todo contemplaba a creación da figura dos socios para ampliar a nosa base social e a das seccións encargadas de promover investigacións e encontros e de asesorar na montaxe de novas salas ou na reforma das existentes. Como ben sabemos, a idea dos socios e da súa articulación co goberno do Padroado foi un acerto (hoxe temos preto de 2000) e de feito veñen sendo o principal viveiro para a renovación do Padroado e dos seus órganos de goberno.

En cambio, o das seccións resultou menos doado, malia un arranque prometedor. Xa en novembro de 1981 creouse a Sección de Antropoloxía Histórica (eufemismo para designar o que realmente concibíamos como sección de Historia) da que fun elixido “xefe” e na que, ademais de Carlos, participaron activamente, entre outros, Paloma Acuña, Felipe Arias, Xosé Carlos Sierra, Fernando Acuña e Francisco Fariña. Programamos sobre o papel as salas de Prehistoria e Historia Antiga e falamos de facer ciclos de conferencias, congresos e exposicións, concretamente unha sobre peregrinacións, impulsada por Paloma Acuña, da que esta chegou a falar con Javier Tusell, director xeral de Cultura en Madrid, pero finalmente non se fixo. E logo deste impulso inicial a sección

foi esmorecendo até deixar de reunirse en 1983. Morreu o conto. As seccións ficaron no caixón até que volveron con outro nome e outro enfoque máis de dúas décadas despois.

Non así outras actividades na mesma onda como as exposicións de produción propia, as publicacións e os congresos, que se iniciaron neste primeiros anos e continuaron até hoxe a ritmo crecente. O primeiro congreso de certo fuste foi o de *Rexionalismos e nacionalismos na España da Restauración*, organizado en colaboración coa Universidade de Santiago en setembro de 1983 e o primeiro de ámbito estatal que se celebrou en España sobre este tema.

No eido das exposicións, a mellor desta etapa foi sen dúbida *De Rosalía a Castelao: Galicia*, acompañada dun libro-catálogo a cargo de historiadores. Nados dunha proposta que eu, despois de discutila con Carlos e con Ramón Villares, fixera máis dun ano antes á Xunta de Galicia nas persoas de Raquel Casal e Luís Álvarez Pousa, mostra e libro facían un completo percorrido pola historia do galeguismo que ocupaba os catro lados do claustro alto con paneis de gran formato e de contidos e deseño bastante atractivos para as técnicas dispoñibles daquela. Ben financiada pola Xunta de Galicia, traballada dende o ano anterior por un equipo de historiadores, un documentalista, un estudo especializado de Madrid, o fotógrafo Tino Martínez e os deseñadores Pepe Barro e Xosé Díaz, foi inaugurada por Xerardo Fernández Albor o 25 de xullo de 1985 con críticas moi favorables.



Presentación da exposición *De Rosalía a Castelao: Galicia*, 1985. De esquerda a dereita, Iago Seara, Raquel Casal, Justo Beramendi, CGM, Lois Celeiro, sen identificar. Foto: Lalo

Certos desacordos con Carlos sobre o modo de dirixir Museo e Padroado, que non son o momento de describir, leváronme a presentar a miña dimisión como secretario da Reitora e do Padroado en decembro de 1986. Empezou así unha longa etapa, de case catorce anos, na que me mantiven afastado do día a día do Museo, sen perder por iso a miña amizade con Carlos, incluídas saídas semanais dos dous matrimonios e unha viaxe das

dúas familias a Madrid, Segovia e Toledo en marzo de 1989. Pero eu polo museo só aparecía para algunha colaboración puntual, como nos congresos “Lingua e Identidades” e “O Feito Diferencial. A Historia”, e nalgúñas asembleas do Padroado. Por exemplo, na que me opuxen sen éxito a dar a nosa beizón á construción do CGAC a carón noso e a que se nos privase do dereito a opinar sobre o parque de Bonaval.

E así estiven até 1999. A morte de D. Antonio Fraguas e a decisión de Luciano García Alén de non continuar na presidencia da Xunta Reitora esixían atopar senllos relevos en pouco tempo. Un día Fernando Acuña e Xosé Fernández, o tesoureiro, invitáronme a comer a un restaurante de Castrón Douro e propuxéronme substituír a Luciano. Dixen que o pensaría e que, en todo caso, se aceptaba era para que a Reitora deixase de ser un apéndice da dirección do Museo. Aceptada esta condición, na Asemblea do Padroado de 27 de maio de 2000 procedeuse ao triple relevo: Carlos, director do Museo; eu, presidente da Reitora; e na presidencia do Padroado, Isaac Díaz Pardo, o último petrucio operativo que nos quedaba, que acabou aceptando despois de resistirse e de propoñer a Ramón Villares.

Dende o primeiro momento quixen deixar claro, sen acritude pero con firmeza, que o cambio ía ser real. Para empezar esixín un despacho para a Reitora, que por increíble que pareza non o tivera nunca nese enorme edificio. E, despois, reequilibramos en pouco tempo os papeis da dirección do Museo e do goberno do Padroado até axustalos na realidade ao que tiñan en teoría nos Estatutos. A partir de aí, e durante os case dezaioito anos que transcorreron até a morte de Carlos, o 17 de marzo de 2018, a nosa relación respectou as nosas respectivas competencias colaborando lealmente a prol do que realmente importaba: o Museo. Por suposto, non faltaron desencontros menores nin foi posible erradicar totalmente algúns vicios de funcionamento da etapa anterior, demasiado arraigados. Pero en conxunto creo que o labor común deu froitos de abondo, aínda que non conseguísemos resolver todos os problemas maiores, algúns derivados do propio crecemento do Museo nun medio non sempre favorable. Xa que logo, é de xustiza, nestas páxinas dedicadas á memoria de Carlos, enumerar os principais avances desta última etapa porque el foi coautor destacado de case todos, xunto cos restantes responsables do goberno do Padroado e do funcionamento do Museo, neste último caso tanto empregados como voluntarios sen remuneración.

Xa nas dúas primeiras reunións da nova Reitora, en xuño de 2000, fixemos entre todos unha diagnose da situación e elaboramos unha lista das necesidades principais: aumentar e diversificar o financiamento, tanto procedente de entidades públicas como sobre todo do ámbito privado; mellorar a xestión administrativa, a execución orzamentaria e a contabilidade; ampliar e consolidar o cadro de persoal; fomentar o voluntariado para paliar en parte as carencias de persoal contratado; establecer unha interacción real cos socios e incentivar actividades propias; elaborar un plan director; abrir novas salas e remodelar o museo para avanzar no cumprimento do programa inicial; rehabilitación integral do edificio e novos equipamentos (climatización, ascensor); poñer en marcha a Fundación Fraguas; ampliar as relacións institucionais e coidar máis as xa existentes; e cumprir as previsións estatutarias relativas ás seccións, instrumentos para desenvolver dun modo organizado e sostido os labores de investigación e incidencia na sociedade. Era un ambicioso programa, demasiado ambicioso se cadra para as nosas forzas económicas e humanas. Que conseguimos e en que fracasamos? Vexámolo porque é unha parte importante do *curriculum vitae* de Carlos e da miña relación con el.

Ademais de continuar coas exposicións, ora de produción propia (a salientar as da

Gandería de Galicia en 2004, a das Irmandades da Fala en 2016 ou a actual de Eros nas Bibliotecas do Museo), ora allea (destacan a de Cataluña en 2002, Hospitais no Camiño en 2004, Díaz Pardo en 2014), cos congresos (Feito Diferencial, Said Armesto, Irmandades da Fala) e coas publicacións (actas dos congresos, foros, Historia da Gandería, biografía de Antonio Fraguas), compre salientar o seguinte:

a) Reformamos outra volta os Estatutos e o Regulamento para atender mellor novas circunstancias e necesidades, por exemplo, acabar coa bicefalia na presidencia, que xa non tiña sentido. Houbo unha ampliación da presenza institucional no Padroado coa incorporación do Parlamento, o Consello da Cultura Galega e as tres universidades e un insuficiente relevo xeracional nos patronos numerarios. En cambio, foi profunda a renovación do equipo de goberno, que hoxe ten garantida a súa solvencia cando dentro de pouco marchemos os últimos fundadores.

b) Medrou o financiamento e con ela o cadro de persoal propio, malia as súas actuais carencias graves, e a actividade dos departamentos. Certo que despois a crise implicou un gran recorte nas subvencións que só se compensou nunha pequena parte coa venda de entradas, o aumento de socios e as axudas mínimas dalgunhas empresas, pero aínda así estamos moi por riba dos niveis de partida.

c) Púxose en marcha a Fundación Antonio Fraguas, que contribuíu a financiar algunhas salas e vén mantendo, coa axuda primeiro de Caixa Galicia e Caixanova e despois da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Proxecto Didáctico do mesmo nome, actividade que establece un vínculo moi valioso entre o museo e os centros de ensino primario e secundario.

d) Continuaron as melloras no edificio e a ampliación do equipamento e as instalacións, así como das liñas de actuación dos departamentos: instalación do ascensor, rehabilitación dos baixos da ala sur e do baixo cuberta do lado este; montaxe das novas salas de Sociedade Tradicional, Prensa e Imprenta e Oficinas Urbanas; novas bibliotecas (Xeral, Baltar, Beiras García, Álvarez Blázquez, Xan Moreno, Fernando Acuña); constitución dun arquivo documental xa importante con numerosas doazóns de particulares, partidos e fundacións; e consolidación e diversificación das actividades do DEAC, entre as que cómpre salientar as MICE ou os Cafés da Memoria. En cambio non fomos quen de conseguir unha climatización axeitada.

e) Creación da Oficina de Socios e incremento do seu número e actividades.

f) Creación do Instituto de Estudos das Identidades que, se ben está aínda lonxe dunha composición e un funcionamento óptimos, consolidou xa dúas liñas de acción: o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) e os foros bi ou trianuais sobre cuestións de gran interese para a sociedade galega.

g) Consolidación do prestixio e do protagonismo público do Museo. O primeiro traduciuse na continuación do goteo de distincións: premio Bos e Xenerosos da AELG en 2005, Medalla de Ouro de Santiago e Premio Nacional da Cultura Galega en 2008, Medalla de Ouro da Real Academia de Belas Artes e Pedrón de Ouro en 2014, etc. No segundo aspecto mencionemos tres feitos: O primeiro é o encargo ao Museo en 2005 polo presidente Pérez Touriño dun informe sobre que facer coa Cidade da Cultura. O segundo, a comparecencia no Parlamento de Isaac Díaz Pardo e mais eu para que opinásemos, en nome do Padroado, sobre cuestións culturais na prevista reforma, logo fallida, do Estatuto de Autonomía. E o terceiro, a iniciativa nosa para regular o Panteón de Galegos Ilustres e colocalo baixo a tutela do Parlamento que deu lugar, en colaboración co Consello da Cultura e a RAG, á redacción dun ante-

proyecto de lei que lle foi entregado ao Parlamento en 2013 e que, por retesías entre os grupos parlamentarios, segue durmindo o soño dos xustos nalgún caixón.

h) E por último o proxecto de remodelación radical e ampliación do Museo, do que o aspecto máis rechamante é a incorporación (por fin!) das salas de Historia de Galicia na ala sur, proxecto que tiñamos xa redactado na súa primeira versión en 2008 e que a crise meteu no conxelador. Carlos aínda puido ver algún avance nos últimos tempos coa redacción e aprobación do Plan Director, a promesa do presidente Núñez Feijóo de ter listas as novas salas para o Ano Santo de 2021 no acto conmemorativo do XL Aniversario do Museo e a aprobación polo Consorcio de Santiago da correspondente previsión orzamentaria plurianual. Por desgraza Carlos non poderá ver a realidade do novo museo pola que tanto loitou. Se cadra, eu tampouco.

Puidemos facer máis? Sen dúbida. Pero tamén puidemos facer menos, ou nada, sobre todo se non estivera Carlos, a quen lle debemos gran parte do conseguido. Adeus, amigo.



No seu despacho. 2017. Foto: Clodio González





## Naquel tempo ...

María Xosé Fernández Cerviño  
patroa do MPG

Não ensines nada, pois ainda tens tudo que aprender.  
Barão de Teive

Andado o outono de 1974, cando Justo Beramendi organizaba a Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, desígnanme a min para me ocupar das tarefas administrativas do novo departamento. Carlos García Martínez, a sazón bibliotecario do Instituto Padre Sarmiento, ingresa na primavera do 75 co encargo de formar a biblioteca do COAG. A Comisión de Cultura adquire decontado unha entidade propia na corporación colexial e da sede de Montero Ríos pasamos a un piso da rúa da Senra. Naquel tempo, naquel lugar e con aqueles mentores sitúanse os precedentes da miña longa vinculación co Museo do Pobo Galego.

Eran momentos interesantes, nos que se preparaban mudanzas de gran calado na sociedade galega. Desde o COAG, colectivo profesional moi comprometido co cambio político, impulsouse una actividade cultural notable. O primeiro emprendemento foi a exposición e a publicación *R. González Villar e a súa época* (1975), que tiña como obxectivo último e urxente defender o edificio Castromil; obxectivo fanado, posto que o inmoible modernista será derrubado no outono de 1975. Outra exposición relevante foi a que reuniu a obra de Carlos Maside e a edición do catálogo *Maside, un pintor para unha terra* (1979), contribución singular á recuperación do movemento renovador da arte galega. A organización do I Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela, en 1976, foi todo un suceso que convocou o máis selecto dos arquitectos do momento. Tamén é digno de mención un proxecto editorial que produciu títulos tan importantes para a historiografía da materia como a reedición da monografía de Kenneth Conant, *A arquitectura románica da Catedral de Santiago de Compostela* (1983), as dedicadas á arquitectura prerrománica e mais á arquitectura popular, ou o catálogo dos pazos.

Á calor daquela efervescencia da sección cultural incubouse a convocatoria patrocinada pola Xunta de Goberno do COAG para promover a formación dun museo da cultura propia. En xaneiro de 1976 ten lugar no Hostal dos Reis Católicos unha primeira xuntanza, á que responden boa parte dos nomes que naquela altura tiñan un papel a



xogar na loita pola normalización da cultura galega. Convén ter en conta que era un momento crucial no que, recién extinta a ditadura franquista, abríanse fiestras esperanzadoras para un labor colectivo que invocaba o precedente do Seminario de Estudos Galegos. Xunto ás persoas comprometidas, concorren e apoian as institucións do país, que non eran moitas naquela altura, cando a autonomía aínda parecía un futuroble.

O 31 de xullo, unha asemblea constituínte celebrada no Colexio Médico compostelán —o COAG non tiña aínda salón propio— funda o Padroado do Museo do Pobo Galego, baixo a presidencia de don Xaquín Lorenzo Fernández. Don Ramón Otero Pedrayo, que xa aceptara a invitación para asumir o cargo, falecera en abril e, por decisión unánime, o *Xocas* foi o seu sucesor natural. Na mesma sesión noméase director a don Antonio Fraguas e secretario a Carlos García Martínez. Rafael Baltar presidía a Xunta Reitora, con Justo Beramendi como secretario da asociación. Entre outros nomes de nova incorporación, propuxéronme en tal día para ingresar como membro do Padroado. Aí fun obxecto da primeira “graza”: na relación nominativa de membros asígnanme o posto número 15; descarado, era a única muller. Claro que Fernando Acuña, ausente polo momento en Alemaña, tampouco saíu mellor parado, porque lle tocou o infausto número 13.

Os primeiros tempos foron un tanto accidentados. Primeiro, as tensións a favor e en contra do emprazamento en Compostela e, en concreto, no edificio de San Domingos de Bonaval. Non faltaba quen defendía Pontevedra, e don Antonio Fraguas postulaba o edificio de Fonseca, non sen razón, pois fora a sede do Seminario de Estudos Galegos e o museo que don Xaquín Lorenzo dirixira. Pero alí xa estaba o Instituto P. Sarmiento, adscrito ao CSIC, e o espazo tampouco era suficientemente amplo para tan ambicioso proxecto. Bonaval, en cambio, parecía ofrecer espazo dabondo e, deixando á parte as zonas habilitadas en 1963 para acoller o Museo Municipal, que dirixía o propio don Antonio, o interior ameazaba ruína, polo que o Concello ía ver con bos ollos unha iniciativa civil que se comprometía a recadar recursos para a súa rehabilitación. Daquela o antigo convento era unha especie de caixón de xastre onde se mesturaban as salas municipais co depósito dos embargos xudiciais, o arquivo consistorial co local de ensaios da Banda de Música, o parque de bombeiros coas aulas do PPO, o colexio infantil das relixiosas do Divino Maestro co espazo de ensaios do grupo de teatro DITEA.

A peripecia da cesión en uso polo Concello, titular da propiedade desde a desamortización de 1835, tivo tamén as súas alternativas. De primeiras naufragou pola oposición da maioría da corporación; tal actitude provocou que se apease do Padroado algún concelleiro que votou en contra. A segunda tentativa, á que precedera unha recollida de sinaturas entre a cidadanía en prol da nosa pretensión, prosperou ende ben pola postura decidida do alcalde Antonio Castro García, co apoio expreso do concelleiro Francisco Puy Muñoz, que máis adiante había de se incorporar ao Padroado.

Seguiron momentos memorables, como a cea co ministro Pío Cabanillas no restaurante Anexo Vilas, onde recibimos o seu beneplácito e o compromiso de apoiar a formación do Museo. As obras e labores de acondicionamento ían desde o desmonte da rocha viva no ángulo nordeste da planta baixa para facer sitio ás salas de Oficios e do Campo —traballo que dirixiu José María Soriano, mestre industrial do PPO—, ata a limpeza do despacho que compartiamos Carlos e mais eu enriba do habitáculo dos bombeiros, que entretíñan as tardes cociñando e nos inundaban de efluvios culinarios. O carrito dos fondos tamén supoñía un esforzo habitual; o momento máis intenso proporcionouno a inverosímil entrada pola porta principal da traíñeira que aínda ocupa o centro da sala do Mar, antigo refectorio do convento. Todo estaba por facer, e todo se facía con vontade e

axudas varias, unhas incondicionais, outras algo máis interesadas.

Ao tempo, intensificábanse os contactos persoais para captar os primeiros socios. Cada membro do Padroado tiña un “*cupo*”, unha cota de cen, pero Carlos foi dos poucos que o cumpriu de longo. A nómina dos recrutados por el dá boa conta da súa capacidade de relacionarse socialmente en ámbitos moi diferentes, e da persuasión que sabía aplicar en cada círculo para vir sempre cun novo boletín de inscrición asinado no peto. O fotógrafo José Manuel Gómez Vilasó deseñou o logrado imagotipo, síntese do campo e o mar, e os soportes gráficos que serviron para lanzar a campaña de procura de apoios institucionais.



Nos comezos do Museo: L. García Alén, CGM, R.Villares, M<sup>a</sup> Xosé Fernández, J. A. Bartolomé, X. A. Gómez Segade e A. Rodríguez Fraíz

As primeiras salas de oficios -cestería, tecido e olería- inauguráronse, como é notorio, o 29 de outubro de 1977. Neste capítulo tivo un papel moi activo Luciano García Alén quen, non contentándose con achegar unha boa parte da colección que formara coa súa dona, María García Ayaso, moveu os seus contactos para conseguir os elementos necesarios, como o obradoiro de Xosé Chao, o cacharreiro de Mondoñedo, que se instalou reproducindo fielmente a disposición orixinal no lugar que aínda hoxe ocupa. O encargado de abrir as portas era o funcionario municipal Xesús Raposo, á fronte dun equipo de media ducia de servidores públicos destinados naquel recinto e que, co tempo, se foron sucedendo e mingando ata desaparecer coa xubilación de Manuel Pérez Brocos en 2008.

Memorias especialmente gratas asóciase ás xornadas de traballo de campo. Con Salvador García-Bodaño, Fernando Acuña ou Xosé Ramón Fandiño como choferes, andamos Galicia arriba e abaixo na procura dun cesteiro, dun oleiro, dun zapateiro, dunha

tecelá... Nas viaxes e, sobre todo, nas “paradas técnicas” moito gozabamos da riqueza e variedade do país e da paisanaxe. O espírito do Seminario de Estudos Galegos abrollaba a cada paso e así, como sen pretendelo, Carlos ía deitando mansamente un fio de sabedoría que alimentaba de forma constante a través das múltiples lecturas e do retorno sistemático ás fontes do coñecemento. A súa erudición no ámbito das ciencias humanas era enciclopédica, e tiña un engado especial para compartila cos colaboradores noveis como se tal cousa, sen disertar nin aleccionar, senón apuntando aquí unha referencia bibliográfica, inserindo alá un relato, citando noutro lugar unha xeira do vello Seminario.



Con Fernando Acuña na entrega da *Medalla dos 25 anos* a Teresa Soeiro. 2004

Os traballos e os días daban para moito. A nosa situación laboral no Colexio de Arquitectos deixábanos libres as tardes para llas dedicar ao Museo, non sen antes recalar no Monroy para compartir un café con Esperanza Delgado, con José Antonio Bartolomé, con García-Bodaño...

De secretario do Museo, Carlos pasou a ser subdirector primeiro, con funcións de director efectivo, sucedéndoo eu na secretaría, ata que asume o cargo en 1999 ao falecer don Antonio. Pero non importa cal fose o posto que ocupara, el sempre foi, en verdade, o piloto que con man aparentemente lene, pero firme, gobernou a nosa nave.

Pouco a pouco foise configurando un equipo profesional. Primeiro incorpórase Xulia Vázquez á administración, e logo vaise nutrindo o cadro de persoal técnico: a Rosa Méndez tocoulle en sorte a biblioteca e o arquivo, e a Belén Sáenz-Chas a conservación das coleccións; logo chegou Manuel Vilas para encargarse do mantemento. David Conde comparte comigo o servizo de exposicións, e Ana Estévez puxo en marcha o Departamento de Educación e Acción Cultural, no que agora conta coa axuda de Carme Campo. Gonzalo Guillín coordina o equipo que atende o servizo de recepción. Espero

que se me escuse por omitir o enunciado prolixo da lista das persoas, traballadoras ou voluntarias, que levan colaborado co Museo ao longo dos seus corenta anos de vida, pois sempre acabaría por incorrer nalgũa omisión; entre elas habería que contar non poucos mozos que fixeron a prestación social substitutoria da milicia, as persoas titulares de bolsas e un número considerable de alumnado en prácticas académicas de diferentes especialidades. Baste dicir que en todas esas persoas infundiú Carlos un estigma indeleble: o amor polo país e a súa cultura.



Co persoal do MPG na entrega do premio Traslaba. 1999

Non é este tampouco o lugar para debullar polo miúdo a executoria que deixan catro décadas baixo a súa dirección, pero non está de máis dar noticia dalgúns chanzos que foron marcando a cadencia do paso dunha asociación neonata a unha institución consolidada, recoñecida desde 1993 por decreto da Xunta de Galicia como centro de referencia para os museos de historia e de antropoloxía.

Ás primeiras salas de oficios sumáronse en 1978 a sala do mar e a de zoqueiros e latoeiros. En 1979 inaugurouse unha embrionaria sala do traxe, e en 1980 outra dedicada ao transporte. Ao tempo, ábrese a planta baixa dedicada aos oficios de pedreiros e canteiros, mineiros, carboeiros, ferreiros e ferradores, carpinteiros, telleiros, zapateiros, albardeiros, afiadores e paraugueiros, e mais a sala do campo. En 1985 a sala do traxe recibe a súa configuración definitiva. En 1987 será a de hábitat e arquitectura popular. En 1990 novos espazos dedícanse aos oficios urbanos ou suntuarios: prateiros, picheiros, acibecheiros e eborarios. En 1994 correspóndelle a vez á sala de música. En 1995 dedicáronse dúas salas a exhibir a modesta colección de pintura. En 2005 inaugúrase a sala denominada A Sociedade: Memoria e Tradición. A última, en 2008,



foi a intitulada De impresores e encadernadores. Da prensa e a imprenta, situada na ala sur, a onde se trasladan tamén os oficios suntuarios. No entanto, vanse sucedendo intervencións de rehabilitación do conxunto conventual e a remodelación e actualización das salas, baixo a dirección proxectiva dos arquitectos Rafael Baltar, José Antonio Bartolomé e Carlos Almuíña.

De par desta actividade de exposición permanente medra o catálogo de mostras temporais, que supera as catrocentas —a media anda polas dez mostras anuais—. Algunhas supuxeron fitos memorables: *De Rosalía a Castelao: Galicia* (1985), *Galicia, nas orixes dunha cultura* (1992); *Entroido* (1994); *Vivir no Atlántico Norte* (2000); *A gandería, tesouro de Galicia* (2004); *Domingos de Andrade. Excelencia do barroco* (2012)...



Na inauguración da exposición *Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989): Vida e obra*. 2004

O capítulo científico e de investigación foi unha das constantes preocupacións de Carlos. Así, fóronse organizando desde 1979 coloquios e congresos, algúns dos cales deixaron contribucións estimables ao coñecemento da nosa cultura en forma de actas: a antropoloxía e a etnografía, o nacionalismo, a lingua e, mormente, un ámbito predilecto de traballo, a arqueoloxía e a prehistoria do Noroeste, contando en ocasións con eminentes especialistas internacionais, como Julian Pitt-Rivers, Marvin Harris, James W. Fernandez, Jürgen Untermann ou Hartmut Galsterer. Neste eido de actividade merecen mención especial os Encontros sobre o Feito Diferencial Galego que, partindo dunha idea de Gerardo Pereira Menaut, acompañarían o cambio de milenio baixo o epígrafe “Galicia fai dous mil anos”; arrancan en 1996 coa *Historia*, e continúan coa *Música* (1997), a *Antropoloxía* (1998), a *Xeografía* (2000) e o *Dereito* (2004).

A Biblioteca e o Arquivo son un sustento fundamental para este labor. Ao fondo propio do Museo fóronse sumando importantes legados de membros do Padroado: don Xaquín Lorenzo, don Xesús Taboada Chivite, don Antonio Fraguas, don Antonio Rodríguez Fraiz, e os doutras relevantes figuras da cultura galega, como algunhas coleccións hemerográficas de don Vicente Risco e don Fermín Bouza Brey, ou as bibliotecas de don Manuel Beiras García, don Xosé María Álvarez Blázquez ou a extraordinaria colección Baltar, reunida por tres xeracións da distinguida familia compostelá.

Cómpre mencionar aínda o servizo de publicacións, con dúas series divulgativas que, ata o de agora, tiveron irregular continuidade e cun catálogo notable de monografías. E non só no campo do patrimonio moble, bibliográfico e arquivístico se proxecta a actividade do Museo: o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade é unha sección con entidade propia. Nacido en 2007 a partir da colección de gravacións cedida por Xosé Luís Rivas, Mini, e Baldomero Iglesias, Mero, recollida directamente por eles mesmos ao longo de tres décadas, foise enriquecendo con contribucións tan destacadas como a colección Schubarth-Santamarina, froito do traballo de campo, investigación e edición realizado na década de 1970 pola etnomusicóloga suíza Dorothe Schubarth e o filólogo Antón Santamarina.



CGM e Antón Santamarina na entrega dos fondos de Dorothe Schubarth

Neste itinerario nunca perdemos de vista a misión de crear *un museo de identidade, un lugar da memoria, co cometido de conserva-la, pero tamén de transmitir-la*. Son palabras de Carlos, para quen perseverar neste propósito resultou decisivo para acadar non só un lugar decoroso no mundo da cultura, senón tamén, ou sobre todo, o recoñecemento das xentes de todos os sectores que, coas súas achegas e contribucións, fixeron posible a construción do Museo. Especial satisfacción lle producía o feito de que os máis diversos artífices se interesasen por que os seus artefactos e ferramentas puidesen integrarse no



discurso museográfico. E non menor era a compracencia polos premios que recibiu a institución, máis dunha vintena, entre eles o Premio da Crítica Galicia 1978 de iniciativas culturais, a Medalla de ouro ao Mérito cultural 2007 de Santiago de Compostela, ou o Premio Nacional da Cultura Galega 2008.

En paralelo coa dirección de todo este labor e das moitas actividades ordinarias que, por razóns obvias, quedan sen referir, Carlos García Martínez foi un dos protagonistas da creación do Consello Galego de Museos. En 1981 organízase no MPG un Coloquio de Museos Galegos, entre cuxas conclusións formulábase o propósito de constituír unha plataforma estable que posibilitase a “coordinación e colaboración entre as institucións museísticas galegas, e que tería como función primordial a de procurar solucións para a problemática xeral plantexada”. Será en 1983 cando se formalice a creación do Consello Galego de Museos, que adquire estatuto legal como asociación en 1990. Carlos, co recoñecemento do colectivo, foi o seu presidente ata os últimos días e, polo mesmo, o representante dos museos no Consello da Cultura Galega.

Tamén se comprometeu na refundación do Seminario de Estudos Galegos en 1980, empeño que, xunto co Museo, pecharía o círculo da recuperación daquela benemérita institución truncada dramaticamente pola guerra e que sempre estaba no horizonte dos seus pensamentos. Pese aos esforzos patrocinados por Isaac Díaz Pardo, a meritória empresa non acadou a mesma vixencia.

Cómpre dicir, con todo, que Carlos non tivo, porque non o quixo cultivar, o papel mediático que correspondía ao seu cargo e que o seu traballo merecía. Como en todas as esferas da súa vida, procuraba manter a reserva persoal. Proba disto é a “foto de familia” da inauguración do Museo, no xa citado 29 de outubro de 1977, na que o seu rostro non se ve, só se pode adiviñar no segundo plano o que sobresaie por detrás da miña cabeza.

En 2004 tivo a primeira volta seria de saúde e soubemos daquela canto valía a súa presenza. Felizmente recuperouse e volveu ser o de sempre, pero nos últimos tempos, como a súa doenza o limitaba bastante, fíxose máis aguda a súa preocupación polo futuro do Museo. E aí foi onde tivemos algunha discrepancia, sen prexuízo da inquebrantable confianza. Carlos adoitaba evocar a necesaria lealdade aos *vellos* que, ao seu ver, xa non se advertía entre as xentes das novas xeracións. Claro, dicíalle eu, porque non os coñeceron, dáte conta de que, agora, “os vellos” somos nós, e correspóndenos transmitir o testemuño.

Así e todo, o labor continuou sen esmorecer e en 2007 estaba de novo a pleno rendemento para celebrarmos o trixésimo aniversario do Museo cunha mostra titulada *Barrío de San Pedro, Porta do Camiño* que, sen abdicar da dimensión galega da institución, a presentaba como parte integrada plenamente no seu contorno urbano e social. Daquela emprendeuse un novo desafío: redactar, no contexto do plan director do conxunto monumental de Bonaval, un novo plan museolóxico e o correspondente proxecto de ampliación e renovación da museografía.

O pasado ano 2017 estivo cheo de satisfaccións. O 40 aniversario do Museo foi, desde todos os puntos de vista, un éxito. Non é que se chegara a culminar todo o programa previsto para a celebración; quedaron no tinteiro, ou no disco duro, a publicación da memoria das catro décadas, a nova representación do romance de Xoán Tuórum, e a grande exposición conmemorativa que Carlos houbera querido, transformada nunha divertida semana de actos variados que foron deixando nas dependencias de Bonaval mostras materiais que nos acompañaron ata a fin do ano. Entre medias, as sesións do programa “Teño unha peza”, sempre concorridas por un público diverso e interesado,

ou as dúas estupendas Sesións da Memoria, que reuniron un nutrido grupo de persoas que desde diferentes sectores tiñan participado nalgunha medida no desenvolvemento do Museo, e que deixaron rexistrados os seus testemuños propios e intransferibles. E un logro da maior importancia: o compromiso efectivo das administracións para dar o impulso definitivo ao plan director de Bonaval e ao renovado plan museolóxico. Nese empeño estamos a traballar nestes momentos en que aínda andamos a procesar o dó.

Xa nos últimos invernos, cando se acentuaban as limitacións do mal pulmonar que padecía, Carlos non acougaba sen pasar polo Museo aínda que fose unha hora. Abondábanos con saber que estaba aí, tras esa porta que desde o 17 de marzo pasado algúns aínda non nos animamos a franquear. Cando se quere conmemorar o pasamento dun ser importante, que deixa un baleiro irreparable, pensamos nunha porta entreaberta a través da cal é posible axexar e mesmo manter unha conversa. Un destes días teremos que nos decidir a abrir esa porta, onde permanece o eco da súa presenza inspiradora, para tratar de restablecer o diálogo...

Carlos fixo bo, demasiado cedo para o noso mal, aquel dito de que do Museo do Pobo Galego só se sae cos pés por diante. A perda moi próxima dos seus grandes amigos, Gerardo Pereira e Fernando Acuña, precipitou, sen dúbida, a súa desaparición. Deixou o Museo nun fondo desvalemento e diante dun grave compromiso, que el mesmo enunciara en decembro de 2012, no acto no que recibiu a insinia de ouro do MPG:

"prioritario asegurar o seu financiamento; inaprazable levar a cabo a reforma do Museo, materializando o proxecto arquitectónico, museolóxico e museográfico integral, xa redactado; conveniente manter con rigor e seriedade a identidade institucional do MPG, e indispensable, posto que os anos non limitan a vida dunha institución, pero si a dos individuos, a renovación xeracional".

Levabamos tempo, en efecto, preguntándonos quen han ser os chamados a tomar o relevo das nosas mans. Quen o fagan partirán dunhas bases diferentes ás que sustentaron o arranque e o labor feito ata aquí, porque as circunstancias e o propio país mudaron. O capital efectivo que constitúe o Museo do Pobo Galego é un patrimonio colectivo que ten que ser xestionado dun modo axeitado aos tempos que corren, responder á demanda social de cultura cun cadro profesional suficiente e con criterios orientados a incrementar os recursos propios para manter a independencia que sempre informou o espírito da nosa asociación. O compromiso de realizar de aquí a 2021 a transformación física e a renovación conceptual da museoloxía e a museografía resulta transcendental. O desafío estriba en facelo con fidelidade aos principios herdados de amor á terra e xenerosidade que ata aquí intentamos, de forma responsable e leal, plasmar na traxectoria do MPG.



## Lembranzas dos primeiros pasos como etnógrafo e arqueólogo, xunto a Carlos e demais compañeiros de inquedanzas (Anos 1966-1969)

Xosé Manuel González Reboredo

Rosa Méndez, a activa arquivista-bibliotecaria do Museo do Pobo Galego, e tamén unha dedicada responsable desta revista ADRA, pedíume que escribise sobre as orixes de Carlos García Martínez como arqueólogo, e promotor da cultura galega en xeral, a finais dos anos sesenta do século XX. Eu indíqueille ao respecto que xa contara iso para o conxunto dos discípulos de Fermín Bouza-Brey no ano 2001, con motivo dunhas xornadas organizadas, e logo editadas, pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia<sup>1</sup>, polo que resultaría axeitado reproducilo en vez de facer un texto novo. Pero ela, despois de lelo, pensou que mellor era resumir a segunda parte, dedicada monograficamente a Don Fermín, e tamén revisar a primeira. Púxenme a este labor e, como o lector poderá comprobar, respecteí varias ideas, e mesmo parágrafos, da primeira parte do escrito aludido, pero tamén incorporei outros novos datos, opinións miñas e referencias bibliográficas que reflicten os primeiros pasos dun grupo de mozos interesados pola nosa identidade galega e os seus antecedentes no pasado remoto. Advirto, por outra parte, que hai algunhas coincidencias desta nova visión co comezo da contribución de Francisco Calo e Felipe Arias —os dous tamén colegas de Carlos anos despois— incluída neste mesmo número de ADRA, mais entendo que en conxunto ambas achegas poden ser valoradas como complementarias porque aludo a cousas que eles non abordan, e tamén porque a maior parte do seu escrito vai moito máis alá das limitacións cronolóxicas ás que eu me cinxín.

1 X. M. GONZÁLEZ REBOREDO (2001): "A persoa e a obra de Bouza-Brey vista por un discípulo". *Xornadas sobre Fermín Bouza-Brey. Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Ponteareas, os días 15 e 16 de marzo de 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, páx. 167 e ss.





No ano 1966 Carlos García Martínez e mais eu, entón mozos universitarios en Compostela —el na Facultade de Dereito, eu na de Filosofía e Letras (Sección de Historia)—, fomos presentados por Alberto Blas Martín, compañeiro meu de habitación nunha pensión e de Carlos na Facultade. Os dous principiámos así unha relación baseada na nosa querenza polo coñecemento do pasado de Galicia. Axiña sumóusenos outro compañeiro meu, Fernando Acuña Castroviejo, e un pequeno grupo formado por Branca Caamaño, Xerardo Pereira Menaut ou Xosé Manuel Vázquez Varela, estes dous últimos, igual que Fernando, futuros catedráticos da Universidade Compostelá.

Movidos máis pola ilusión que polo coñecemento sólido, tivemos a ousadía de iniciar unhas catas arqueolóxicas nun pequeno conxunto de *medorras*, en principio de época megalítica, situadas no alto do Montouto, case nos lindeiros do concello de Teo co de Santiago de Compostela, lugar que daquela carecía das abondosas construcións que hoxe enchen ese espazo. Faltos de medios, pero ilusionados por esta primeira aventura, cada fin de semana subíamos no autobús urbano ata o Castiñeiríño e logo continuábamos a pé ata o citado monte, armados cunhas poucas ferramentas e cos característicos bocadillos de viaxeiro para a hora do xantar. Escasos foron os resultados desta empresa, reducidos a un feixiño de anacos de cerámica lisa e bastante atípica, como cativos eran tamén os nosos saberes sobre arqueoloxía galega, un asunto do que a penas se falaba na Universidade Compostelá daqueles tempos<sup>2</sup>.

Como é lóxico, o noso primeiro esforzo dirixiuse a buscar información dunha persoa que fose especialista na materia, polo que encamiñamos os nosos pasos cara ó profesor Alonso del Real, un relevante catedrático de Prehistoria e Etnografía que nos daba clases a todos, agás Carlos. Mais este profesor, home de moi variada formación, con indis-

cutible simpatía por Galicia e a súa cultura, e dunha indubidable intelixencia, non tiña unha mentalidade metódica; creo, máis ben, que podería ser definido, do mesmo xeito que dixo Émile Faguet de Voltaire, como “un caos de ideas claras”. Acolleunos con agrado, e mesmo co tempo chegou a ser orientador meu nos anos seguintes ó remate da carreira, pero non resultaba persoa axeitada para desenvolver un labor sistemático e continuado no campo da formación de novos investigadores.



González Reboredo e CGM diante de San Domingos de Bonaval

2 Tempo despois, xa en contacto con Don Fermín Bouza-Brey, este noso mestre díxonos a Carlos, Fernando e a min que fixéramos un escrito sobre os resultados do noso labor no Montouto, o cal foi para os tres un bautismo como redactores de textos arqueolóxicos, aínda que de pouco valor; dada a xa dita pobreza dos materiais que conseguíramos e a nosa pouca formación de principiantes. A referencia é: J. M. GONZÁLEZ REBOREDO/ M. C. GARCÍA MARTÍNEZ /F. ACUÑA CASTROVIEJO (1968): “Las mámoas del Montouto”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXIII, páx. 5 e ss.



Nesta situación, xa no ano 1967, aparece nas nosas vidas a figura de Fermín Bouza-Brey. Grazas a un sobriño de Don Fermín, compañeiro na Facultade de Dereito de Carlos, establecemos un primeiro contacto con el, e dende ese primeiro momento puidemos comprobar que nos acollía cun entusiasmo e unha cordialidade propia dun home bo e xeneroso, facendo honor ó vello ideal do *Seminario de Estudos Galegos* (SEG) de recibir a calquera que quixera traballar con amor para un mellor coñecemento de Galicia. Coa finalidade de organizar de maneira sistemática a nosa formación, introduciunos no *Instituto de Estudos Galegos "P. Sarmiento"* do CSIC, institución á que estaba adscrito dende a súa fundación nos anos corenta. O Instituto era unha continuación deturpada do citado SEG, mais inevitable dado o contexto político e científico da España da época. Alí constituíuse, con Don Fermín como xefe, unha Sección de Prospeccións Prehistóricas, Arqueolóxicas e Etnográficas, da que formamos parte, inicialmente, Carlos, Fernando e eu, aos que se sumou, dende os primeiros momentos, Xosé Carro Otero, un mozo xa profesor da Facultade de Medicina, que estaba a especializarse en Antropoloxía Física e tiña bos coñecementos de Historia e Arqueoloxía por ser sobriño doutro preclaro membro do Seminario e logo do Instituto, D. Xesús Carro García. De maneira máis ou menos asidua, tamén participarán, con posterioridade, algúns do *grupo do Montouto* antes citados<sup>3</sup>, e outros de nova incorporación, como Pedro Luaces, Basilio Deibe e mesmo, en certas circunstancias, a esposa de Xosé Carro, María Luísa.

Dende o comezo Bouza-Brey impúxonos, e impúxose, unha disciplina de traballo encamiñada a formarnos como investigadores de Galicia, con dúas facianas complementarias. Unha delas eran as reunións periódicas no Instituto, nas que debatíamos temas, recibiamos orientacións bibliográficas e doutro tipo ou deseñábamos xeiras de traballo de campo. É preciso salientar que aprendemos nestas xuntanzas moitas cousas sobre a arqueoloxía de Galicia e do noroeste en xeral, mais tamén



CGM nunha reportaxe de *El Progreso de Lugo* (4-12-1972) sobre as escavacións de Buriz, feitas algo despois do tratado neste texto

soubemos da existencia do xa citado SEG. e os seus métodos de traballo, así como de publicacións memorables desta institución, entre elas *Os Oestrímnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza, Terra de Melide*, ou, xa de tempos posteriores, *La civilización céltica en Galicia*, de Florentino López Cuevillas, a quen Bouza admiraba e co que colaborara moi activamente en obras como *Os Oestrímnios...* Por outra parte, tamén tivemos ocasión

3 Non foi este o caso, por exemplo, de Xerardo Pereira Menaut porque decidiu continuar a licenciatura na Universidade de Valencia, pasando por iso a residir na cidade do Turia e a vincularse alí a liñas de investigación sobre asuntos como a Epigraffía latina ou a Historia Antiga. Non obstante, e segundo antes indiquei, acabará retornando a Santiago como catedrático anos despois destes nosos primeiros pasos como arqueólogos.

de coñecer, ademais de membros do Instituto de Estudos Galegos – Antonio Fraguas, Felipe Cordero Carrete, Xesús Carro, Xosé Filgueira Valverde...– a profesores e investigadores de fóra, como o portugués Joaquim Rodríguez dos Santos Júnior, da Universidade do Porto, moi vello amigo de Don Fermín, a Luís Diego Cuscoy, un destacado etnólogo canario, ou a Cesare Giulio Borgna, un investigador italiano dos petróglifos de Europa, co que colaborou moi intensamente Carlos. Aínda que citar á altura de 2018 estas obras e persoeiros pode resultar reiterativo, con todo pareceume oportuno facelo porque, nos anos 50 ou 60 do século XX, se podía obter un título de Licenciado en Historia sen coñecer publicacións como estas e sen saber nada, ou case nada, dos seus autores e dos investigadores mencionados.

Con todo, estes encontros non eran só académicos, senón que tiñan unha dimensión de convivencia fraternal, moi dentro do vello estilo do SEG, unindo así a ciencia coa amizade e o lecer. Por iso, despois de rematada a xuntanza no IEG, en varias ocasións adoitábamos, con Don Fermín á fronte, acudir a unha típica tasca compostelá situada na rúa da Troia, o *Entreportas*, onde gozábamos dun prato de polbo á feira regado con viño do Ribeiro servido, como manda a tradición, en cuncas. Tamén estes eran momentos de seguir aprendendo, aínda que de maneira máis relaxada, pois neles podía saír un comentario de Bouza sobre Rosalía de Castro, ou unha anécdota sobre Cuevillas, ou o hábito de Risco de usar, cando falaba coloquialmente, a forma interxectiva *coño!* de maneira reiterada.

Xunto coa aprendizaxe académica, a segunda tarefa fundamental que nos impuxo, e se impuxo, Don Fermín, foi o traballo de campo, dimensión esta que tamén estaba na liña do establecido e practicado polo SEG. Dado que os recursos eran nulos e as posibilidades de gastar cartos dos nosos petos en longos desprazamentos impensables, o noso mestre optou, con sentido práctico, por cinxírmonos a realizar a carta arqueolóxica da contorna de Santiago de Compostela. En consecuencia fixemos, entre 1967 e 1968, varias veces coa súa presenza e dirección, diversas visitas a xacementos castrexos, en menor medida restos doutros períodos da nosa pre- e proto-historia. Lembro nidiamente que a primeira xornada de campo estivo orientada a catalogar o *castro de Texexe*, na parroquia de San Xoán de Calo, concello de Teo, desprazándonos ata os seus arredores nun automóbil da empresa *Autobuses de Calo*, pois naqueles tempos nin Don Fermín nin nós, nin os mais dos mortais galegos, dispoñíamos de vehículo propio. Nesta ocasión tomei o meu inicial contacto directo coa tradición oral, pois se me encomendou que falara cunha labrega para preguntarlle se coñecía algunha “historia” (lenda) sobre o castro citado, respondéndome ela coa ben coñecida crenza de que dende o castro se ve “bailar o sol na mañá de San Xoán”. Mentres tanto, Carlos e Fernando encargáronse, dirixidos por Bouza-Brey, de medir a croa do castro e tomar notas das súas características. Tivemos así a oportunidade, por primeira vez, de catalogar un castro seguindo as vellas normas do SEG. Mais a xornada deparounos outras leccións prácticas de Bouza-Brey, tal a que nos deu diante dun cruceiro, indicando a súa iconografía e realizando a lectura do texto inscrito, ou aqueloutras orientacións sobre arquivos parroquiais porque aproveitou esta estada en Calo para consultar algúns datos documentais na parroquia.

A *xornada de Calo, ou de Texexe*, foi como unha acta fundacional dun equipo de traballo cun mentor á fronte, e foi así mesmo unha especie de ritual a partir do que xa non puídemos abandonar o vínculo coa cultura e a identidade de Galicia, sen por iso renunciar ás interpretacións, e valoracións, persoais, que estes referentes tiveron en cada un de nós no futuro. O propio Bouza-Brey plasmou poeticamente este sentimento de compromiso

nunha sentida composición cando se cumpriu, no outono de 1968, o primeiro ano do equipo formado arredor del no Instituto de Estudos Galegos, posta baixo o título de «Ós mozos arqueólogos de Galiza en Compostela» e coa dedicatoria seguinte: *Pra Fernando Acuña Castroviejo, Xosé Carro Otero, Carlos García Martínez e Xosé Manuel González Reboredo, no 1º aniversario da Seición*. Penso que algunhas das estrofas deste emotivo poema resumen ben o espírito que el trataba de fomentar en nós:

“Voltarán os machados a ter gumes  
e solimán as frechas voadoras;  
ás donas encantadas,  
de aparencia de cobras  
cun caravel nos beizos,  
bicaremos nas bocas,  
e, cos tesouros que nos den, teremos  
pan para os probes, tella para as chouzas,  
para os fortes, traballo,  
e para os nenos escolas  
onde adeprendan que os galegos somos  
escolleitos por Deus e pola Historia.  
Cada un de vós, xigantes máis que aqueles  
que encantaron as donas  
botaredes rolando abismo abaixo  
penedos de falsía e de vergoña  
e ergueredes nos fachos a Galiza  
por raiña e señora”<sup>4</sup>.

Á xornada de Texexe seguiron outras, como a que Don Fermín dirixiu para catalogar o castro de A Lavacolla, con desprazamento nesta ocasión na *Empresa Freire*, concesionaria, daquela coma hoxe, dos servizos de viaxeiros entre Santiago e Lugo. Ou a que, por indicación súa, nos levou a localizar o petróglifo do Rio de Angueira, en terras de Luou (Teo). Por outra parte, o tema foi asumido por Fernando Acuña para a súa Tese de Licenciatura, dirixida polo profesor Alberto Balil, chegado á Universidade de Santiago en 1968 e verdadeiro impulsor dos estudos de Arqueoloxía Clásica en Galicia. Nesta cuestión lembro con simpatía o feito de acompañar a Fernando, os dous en bicicleta, a catalogar o castro de Formariz, na parroquia de San Cristovo de Enfesta. Como resultado destas prospeccións saíu adiante con éxito a Tese de Licenciatura de Fernando, mais tamén unha publicación cinxida ó municipio de Compostela, a *Carta prehistórica del término municipal de Santiago*, na que aparecemos como coautores Fermín Bouza-Brey Trillo, Xosé Ignacio Carro Otero, Fernando Acuña Castroviejo, Carlos García Martínez, Xosé Manuel González Reboredo, Pedro Luaces González-Rosón, Basilio Deibe Brañas, María Luísa Varela de Carro e Xosé Manuel Vázquez Varela<sup>5</sup>.

Porén, non foi só esa publicación onde se reflectiron as investigacións nos arredores

4 F. BOUZA-BREY (1998): *Obra literaria completa*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, páx. 194-195.

5 VV. AA: “Carta prehistórica del término municipal de Santiago de Compostela”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXV, páx. 255 e ss.



de Compostela. Así, Carlos publicou con anterioridade á carta prehistórica de Santiago unhas insculturas da parroquia de San Xoán de Fecha<sup>6</sup>, Fernando Acuña escribiu sobre o xa citado petróglifo do Río da Angueira<sup>7</sup>, e Carlos, Fernando e eu demos a coñecer un torque de ouro achado casualmente en San Lorenzo de Pastor (O Pino), xunto con datos sobre o castro onde apareceu, o cal visitamos con Xosé Carro Otero e a súa esposa usando como medio de locomoción o Renault 4-L propiedade de Carro, para nós un auténtico luxo, estreitezas no asento posterior á parte<sup>8</sup>.



Co xa dito non se esgota o labor de Carlos e demais seguidores de Don Fermín nestes anos, pois no mes de xullo de 1968, cos estudos de licenciatura acabados de rematar, levamos a cabo unha para nós importante incursión nas terras lucenses do Incio. A campaña naceu en Santiago por desexo de Don Fermín, aínda que animado decisivamente por Carlos, facendo xestións con médicos composteláns —entre eles Luciano García Alén, comprometido anos despois na creación e posta en marcha do Museo do Pobo Galego— para conseguir uns mínimos fondos cos que levar adiante a empresa. Nela parti-



CGM na campaña do Incio. 1968

ciparon tamén un grupiño de mozos estudantes, pois a intención, quizais demasiado ambiciosa, era realizar un proxecto non só histórico, senón tamén económico, xeográfico e antropolóxico da comarca do Incio. Ou sexa, seguir unha vez máis o ronsel deixado polo SEG de facer investigacións integrais das comarcas de Galicia. Todos os seguidores iniciais de Bouza-Brey estivemos na campaña, aínda que no meu caso incorporeime algo tarde por causa de leve enfermidade, e o mesmo sucedeu con Carro e a súa esposa por razón das súas obrigas na Facultade de Medicina. En canto a outros membros posteriores da Sección do IEG, é de obriga mencionar a activa participación de Pedro Luaces González-Rosón. Sinto non lembrar os nomes de moitos dos rapaces máis novos que nos acompañaban, pero poden estar ben representados por Xosé María Rodríguez «Loquis», mozo daquela de 17 anos e despois un moi destacado debuxante e deseñador, ou Xosé María Rodríguez e Xosé Cruces, estes últimos axudantes temporais de Fernando Acuña.

6 C. GARCÍA MARTÍNEZ (1968): "A Pedra que Fala", con piletas y petróglifos". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXIII, páx. 255 e ss.

7 F. ACUÑA CASTROVIEJO (1969): "El petróglifo del Monte do Río de Angueira (Luou-Teo)". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXIV, páx. 23 e ss.

8 F. ACUÑA CASTROVIEJO / M. C. GARCÍA MARTÍNEZ / X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: "El Castro de San Lorenzo de Pastor y su nuevo torque áureo". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXIII, 1968. páx. 129 e ss.

As xornadas do Incio foron para todos nós unha nova experiencia de traballo de campo —durmiendo en tenda de campaña incluída, ou na sancristía da igrexa parroquial por xentileza do cura párroco—. Non puidemos contar coa presenza do mestre, malia estar moi ilusionado con esta actividade porque o Incio é unha das zonas da Galicia oriental con covas, lugares propicios para achados dos afastados tempos do Paleolítico. Dende o punto de vista das vivencias que bulían na miña mente, destaco en primeiro lugar que, cando cheguei uns días máis tarde, puiden comprobar como, a falta de Bouza-Brey, Carlos xa se convertera nun líder para toda a xente moza —aínda que con algunha que outra queixa habitual, que axiña chegou aos meus oídos—, mentres Fernando vivía con disciplina o feito de dedicar case todas as xornadas a escavar os restos dunha necrópole no lugar chamado *Modorro de San Pedro*, con descansos periódicos aproveitados para subir a unha cerdeira e catar as encarnadas cereixas que a decoraban. Pedro Luaces, pola súa parte, facía percorridos recollendo, por exemplo, romances ou algún canto de arada, e Xosé Carro, nos días que estivo, dedicouse prioritariamente a facer numerosas probas para determinar os grupos sanguíneos da xente da zona, dentro dunha investigación que nesa altura estaba a levar a cabo.

Carlos e mais eu adoitábamos ir xuntos nos percorridos —sempre a pé, por suposto—, acompañados ás veces polo citado «*Loquis*» e algún outro mociño. Desta maneira visitamos castros como o de Santa Cristina do Viso, catalogamos petróglifos e exploramos os arredores dalgunha cova grande, pois non tínhamos medios nin adestramento para chegar ó seu interior, e mesmo entramos nunha moi pequena, na que Carlos, moi teimudo nas súas ideas, se empeñou en facer unhas pequenas catas, sen resultado. Mais, sen dúbida, o resto prehistórico máis completo que visitamos no Incio, eu primeiro e logo os dous, foi o conxunto de mámoas de época megalítica do *Monte de Santa Mariña*. Limitámonos, por falta de tempo, a tomar notas sobre o seu número, características e estado de conservación, quedando a escavación para unha posterior ocasión, que nunca chegou, aínda que anos despois foron investigadas a fondo polo profesor Antón Abel Rodríguez Casal. Como dato adicional direi que tamén organizamos unha charla sobre Galicia na Cruz do Incio, á que asistiron diversos veciños, membros da Garda Civil incluídos, pois as autoridades locais, ou provinciais, do réxime vixente necesitaban contar con persoal que os puidese informar, en caso necesario, sobre o que se falaba ou dicía.

Limitados polo tempo, os medios e a nosa formación, os materiais recollidos no Incio quedaron incompletos. Non obstante a experiencia tivo unha consecuencia serodia no caso de Carlos, e moito máis achegada a 1968 tanto nel como noutros membros do equipo. No referido ó máis recente, hai que dicir que el tiña o propósito de redactar, nos últimos anos, un escrito sobre as vellas vivencias do Incio, tarefa que seguramente quedou sen rematar a causa do seu falecemento. Non me é posible falar sobre os contidos que tiña pensado incluír no texto, pois era moi hermético para as súas cousas. E tampouco son coñecedor das disposicións que deixou establecidas ao respecto. Con todo, atrévome a desexar que, nun futuro indeterminado, mais non excesivamente longo, se revise o caótico outeiro de papeis que enchen a súa mesa de despacho no MPG, e os arquivos do seu ordenador, coa esperanza de atopar algo arredor deste tema, e tamén doutros varios. Ou, así mesmo, para saber, coa debida prudencia e respecto cara á súa viúva Dolores, *Loli* familiarmente, e os seus fillos, se na súa casa se gardan apuntamentos, fotografías ou debuxos de materiais desta campaña, e doutras levadas a cabo a comezos da década de 1970 en xacementos de época megalítica en Asados (Rianxo), Lousada (Xermade) e San Pedro do Buriz (Guitiriz-Lugo).

Feita a anterior manifestación dun desexo, dou conta a seguir de aspectos concretos do Incio que si foron divulgados en datas achegadas ao verán de 1968. Así, Carlos escribiu sobre petróglifos do Incio e unha escultura descuberta na campaña de 1968 en Óutara (A Pobra do Brollón), que el considerou de época galaico-romana, aínda que unha valoración posterior de Francisco Calo Lourido deixou clara a necesidade de desbotar esta cronoloxía a causa da falta de contexto arqueolóxico e a indefinición estilística da peza<sup>9</sup>. O mesmo Carlos e Fernando Acuña deron noticia dos restos atopados no *Modorro de San Pedro*, consistentes en anacos de cerámica datables en época galaico-romana e especialmente ósos, polo que incluíron no seu artigo un informe de Xosé Carro Otero<sup>10</sup>. Eu, pola miña parte, escribín sobre o petróglifo do *Agro de Pepe da Ferrería*, situado preto da igrexa de San Mamede de Vilasouto, catalogado inicialmente por Carlos e por min. Confeso que naquel momento tomei a atrevida opción, compartida en principio por Carlos, de defender a cronoloxía pre-romana dos gravados de tipo ferradura e cruciformes, sen tomar en merecida consideración as indicacións *a contrario sensu* de Xesús Ferro Couselo. En data máis serodia saú, así mesmo, un artigo meu na revista *Grial* sobre folclore dos castros do Incio<sup>11</sup>, e tamén elaborei o apartado de Prehistoria e Arqueoloxía na entrada «Incio» da *Gran Enciclopedia Gallega* de Silverio Cañada.

Remato xa co Incio lembrando, como curiosidade singular, a existencia, quizais entre os papeis de Carlos, dun escrito inédito que fixemos os dous sobre arqueoloxía da zona para presentalo ó Premio «Federico Maciñeira» correspondente a 1971. Este premio levouno con todo o mérito o médico e prehistoriador Xosé María Ramil Soneira, e o noso traballo quedou de finalista, aínda que, todo hai que dicilo, só se presentaran estas dúas investigacións ó concurso.



Vai xa sendo hora de pechar estas lembranzas sobre o comezo das actividades investigadoras de Carlos e os que fomos compañeiros seus de inxerencias. Pero non quero deixar de lado outra empresa súa hoxe case totalmente esquecida, malia cumprir no seu momento unha función destacada. En efecto, el non desexaba que o seu esforzo quedase reducido a un círculo de especialistas nun tema concreto, senón que a variada riqueza da identidade histórica, cultural e social de Galicia fose o máis manifesta posible para o gran público. E esta arela tivo unha primeira oportunidade de realizarse xa no remate do período considerado neste texto, cando o xornal *El Correo Gallego* asumiu a publicación dunhas páxinas dedicadas a temas diversos da nosa terra. A responsabilidade de establecer os contidos e elixir colaboradores dependeu do poeta Salvador García-Bodaño, quen se relacionaba con Carlos e o incitou a que se sumase á empresa, cousa que fixo animosamente, comprometendo a moitos de nós, e tamén a

9 M. C. GARCÍA MARTÍNEZ (1970): "Gravuras rupestres do Incio". *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXX, páx. 294 e ss.

IDEM (1969): "Unha escultura galaica bifronte". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXIV, páx. 14 e ss.

F. CALO LOURIDO (1994): *A Plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza. Páx. 703 e ss.

10 F. ACUÑA CASTROVIEJO / M. C. GARCÍA MARTÍNEZ. (1968): "O modorro de San Pedro (Incio,Lugo)". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXIII, páx. 270 e ss.

11 J.M. GONZÁLEZ REBOREDO (1969): "Estación de arte rupestre de Incio". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXIV, páx. 7 e ss.

-- IDEM (1971): "Folklore dos castros do Incio", *Grial*, nº 31, páx. 31 e ss.

persoas de procedencia diversa, para colaborar con debuxos, escritos e outras encomendas. Naceron así as páxinas especiais tituladas *Letras Galegas*, que viron a luz cada semana entre 1969 e 1970, sempre en lingua galega, cousa pouco habitual na época.

Non é este lugar para facer unha análise polo miúdo dos seus contidos, labor á espera de ser asumido por alguén. Pero indicarei que nestas páxinas participaron debuxantes como *Dourado*, pseudónimo de Carlos Varela Veiga, ou, en menor medida, Enrique Ortiz, e se divulgaron composicións de poetas como X. L. Franco Grande ou A. López Casanova. En canto a colaboradores con artigos, a listaxe total sería longa, e por iso citarei, a título de mostra, ós propios Carlos García Martínez e Salvador García-Bodaño, Fermín Bouza-Brey, Darío e Fernando Acuña Castroviejo, Ramón Otero Pedrayo, Xesús Alonso Montero, Carlos Alonso del Real, Xosé Manuel Vázquez Varela, Marisa Canto Reboredo, Paloma Fontañá, Purificación Gil, Pedro Luaces, Basilio Deibe, Xabier Castro, etc. etc. Por outra parte, tamén se publicaba en cada entrega un apartado de refráns e outro de cantigas populares.



Cando Don Fermín tomou contacto con nós contaba xa con máis de sesenta e cinco anos. E non obstante era notable a súa ilusión polo traballo e o seu esforzo por lograr que fosemos constantes na nosa dedicación a Galicia. Para el nós supuxemos unha posibilidade de reiniciar os principios programáticos e as vellas xeiras do SEG, anulado como institución con motivo da triste Guerra Civil. Por iso o Bouza-Brey de 1967 parecía recuperar os azos de antes de 1936, ano no que comezou para el un exilio interior coa catástrofe sufrida polo ideal galeguista que profesaba. No medio da escuridade dos tempos que lle tocou vivir, a nosa presenza equivaleu, seguramente, a unha luciña de esperanza para erguer a Galicia por “raíña e señora”, segundo di o último dos versos antes citados. Non son quen de valorar se estivemos á altura do que don Fermín desexaba. Pero dou testemuño de que Carlos se esforzou, á súa maneira, en aplicar a lección do mestre, unha lección que asumimos naqueles anos de xuventude, cando, a xeito dos mosqueteiros imaxinados por Alexandre Dumas, soñábase inxenuamente coa utopía de ser sempre todos para un e un para todos.



Nun acto en Santiago de Compostela. Na primeira fila: Octavio Samartín, Manuel Espiña, o profesor portugués Santos Júnior xunto á súa muller. Na segunda fila, F. Bouza Brey, CGM, F. Acuña, A. Martínez Puñal, X.M. González Reboredo, X. Morente Torres. Foto: Alfonso, 1968



## Carlos García Martínez e o Instituto ‘Padre Sarmiento’: transmitindo paixón e facendo país

Felipe Arias Vilas  
Francisco Calo Lourido

No ano 1967, un grupo de mozos do último curso universitario entrou en contacto con don Fermín Bouza Brey, maxistrado, poeta, historiador, etnógrafo e arqueólogo, que levaba a cabo as súas investigacións no marco do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos (IPSEG). Este polígrafo, cofundador, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos (SEG), entregouse axiña á formación e promoción daqueles mozos aos que franqueou a porta da Institución. Un ano antes, o estudante de Dereito Carlos García Martínez (en diante CGM) e o de Filosofía e Letras (Historia) Xosé Manuel González Reboredo (en diante XMGR) compartían unha querenza especial sobre o coñecemento do pasado de Galicia. Por medio do segundo, uniuse ao grupo Fernando Acuña Castroviejo (en diante FAC) compañeiro seu de curso, e os tres, aos que se engadiron Blanca Caamaño, Xerardo Pereira Menaut ou José Manuel Vázquez Varela, iniciaron unhas escavacións irregulares de fin de semana nuns túmulos do Montouto (Teo). Outro compañeiro de curso, neste caso de CGM, e sobriño de don Fermín Bouza Brey (en diante FBB), presentoulle o tío a CGM, XMGR e FAC, quen os acolleu no IPSEG, santuario no que se refuxiaran os que sobreviviron a traumática desfeita do Seminario de Estudos Galegos.

Este grupiño de seiva nova conformará, baixo a dirección de don Fermín, a Sección de Prospeccións Prehistóricas, Arqueolóxicas e Etnográficas, sumándose a ela José Carro Otero, profesor novo de medicina e sobriño de don Xesús Carro García, outro ilustre membro do Instituto. Posteriormente, engadiríase José Manuel Vázquez Varela e, xa en 1971, un dos asinantes deste artigo (FAV), non ingresando o outro (FCL) ata o día 1 de xaneiro de 1976, cando comezou a traballar no seo da devandita Sección cunha bolsa de formación de persoal investigador do CSIC. As anteriores foron as datas dos nosos respectivos ingresos naquela Sección á que CGM e os citados compañeiros estaban a dar un pulo modernizador. Mais o noso coñecemento e trato con el iniciouse entre finais dos anos 60 e comezos dos 70, no caso de FAV por medio de FAC, e no de FCL a raíz



dunha clase sobre megalitismo que CGM pronunciou na facultade de Filosofía e Letras invitado por don Carlos Alonso del Real.

Fermín Bouza Brey non só introduciu a CGM e compañeiros da primeira fornada no coñecemento e estudo da arqueoloxía galega, senón que, en 1972, conseguiu facelos – agás a Carro Otero, que xa era- membros correspondentes da Real Academia Galega, magnífico acicate para uns mozos que andaban a principiar o seu traballo profesional e investigador; mais, tamén e sobre todo, fixoos militantes no amor e na entrega a Galicia, e así acabarían por asumir, eles e algúns outros dos que fomos ingresando na Sección, o papel de enlaces transmisores do espírito e do traballo dos homes do SEG e dunha parte do grupo Nós, dos que aprendemos no trato cotián e cos que compartimos tarefas e mesmo ilusións, a xeracións case coetáneas e posteriores. O IPSEG tentou recoller, conservar e transmitir toda aquela herdanza galeguista, cando menos ata onde fose posible, considerando a súa dependencia orgánica e económica do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) central e, como se comprobou ao cabo do tempo, centralista.

CGM, rematada a carreira en 1968, decidiu que non ía exercer a profesión de xurista en ningunha das súas variantes. Dicía que el non dedicaría uns anos da súa vida a memorizar artigos con vistas a optar a notaría ou rexistros, que non quería acusar a ninguén, nin xulgalo, nin defendelo, sabendo que, en certos casos, ía ter dúbidas razoables de se debería facer o contrario. Decidiu, xa que logo, traballar nese mundo novo da prehistoria que viña de descubrir, e para iso conseguiu unha bolsa do CSIC, o que lle permitiu estar diariamente no IEGPS, en contacto con FBB, con Cordero Carrete, sempre metido naquel despacho fronte ás escadas de acceso, con don Antonio Fraguas, custodiando a biblioteca no tempo que lle deixaba a súa cátedra de Xeografía e Historia no instituto Rosalía de Castro, coas visitas frecuentes de don Xosé Filgueira Valverde e, por non seguir co relatorio, coa presenza case diaria de don Ramón Martínez López, de regreso dos EEUU. O contacto cotián ou frecuente con tanto persoeiro do galeguismo fixoo,

a diferenza dos seus compañeiros, que procuraron vida e traballo nos museos, na universidade ou nos institutos de ensino medio, asumir un papel que poderíamos chamar de “gardían das esencias”. Sufriu isto FCL cando, en 1975, se achegou ao IPSEG para solicitar un escrito de aceptación como bolseiro do CSIC e foi sometido a un terceiro grao por parte de Martínez López, daquela sen cargo oficial ningún no centro, e de CGM, quen xa comezara a traballar no Colexio de Arquitectos de Galicia



Xuntanza da Sección de Arqueoloxía do IPSEG en Melide. Sentados: Raquel Casal e Fernando Acuña; detrás CGM, Xosé Broz (Museo Terra de Melide), Felipe Senén, Francisco Calo, X.C. Sierra, Felipe Arias, Rafael Mejuto e colaboradores do Museo Terra de Melide



(COAG) xunto con Xusto Beramendi. Pretendían eles verificar a pureza ideolóxica do solicitante, pois naquel IPSEG non ingresaba calquera.

Cando aqueles mozos entraron a formar parte do IPSEG ignoraban practicamente todo sobre prehistoria e arqueoloxía e, con ilusión e entrega de principiantes e baixo o maxisterio de FBB, van peteirar en todas as etapas e manifestacións da nosa arqueoloxía. Fano amais cun interese compulsivo, produto dunha formación entusiasta e acelerada, como está a indicar o número de artigos sobre culturas e cronoloxías distintas e distantes que publican nos primeiros anos. Xa en 1968, CGM se estrea con cinco artigos, catro deles en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, delatándose aí a influencia do seu mestre e protector no IPSEG. Un deses traballos, o único que asina en solitario, vai ser sobre un petróglifo, iniciándose con el nese mundo das insculturas rupestres ao que dedicará unha boa parte dos seus esforzos investigadores. Xunto con XMGR e FAC publicará sobre o megalitismo no Montouto (Teo), así como sobre o castro de San Lorenzo de Pastor e un torques áureo. Con Vázquez Varela fará outro artigo sobre a necrópole de Adro Vello, en San Vicente do Grove, xacemento no que posteriormente traballará, con bos resultados, Carro Otero. Seguindo o camiño trazado polo SEG, coas súas “xeiras de bisbarra”, pretenden facer o estudo completo dunha comarca, desprazándose ata O Incio, o que deixou en CGM tal pegada que morreu traballando nun longo libro, obviamente inconcluso e inédito, sobre aquel territorio do sueste de Lugo, mais xa naquel primeiro ano de publicacións, asinou con FAC un artigo sobre O Modorro de San Pedro e, ao ano seguinte, deu a coñecer unha escultura que el considerou galaico bifronte. A inexperiencia, xunto coa paixón, levouno a ver nunha labra recente de Óutara un Xano galaico-romano. FCL, na súa tese de doutoramento, desbotouna da plástica castrexa, sen deixar de recoñecer o bo aparato teórico empregado no artigo.

A prospección que se fixo no Incio foi intensa, mais, naqueles primeiros anos, estes pioneiros da nova Sección aínda tiveron tempo para realizar escavacións, codirixidas por CGM, FBB e XMGR na necrópole megalítica de San Pedro de Buriz e de facer outra prospección na Terra de Montes, onde, anos despois, lembrando aquela estadia e mantendo a relación coa comarca, sobre todo polo trato intenso de CGM, FAC e FCL con don Antonio Rodríguez Fraiz, natural de Santa Mariña de Tomonde (Cerdedo) e abade de Campañó, celebramos máis dunha xuntanza, dunha comida de confraternidade e mesmo trasnoitamos na romaría da tan sonada “Carballeira de San Xusto, carballeira derramada”. Dedicará CGM moi ben tempo ao estudo dos petróglifos do veciño concello de Campo Lameiro, onde coincidiu e traballou con Cesare Giulio Borgna e Raffaele Fontanini nos anos 69, 70 e 71, publicando, amais duns traballos individuais, un asinado conxuntamente con este último italiano sobre o complexo inscultórico de Paredes.

O peso científico que tiña daquela o IPSEG, así como o recoñecemento e as relacións exteriores de FBB, puxeron a CGM en contacto con moitos investigadores foráneos, traballando con Estyn Evans da Queen’s University de Belfast, así como con Elizabeth A. Shee do University College de Cork con quen publicou un traballo sobre decoracións murais megalíticas. As relacións cos arqueólogos portugueses, existentes desde os tempos de Leite de Vasconcelos e Federico Maciñeira, López Cuevillas e Rui de Serpa Pintos, Lorenzo Fernández e Santos Junior, por citar só uns nomes, manteranse con Bouza, quen pon en contacto a estes mozos investigadores con Carlos Alberto Ferreira de Almeida e o seu incipiente equipo, forxándose así unha relación de amizade e traballo que chega ata hoxe.

Continúan as investigacións e as publicacións conxuntas, como as feitas con FBB e



Carro Otero sobre uns túmulos dolménicos de San Andrés de Lousada (Lugo), a asinada con FFB e Xosé Martínez sobre campaniforme ou a feita sobre o enxoval da cista de Atios (Porriño) con FAC e Xosé María Álvarez Blázquez, etc.

Como o que nós estamos a tratar non é sobre a bibliografía de CGM, senón sobre o seu papel na Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do IPSEG, rematamos este apartado reiterando unicamente que os seus principais intereses investigadores se centraron no mundo das insculturas rupestres, no megalitismo e na organización social da cultura castrexa. Podemos engadir, insistindo na importancia que Bouza Brey tivo na súa formación, a querenza de CGM por escribir biobibliografías, algo posiblemente herdado do mestre, quen, como lemos no espazo a el dedicado na *Gran Enciclopedia Gallega*, “De gran importancia son sus estudios biobibliográficos sobre autores gallegos del siglo XIX...”. Asinan este apartado Carmen García e Lydia Fontoira, continuando o artigo para se encargar dos aspectos científicos o propio CGM. Resulta interesante resaltar que unha das cousas nas que alí fai fincapé é no labor de FBB de formación dos investigadores novos e engade: “En esta labor de formación puse de relieve su acendrado galleguismo y su entrega total a Galicia”. Foi posiblemente a influencia de FFB quen levou a CGM a escribir sobre Taboada Chivite, o seguinte director da Sección, sobre Xaquín Lourenzo, Antonio Fraguas, Xurxo Lourenzo, Filgueira Valverde, Rodríguez Fraiz ou o seu amigo de xuventude o pintor X. M. Tomé, por non continuar coas introducións de libros, como o caso de *La Aldea Gallega* do xuíz andaluz Nicolás Tenorio, etc. E foi sen dúbida FBB quen depositou nel e noutros compañeiros, como dixemos ao primeiro, a semente do galeguismo, ampliada logo a nacionalismo e a entrega total a Galicia, como vimos de ler.

No verán de 1976 dirixía FAC, xunto con Manuel Caamaño Gesto as escavacións do castro do Neixón. Participaba nelas tamén FCL. Con CGM na sede do IPSEG e FAV no Museo Provincial de Lugo, do que era director-conservador, contactamos con todos os investigadores que, naquela altura, traballaban en diferentes institucións ou por libre no eido da arqueoloxía, e celebramos unha xuntanza na Casa Pachín de Taragoña, onde nos hospedabamos os escavadores. Alí concordamos todos en que era preciso unificar os esforzos dispersos, o que se materializaría noutra xuntanza no ano seguinte, na que se aceptou a entrada na Sección de todos os convocados a aquela reunión. En datas posteriores, ata os inicios dos anos 90, seguiu medrando este grupo coa incorporación de novos membros de número, así como de colaboradores.

Deste xeito, foise conformando un equipo que contaba co pulo e coa vixilancia continua de CGM para que non se perdesse o seu sentido galego, galeguista e mesmo nacionalista, pero ó mesmo tempo tratando de integrar tamén a persoas doutras ideas ou sensibilidades distintas, sempre cun respecto que CGM aprendeu dos “vellos” patrucios da cultura galega arriba citados. Aínda que outros membros mantiñamos unha ideoloxía e unha práctica semellante, podemos dicir que CGM foi desde os inicios o “espírito”, e bastante máis ca iso, da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía. Preocupouse sempre de conservar viva a veneración por FBB, polo mestre, así como de preservar o amor respectuoso por todos os devanceiros, polos que non chegou a tratar por razóns de idade, caso de Risco ou López Cuevillas, e polos que tivo, e tivemos, a sorte de coñecer e frecuentar o seu trato e as súas ensinanzas: don Antonio Fraguas Fraguas, don Xaquín Lourenzo Fernández, don Ramón Martínez López, don Xesús Taboada Chivite, don Xosé Filgueira Valverde... Temos conversado moito sobre isto, e o propio CGM mantiña que somos a última xeración dedicada a investigar sobre a antigüidade da nosa nación que



Xuntanza da Sección de Arqueoloxía do IPSEG en Ourense. De esquerda a dereita e de arriba abaixo: Felipe Senén, X. C.Sierra, CGM, A. Rodríguez Casal, Francisco Calo, Caamaño Gesto, Paloma Acuña, Felipe Arias, Ana Romero Masía, Rodríguez Gracia, A. de la Peña, Fernando Acuña, Costa Iglesias e Rivas Fernández

respectaba e agradecía sempre o traballo de todos os predecesores que, amais de facer ciencia, practicarón e nos inculcaron o que eles chamaban “sentimento da terra”, o que os actuais antropólogos chamarían “*nation building*”.

Morreu Bouza Brey en xuño de 1973. No terceiro cabodano, CGM leou aos seus compañeiros iniciais FAC e XMGR, así como a FCL, unido a eles diariamente desde os inicios dese ano 1976, para nos desprazar ao castro de Texexe (San Xoán de Calo-Teo). Tiña aquel xacemento para CGM, XMGR e FAC unha grande carga simbólica por ter sido nel onde se conformara dun xeito especial o grupo arredor do mestre. Témosllo escoitado aos tres compañeiros e mesmo XMGR, nun fermoso artigo publicado en 2001 pola Xunta de Galicia, froito dunha xornada sobre FBB, chamou á primeira visita que fixeron ao castro a “xornada de Calo, ou de Texexe” e considerouna como “unha acta fundacional dun equipo de traballo cun mentor ó fronte, e foi así mesmo unha especie de ritual iniciático a partir do que moitos de nós xa non poderíamos arrenegar do pasado e da cultura de Galicia”. Ao ano seguinte foi cando FBB lles compuxo e dedicou o fermosísimo poema “Aos mozos arqueólogos de Galiza en Compostela”. Fomos a Texexe, dedicáronlle eles a FBB unhas verbas, leuse o devandito poema e os catro cantamos o himno galego, talvez escandalizando a alguén que sempre hai e olla desde o medio das fragas de Galicia. Dectivémonos no vello cruceiro, onde FBB lles falara e baixamos a comer ao “Reina Lupa”, onde tiñamos mesa reservada para cinco, admirando e confundindo ao camareiro por non lle permitir retirar os cubertos do quinto comensal que, segundo el, non viña, mais que nós insistiamos en que estaba presente.

FBB, seguindo o mesmo esquema de funcionamento do SEG, encomendou a aqueles mozos entusiastas que todos eles traballasen en todos os campos, pero que CGM se dedicase

con particular dedicación á prehistoria, FAC ao castrexo e romano, Carro Otero, como médico, á antropoloxía física, e XMGR á etnografía, na que se estreou precisamente neste castro de Texexe, entrevistando a unha señora sobre o folclore do xacemento.

Desde o pasamento de don Fermín Bouza Brey, en xuño de 1973, fíxose cargo da dirección da Sección don Xesús Taboada Chivite ata o seu falecemento o 27 de novembro de 1976. Na primeira xuntanza celebrada pola Sección, en 1977, foi elixido para dirixila, *nemine discrepante*, FAV. Aceptou este o cargo a condición de ser tan só un *primus inter pares*, pois era un grupo que funcionaba e funcionou sempre de xeito absolutamente democrático. Ao outro dos asinantes (FCL) desta homenaxe afectuosa ao compañeiro e amigo Carlos, cumpríulle durante algún tempo desempeñar as ingratas funcións de secretario.

A partir deste momento decae o número de publicacións de CGM, chegando a haber algúns anos seguidos de barbeito total e sendo mesmo os traballos dos últimos anos de temáticas moi diferentes ás iniciais. Outro tanto poderíamos dicir dos traballos de campo, onde, a partir de aí, pouco máis fixo que, en 1980, a escavación da Cova da Moura, un dolmen en Argalo, despois de que a concelleira de cultura de Noia contactase con FCL, daquela dirixindo as escavacións do castro de Baroña (Porto do Son), e que este a puxese en contacto con el, por ter máis coñecementos de campo no mundo dos megálitos. Nunha das visitas que FCL lle fixo mentres dirixía a escavación estaba esperanzado, porque, despois de rematar cunhas estériles violacións, o terreo semellaba virxe, ata que aflorou unha botella de Coca Cola cun papeliño dentro que dicía algo así como “Ata aquí cheguei eu e non hai nada. Se seguides para baixo sodes imbéciles”. Esta é a idea, xa que a nota, se se conserva, non a volvemos ver dende xa van alá 38 anos. CGM non desanimou e seguiu baixando, o que o levou a atopar puntas de frecha, machados pulidos, un anaco de cerámica campaniforme do “estilo internacional”, uns posibles ídolos, etc. E o dolmen, antes en perigo, rematou consolidado.

É moi probable que este abandono de CGM do traballo inicial se debese a varios factores. Aínda que a súa presenza seguía sendo diaria no IPSEG, traballaba agora no Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG), polo que a súa dispoñibilidade de tempo era notoriamente inferior; coa entrada de tantos membros na Sección había xa varios especialistas (ou en vías de selo) para cada unha das distintas etapas cronolóxicas e culturais, polo que o seu traballo, sempre rigoroso, deixou de ser imprescindible; a maiores, xa en 1975, mais sobre todo en 1976, está fraguando, xunto con Xusto Beramendi e o COAG, o cumprimento dun dos anceios do SEG: a realización dun verdadeiro museo etnográfico galego. O 29 de outubro de 1977 inaugurouse o Museo do Pobo Galego ao que CGM dedicará ata o seu pasamento a maior parte da súa capacidade de traballo e xestión.

Desde a ampliación e verdadeira refundación da Sección, en 1977, onde incluso se discutiu sobre a orde na que deberían ir no nome da mesma as verbas Prehistoria e Arqueoloxía, principiáronse unha serie de traballos en diferentes fronteas. Xa antes, aínda non ben iniciada a chamada “Transición”, no mesmo mes de novembro no que faleceu o noso director Xesús Taboada Chivite, fixemos un manifesto (cfr. *La Voz de Galicia*, 11-11-1976), no que se reclamaba xa a necesaria existencia dun organismo propio para a xestión do patrimonio galego. Dito documento, despois do inicial contacto na xuntanza do Neixón, aglutinou a maioría das persoas, de moi diversa adscrición institucional ou mesmo investigadores a título persoal, que logo conformarían a Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do IPSEG. Nese manifesto adiantámonos moitos meses á elaboración do texto de “mínimos” que daría lugar ao período pre-autonómico. Diciamos nel que “as solucións dos problemas de Galicia deben partir da súa consideración de nacionalidade

dentro do contexto dos pobos ibéricos e a necesidade dos organismos e institucións político-administrativas xurdidas da mesma”. CGM foi un dos impulsores deste texto, como de todos os que se fixeron cunha proxección pública, e nel, o mesmo que noutros que elaboramos tamén de natureza político-cultural, apréciase a pegada do xurista que non quixo exercer como tal.

Nos traballos que desenvolveu a Sección, CGM tivo sempre un papel especial de “instigador” e, ás veces, de coordinador, mais fuxindo sempre de aparecer como o protagonista visible. Prefería xogar na discreción dun segundo plano, algo que xa daquela e, sobre todo agora, despois do seu pasamento, se destacou da súa personalidade. Entre os textos que a Sección foi traballando ao longo de varias xuntanzas, podemos citar, unicamente a título de exemplo, un no que CGM tivo un interese especial: a elaboración dun completo “dossier” ou relatorio de estragos, desleixos e agresións ao patrimonio arqueolóxico galego, traballo que contaba cunha xustificación ou prólogo clarificador e un epílogo ou proposta para emendar aquelas desfeitas.

Nos anos 70 e 80, tamén no ámbito da Arqueoloxía Subacuática se reclamaron medidas e controis efectivos diante dos espolios, máis ou menos ilegais, pero case sempre carentes de método sistemático e científico. Neste ámbito, no que a Sección é debedora do constante traballo do seu membro colaborador, desgraciadamente desaparecido sendo ben novo, Rafael Mejuto García, chegouse ao enfrontamento mesmo coa Armada española, sendo denunciados os feitos diante da administración central e, posteriormente, da autonómica.

Esta presenza pública daríase tamén en anos sucesivos, e cómpre mencionar pola súa transcendencia a do outono de 1986, co gallo da construción de tres aparcadoiros soterrados no centro da cidade de Lugo, que deron lugar a unha aceda polémica na que varios membros da Sección, con CGM á cabeza, denunciabamos que non facían falta tales aparcadoiros para saber que Lugo era un enorme xacemento romano, a cidade de *Lucus Augusti* (cfr. *La Voz de Galicia*, 4-11-1986), fronte á propaganda oficial que se facía nos medios das (forzadas) escavacións en área realizadas en varias superficies urbanas (algunha xa cos seus restos arqueolóxicos irremisiblemente derramados e perdidos) e fronte á “traída” de Italia dun vello arqueólogo paleocristián (M. Mirabella Roberti) para tratar de xustificar as desfeitas e as súas presuntas (e de novo, forzadas) solucións. Por certo, CGM, como o resto da sección, singularmente os asinantes na polémica, tería que aguantar a rifá dos responsables do IPSEG porque as autoridades do CSIC en Galicia non admitían o envío de notas de prensa dos centros (e moito menos das seccións que os compoñían), se os textos non pasaran polo seu filtro e non contaban coa autorización expresa daquelas autoridades. Pola contra, as nosas denuncias chegaron á Conferencia sobre Arqueoloxía e Grandes Traballos, do Consello de Europa, celebrada en Niza do 4 ao 6 de novembro (cfr. *La Voz de Galicia*, 18-11-1986).

Puxo CGM especial interese en que as reunións que periodicamente (como mínimo unha ao trimestre) celebraba a Sección, tradicionalmente en Santiago, se fixesen itinerantes. Como nunca se preocupou de aprender a conducir, viaxaba sempre de copiloto ou pasaxeiro en automóbil alleo, polo que, para el, era unha ocasión máis de visitar Galicia, sen esforzos nin preocupacións, facéndolle de condutor habitual FAC. Estas xuntanzas fóra de Santiago, no fondo inspiradas, como tantas outras cousas, nas xeiras do SEG, favorecían a todos os membros o coñecemento de zonas e sitios arqueolóxicos por todo o país. Promovía CGM esta itinerancia, que moito agradecía e gozaba, celebrándose reunións técnicas e científicas, por exemplo, na Terra de Melide, na Terra Chá e Serra do

Xistral (abrigos paleolíticos e medorras), Ourense (Río Caldo, *Aquis Querquernis*, Salas, miliarios de Portela do Home) e Celanova (Castromao), Verín e terras raianas (San Millán da Xironda) Coruña (Elviña), Pontevedra e Vigo, etc., ademais, como diciamos, das habituais reunións na propia sé do IPSEG, entre as que lembramos unha maratoniana cunha lección maxistral sobre o megalitismo portugués dun gran amigo de CGM, Luís Monteagudo, de quen se confesou discípulo, tamén recentemente desaparecido.

Como membros da Sección que eramos, tivemos a ocasión, e a fortuna, de participar e compartir múltiples vivencias con CGM en diversos congresos e coloquios, maiormente en Galicia e no norte do Portugal, como os dous primeiros Seminarios de Arqueoloxía do NO peninsular, levando Carlos boa parte do peso do II SANOP (celebrado en



Inauguración do Encontro *Galicia: da Romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais*. Sentados: Felipe Arias, CGM e C. A. Ferreira de Almeida; de pé: Pereira Menaut. Santiago de Compostela, 1992

Santiago en setembro de 1980), e hai que lembrar aquí a súa estreita e persoal relación, xa citada, co seu chorado amigo Carlos Alberto Ferreira de Almeida, relación persoal e científica que logo continuaría coa discípula deste, Teresa Soeiro.

O mesmo empeño e visión de país tivo CGM cando a Sección actuou, durante varios anos, como coordinadora das distintas intervencións arqueolóxicas en Galicia e doutras actividades como algunha exposición dedicada a persoeiros da arqueoloxía galega, primeiro de cara a Madrid (Ministerio de Cultura e/ou de Educación y Ciencia) e logo tamén, pero só por algún tempo, de cara a Santiago de Compostela como capital autonómica coas competencias correspondentes en cultura.

Fíxose así unha programación conxunta das intervencións arqueolóxicas en Galicia en varios anos da década dos 70 e ata 1982 diante do Ministerio, e en 1983 e 1984 coa Xunta, se ben a programación de 1985 quedou xa sen resposta e as escavacións en marcha paralizadas, sendo, curiosamente, a Directora Xeral de Patrimonio Histórico membro da Sección.

Nesta coordinación de actividades xogou de novo CGM un papel clave, e iso que no que a el respecta só lle corresponderon os traballos citados no Dolmen de Argalo (Noia), pois os demais traballos de campo por el realizados como membro da Sección foron feitos, como dixemos, con anterioridade a este período de coordinación xeral, caso das prospeccións realizadas nas zonas do Montouto (Teo), Buriz (Guitiriz), Bexo (Dodro), O Incio, O Grove..., a maioría delas -mais non todas- centradas no mundo megalítico.

Participou CGM menos, en cambio, aínda que apoiou decisivamente a súa realización, no programa de Fotografía Aérea Arqueolóxica, realizada sobre unhas rutas por todo o país, que se farían en 1994 cunha serie de voos efectuados por Gerardo Gil (ICONO S.L.) e que, entre outras utilidades, serviu de base para exposicións sobre este tema, algunha delas ben recente.

Outras actuacións nas que CGM desempeñou un papel importante foron o de ser un dos “motores” para a elaboración dun *Glosario de termos de arqueoloxía e prehistoria*, comezando polo de Paleolítico a cargo dos membros X.C. Sierra e Vicente Rodríguez Gracia, así como a preparación en 1991 dunha reedición actualizada do libro *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia. Estado da cuestión*, publicado en 1979, pero elaborado co gallo do XV CAN celebrado en Lugo en 1977, reedición que, porén, non se conseguiu que chegase a ver a luz. Tamén participou CGM activamente e representando ao IPSEG, en colaboración coa USC por medio do seu amigo FAC, na Homenaxe póstuma ofrecida a Alberto Balil Illana (que fora nominalmente membro da Sección) celebrada en Santiago en 1993.

Tivo CGM un especial interese, hai que dicir que coa anuencia doutros membros do grupo e coa estéril resistencia dalgúns, en integrar na Sección diversas persoas doutras entidades ou a título particular, integracións que, hai que recoñecer, e así acabou por facelo o propio Carlos, non sempre deron ou daban resultado.

Pero o que cómpre salientar en todo isto é que CGM remarcaba sempre o circio criterio e a idea inamovible dunha arqueoloxía e prehistoria concibida por e para unha Galicia global e enteira, coa súa ampla diversidade pero, sen dúbida, pensada como país. O seu campo de traballo sempre foi Galicia como nación, aínda que os seus traballos publicados, por desgraza menos dos que todos (incluído el, coma no caso dos estudos sobre O Incio) quixeramos, foron sobre todo de prehistoria e arqueoloxía, de etnografía e antropoloxía e, en xeral, sobre a historia galega, maiormente desde o punto de vista social.

Por iso lle causou un forte impacto a importante perda do sentido galeguista desta institución, que acabou provocando que se desfixesen, de facto, as Seccións de Arqueoloxía e de Etnografía (da que tamén era membro, o mesmo que XMGR e FCL) polas que el tanto pelexara, e deu paso a outra etapa na que CGM colaborará activamente nos intentos de herdar dalgún xeito aquel espírito da terra na pretendida renovación do Seminario de Estudos Galegos promovida tamén por persoas como Isaac Díaz Pardo e Ramón Martínez López, e así mesmo, e logo de modo decisivo, para servir de contacto e de transmisión co Museo do Pobo Galego xurdido en 1976.

Nesta última etapa do IPSEG, tal como o coñecera CGM en 1967, tivo que ver como se constituía unha nova Xunta Reitora do Instituto, como Centro Mixto CSIC - Xunta, a fins do ano 2001, cando xa seis meses antes el mesmo participara na redacción dun longo escrito dirixido ao Presidente do CSIC polas Seccións de Arqueoloxía e Prehistoria, de Etnografía, de Arte, de Pensamento e de Lingua e Literatura, reclamando a recuperación do sentido galego e galeguista do IPSEG, entre outros aspectos referidos ao seu funcionamento en seccións.

A última (a derradeira) reunión da Sección celebrouse (no Museo do Pobo Galego, principal ocupación e preocupación de CGM desde había tempo) o 13 de xaneiro de 2001, pero uns anos antes, en xuño de 1998, nunha xuntanza celebrada no Museo Etnolóxico de Ribadavia xa se analizara a situación do IPSEG e, con grande inqueda por parte de Carlos, tamén a do patrimonio arqueolóxico que custodiaba, que incluía os materiais achados nas primeiras prospeccións e escavacións que o noso amigo fixera xunto ao seu admirado mestre FBB.

Neste sentido, Carlos representou a Sección nas reunións celebradas, maiormente na primeira metade da década dos 90, dalgún xeito planeadas para “liquidar” as propias Seccións do IPSEG. O investigador Eduardo Pardo de Guevara incorporárase desde Madrid ao Instituto a fins de 1993 e o CSIC central nomearíao Director en funcións do IPSEG en 1994, previo o cesamento de Francisco Río Barja como Director e de José Carro Otero como Secretario.

Polo traballo realizado nos tres primeiros anos de funcionamento, a Sección recibiu o Premio Otero Pedrayo das Deputacións galegas, recollido en acto oficial en Ourense en novembro de 1979. O propio presidente do CSIC enviounos, nesta ocasión, un telegrama de felicitación. Mereceu tamén a Sección o Premio Adelpha-Lugo en outubro de 1987 polo seu traballo e defensa a prol do patrimonio cultural e natural. Amais destes premios colectivos, é ben sabido que CGM sería distinguido en 1999 co Premio Traslaba, ligado precisamente á figura do mesmo ilustre devanceiro Otero Pedrayo.

Era CGM extremadamente refractario e moi remiso a saír fóra de Galicia para calquera cousa, dando lugar a anécdotas ás veces divertidas e ás veces case inexplicables. Témoslle dito que el, en pasando Pedrafita do Cebreiro ou o túnel da Canda, era tal o ataque de morriña que sentía, que tiña que regresar. Nunha ocasión, 6-03-1986, debiamos coller un avión FAC, FCL e el mesmo para, comisionados pola Sección, resolver uns asuntos no Ministerio. Chegaba a hora e non aparecía, fómolo buscar á casa e saíu dicindo que non podía ir, xa que estaba sen afeitar. Marchamos sen el para A Lavacolla e, isto é real, fixemos “avión-stop” correndo pola pista cando xa empezaban a retirar a escaleira. Rematamos as xestións satisfactoriamente, visitamos unha exposición sobre Lepenski Vir, inaugurada ese día no Arqueolóxico, regresamos a Compostela e comentamos con el os resultados tomando un viño no Estradense. Para viaxar por Gali-



Carlos García Martínez

cia e polo Minho portugués sempre estaba disposto, saír á Meseta era superior ás súas forzas, e iso pese aos contactos que el sempre mantiña con persoas e grupos foráneos, por exemplo con responsables do CSIC, centrado en Madrid e que incidía directamente na vida do IPSEG, institución esta onde Carlos fixo investigación, traballou (gratis et amore) como bibliotecario e, por veces, foi verdadeiro factotum nalgúns aspectos da vida daquel Instituto P. Sarmiento polo que tanto pelexou, ata que trasladou ese papel de gardián das esencias que mencionabamos ao comezo deste artigo ao centro ao que nos acollemos unha parte dos membros da desaparecida Sección, o Museo do Pobo Galego, do que el foi creador e director.





## Modesto López Teijeiro (1910-1937)<sup>1</sup>

Francisco Fariña Busto

“Hai unha presada de anos que dei cun breve artigo na revista NÓS titulado “Investigacións etno-morfolóxicas antre a poboación do Ribeiro de Avia”, firmado por Modesto López Teijeiro (NÓS, nº 115, 1933). A súa lectura, alén da sorpresa pola temática que nel se trataba, aguilloou a miña curiosidade polo seu autor. Non era nome que aparecese na nómina dos investigadores que por aquelas datas traballaban en eidos concorrentes coa antropoloxía física, como a prehistoria ou outras materias próximas. Tampouco era disciplina que contase cunha tradición cumprida entre nós, ao contrario que na veciña Portugal con importantes estudos e especialistas nesta área do coñecemento científico e dos que citamos só algúns moi vinculados cos investigadores galegos do SEG, como Mendes Correia, Santos Junior ou Serpa Pinto, e mesmo en España.

Certo que en España a antropoloxía física<sup>2</sup>

1 Este traballo é a tentativa de completar a biografía que comezou Carlos García Martínez contra os finais de 2009 sobre Modesto López Teijeiro. Xa con anterioridade tiñamos conversado longamente sobre o baleiro biográfico do autor do primeiro e singular traballo de antropoloxía física dos galegos e da necesidade de procurar información que enchea esa carencia, pero naquelas datas insistíame en que lle procurara algunhas informacións que coidaba podían resultarme máis doadas por estar eu en Ourense. Fixen cantas procuras se me ocorreron e fun reuníndolle informacións que lle proporcionei e coas que, segundo me dixo un día de finais de 2016, comezara a redacción final do traballo. Cando finou, nunha conversa con Rosa Méndez, bibliotecaria do MPG, díxome que atopara no ordenador de Carlos o comezo dun traballo, e que a ver se o podía revisar, e no seu caso completar; xa que sabía que eu lle achegara diversos materiais. Pensaba eu nunha revisión dun orixinal completo, pero para a miña sorpresa era só o comezo do texto, o que agora recupero íntegro, e que, de acordo co encargo, procurei completar coa achega dos datos que fora recollendo no tempo, como débeda tanto con Modesto coma con Carlos, pois era el quen debería darlle o ton e feitura axeitados.

2 O texto orixinal está incompleto neste parágrafo que remata aquí, pero sen dúbida debera completarse cunha valoración como a que lle incorporo: por aqueles anos nos que saíra o traballo estaba máis orientada á consideración como historia natural do Home no cadro da prehistoria e etnografía, así cos estudos de craneometría e antropometría das poboacións pre e históricas peninsulares, que manifesta, dende a segunda década do século XX, a súa adscrición ás teorías da denominada escola histórico-cultural alemá, con liñas de traballo centradas na caracterización racial e na etnoxénese peninsular. Para coñecer a situación e encadramento dos problemas que aborda López Teijeiro poden ser definitorios os traballos de Rafael Tomás Cardoso, tanto a súa tese de doutoramento: *El desarrollo de la antropología física española en el contexto de la historia de la antropología física y las teorías bioantropológicas europeas y americanas: una historia de contactos, desarrollos paralelos y convergencias*. UAM. Madrid, 2015. Consultado en [https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/672395/tomas\\_cardoso\\_rafael.pdf](https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/672395/tomas_cardoso_rafael.pdf), e no artigo “Diálogos entre Arqueología, Prehistoria y Antropología física”, en *ArqueUCA*, 2012, nº 2, 125-138, consultado en Dialnet.



Pasados algúns anos atopei de novo o nome de Modesto López Teijeiro na revista Vieiros, editada polo Padroado da Cultura Galega de México e dirixida por Carlos Velo, Luís Soto e Corredor Mateos. No seu número 3 de 1965 inseríase unha súa colaboración, inédita até entón, segundo indican os editores intitulada “Ensaio de tipoloxía galega”. Había un pequeno introito e baixo del un debuxo de Maside de medio corpo do noso autor morto..... O introito di:

*“Con emoción publicamos iste traballo centífico, aínda inédito de Modesto López Teijeiro que fora unha esperanza prá Galiza polo seu esgrevio talento, e pola súa lealdade. Agradecemos con agarimo a súa nai iste agasallo que nos fixo pra Vieiros que se honra en apresentar iste estudo de outo valor prá ciencia e prá galeguidade.*

*Modesto López Teijeiro, noso amigo e noso irmán”.*

Ata aquí o texto escrito por Carlos García Martínez, que a finais de xaneiro de 2017 coidaba eu debía ter rematado para acometer un novo estudo sobre Sobrino Lorenzo-Ruza, que pola data escribía. Seica non foi así e a biografía na que teimaba non chegou ao seu fin. Como queira que participei na procura de información, logo dunha demorada conversa que mantivemos nos finais de 2009 sobre o asunto, creo que completar os datos dos que agora dispomos poden ser unha boa contribución ao recoñecemento tanto de Modesto López Teijeiro como do propio Carlos García Martínez.

Certamente, os datos sobre Modesto López Teijeiro eran escasos e mesmo confusos. Lanza dinos que é licenciado en ciencias e autor da publicación de *Nós* xa referida<sup>3</sup>. Pola súa banda Couceiro Freijomil faino orixinario do Ribeiro, funcionario do Ministerio de Gobernación<sup>4</sup> e autor do traballo de *Nós*, mesturando a información con datos da biografía do seu irmán Leopoldo, como subliña pola súa banda Alberto Vilanova na breve anotación publicada na *Gran Enciclopedia Galega*, a máis completa, xa que ademais de amigos de xuventude e compañeiros de andaina periodística e social contou con informacións achegadas polo seu irmán Leopoldo<sup>5</sup>. Inclúe as datas e lugares de nacemento e de morte, así como precisións sobre o seu segundo traballo. En datas máis recentes, aparece citado en diversos traballos relacionados coa “memoria histórica” e coa represión franquista que sucedeu logo do golpe militar

3 Francisco Lanza Álvarez, *Dous mil nomes galegos*. Eds. Galicia, Buenos Aires [1950], p. 168: “López Teijeiro (Modesto).- Biog.- Licenciado en ciencias, autor de “Investigaciones etnomorfológicas entre a poboación do Ribeiro de Avia”. É a única información sobre a súa formación, que coidamos errada.

4 A. Couceiro Freijomil, *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores*. Santiago, 1952. Vol. II., p. 326: “LÓPEZ TEIJEIRO, Modesto. Natural de la comarca de Rivadavia (Orense). Funcionario del ministerio de Gobernación.- Publicó: Investigaciones etno-morfológicas entre a poboación do Ribeiro de Avia (Santiago, 1933). Separata del núm. 133 de la revista orensana “Nós”.

5 GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA. T. 19, p. 167, 3ª columna: “LÓPEZ TEIJEIRO, Modesto. Nació en Orense (14-XII 1910) y falleció –asesinado– en Lampaza (27-IX-1937). A pesar de su temprana muerte nos ha dejado dos obras: *Investigacións etnomorfolóxicas entre a poboación do Ribeiro de Avia* (Santiago, 1933, primeira investigación sobre este aspecto que Modesto López levou a cabo sin ningún tipo de ayuda, y un ensayo sobre *Antropoloxía Galega*, conferencia dada en el Centro Galeguista de Orense, en 1935, y que fue publicada póstumamente en la revista gallega de México, *Vieiros*. En el DBBE de Couceiro Freijomil aparece confundido con su hermano Leopoldo. (A[liberto]V[ilanova]R[odríguez]”. Cfr: Tamén os fondos arquivísticos de correspondencia de Alberto Vilanova na Biblioteca da Deputación de Ourense.

que provocou a guerra civil, coma unha das vítimas dunha represión inhumana, así como en estudos sobre o uso do galego como vehículo de ciencia<sup>6</sup>.

A documentación espigada parte do certificado de inscrición no Rexistro Civil de Ourense que nos permite saber que naceu ás doce horas do día 14 de decembro de 1910, na casa e domicilio familiar da rúa do Instituto (hoxe Lamas Carvajal) número 6, fillo de Félix López Ugarte, comerciante, natural de Madrid, e Laureana Teijeiro Vidal, natural de Cuña (Cenlle), os seus avós paternos José López e Mercedes Vidal, e os maternos Modesto Teijeiro e Olimpia Vidal. O matrimonio, celebrado en 19 de novembro de 1902, tiña xa outros fillos, sendo Modesto o máis novo. O seu pai, comerciante, foi concelleiro da Cidade das Burgas e morreu en 1917<sup>7</sup>, e pouco despois a familia trasládase a Madrid, como se acredita a través do expediente académico do seu irmán Leopoldo<sup>8</sup>.

En Madrid a familia residiu ata 1927, ano no que regresa a Ourense. Non conseguimos indagar os estudos que puidera ter realizado naquelas datas, xa que non puidemos localizar o seu expediente académico no citado Centro de Madrid.

A primeira cita documental de Modesto como membro activo da comunidade en Ourense, témola nunha recensión de prensa de 1928 na que aparece como vogal da directiva da “Junta Esperantista” de Ourense<sup>9</sup>. Tres anos despois figura a súa sinatura, xunto con outros seis mozos ourensáns, nun escrito pedíndolle ao Presidente da Deputación Provincial un máis amplo servizo da Biblioteca Pública de Ourense en 1931<sup>10</sup>. A carón da súa firma, na que chama a atención a súa coidada caligrafía, figura entre outros a de Manuel Suárez, futuro alcalde de Ourense en 1936.

Nos anos seguintes colabora na prensa<sup>11</sup>, ao igual que o seu irmán Leopoldo e debe encontrar traballo na banca. Pero tamén ten tempo para participar nas actividades dos círculos galeguistas locais e tamén colaborar co Seminario de Estudos Galegos, xa que

---

6 Nos traballos de Xulio Prada faise mención de Modesto López Teijeiro como represaliado e como empregado do sindicato da banca: *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*. Eds. Do Castro. Sada, 2004, esp. pp. 107/108. Tamén *De la agitación republicana a la represión franquista. Ourense, 1934-1939*. Ourense, 2006, e así mesmo o recolle no Proxecto interuniversitario “Nomes e voces” [www.nomesevoces.net/gl] ou na tese de Ernesto Vázquez Sousa: *Anxo Casal (1895-1936), Biografía no seu contexto político e empresarial*. UD. Tese. 2000. ISBN 978-84-692-8957-0, p.57 citando a A.Vilanova e incluíndoo entre os escritores e periodistas asasinados pola represión. Textos científicos en galego: [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2016\\_Textos-cientificos-en-galego-Os-inicios-1916-1936.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2016_Textos-cientificos-en-galego-Os-inicios-1916-1936.pdf). Asimesmo en [https://gl.wikipedia.org/wiki/Modesto\\_L%C3%B3pez\\_Teijeiro](https://gl.wikipedia.org/wiki/Modesto_L%C3%B3pez_Teijeiro)

7 Así o sinala J. Somoza: *Desarrollo urbano de Ourense. 1895-2000*. Tese lida na USC, na p. 162, no bando conservador. Curiosamente, unha recensión de prensa do 17 de novembro de 1913 infórmanos que o Ministro da Gobernación nomeu diversos alcaldes e entre eles a don Félix López Ugarte para Ourense [*El Siglo Futuro. Diario Católico*. Madrid, nº 2721].

8 Localizado no arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense. Escrito de D<sup>a</sup> Laureana Vidal pedindo o traslado do expediente do seu fillo ao Instituto Cardenal Cisneros de Madrid por traslado de residencia, e onde rematou no curso seguinte os seus estudos.

9 *La Región*. 8 decembro 1928. Dá conta da elección da nova directiva elixida na sesión extraordinaria do día 6 de decembro, con Pedro del Ral, presidente, Ignacio Herrero Fuentes, secretario-bibliotecario, Enrique Roqueta Dalmau, tesoureiro e vocal, Modesto López Teijeiro. As súas actividades estaban orientadas á divulgación do esperanto como lingua do futuro.

10 Arquivo da Deputación Provincial de Ourense. Carpeta Biblioteca Pública.

11 Así parece indicalo a información de AUVERRE, “Los exiliados gallegos”, *Ruedo Ibérico*, 28, Buenos Aires, 1966, pp. 67-75.

aparece como socio e lendo o traballo de ingreso<sup>12</sup>. Ademais formaba parte do equipo que proxectaba participar na xeira da Terra de Deza<sup>13</sup>.

Precisamente nesa carta de Cuevillas sinálanse as características da súa formación: “ten lido moito mais ao que falla escola, praitica e instrumental”, é dicer é un autodidacta, asunto que tamén se deixa caer nas noticias de prensa que anuncian a súa conferencia dentro da semana galeguista de 1935<sup>14</sup>. Certamente, ante a falla de información cumprirá atender a esa capacidade de lectura e formación teórica, pero onde atopou as fontes de información? Dado que pasou tempadas na casa da avoa, suxerimos se neste lugar atopou algúns dos recursos que decantaron a súa vocación, xa que o avó e o bisavó foran médicos e de certa sona<sup>15</sup>.

Neses anos da IIª República, tempos de efervescencia política, social e intelectual, Modesto López Teijeiro participou noutras iniciativas, por exemplo, na recuperación do Ateneo de Ourense, formando parte do seu comité organizador e da súa secretaría, e cómpre lembrar que o Ateneo daquela nomeu Presidente de Honra a don Marcelo Macías, quen fora promotor do primeiro ateneo ourensán, e a conferencia inaugural, o 3 de maio de 1936, foi impartida por Gregorio Marañón sobre a figura do Padre Feijóo e os seus colaboradores<sup>16</sup>.

As informacións escasean máis nos meses centrais do 36 no que Modesto López Teijeiro forma parte da comisión directiva do Sindicato de banca, órgano que se considera vencellado ao sindicato UGT, aínda que, cando o deteñen, as acusacións que se lle for-

12 Alfonso Mato, *O Seminario de Estudos Galegos*. Edicións do Castro, 2001.

13 Así o acredita a correspondencia de Cuevillas con Santos Junior: Carta do 4 de xuño de 1934: “...Pro 24 dos correntes tencionamos ir as Seicions do Seminario a terra de Deza para traballar alí unha serie de aspeitos. Iran xentes que a mais da prehistoria, etnografía, folklore, historia, etc., hanse ocupar de economía, zootecnia, gea, flora e fauna. E lastima que non podamos contar cun antropólogo xa formado, pois pol-o menos desta vez terá que cubrir ese campo o López Teixeiro, rapaz que ten lido moito mais ao que falla escola, praitica e instrumental”, aínda que ao cabo non lle resultara posible acudir como se ollara na misiva de agosto seguinte: “En antropoloxía non se pudo facer cousa ningunha, pois o que ía traballar nela non poido desplazarse. Vexamos se pode ir mais adiante”. Cfr. Isaac Alonso Estraviz: *Santos Júnior e os intelectuais galegos*. Epistolario. Ponteareas, Fundación Meendinho, 2011 pp. 53-54.

14 La Región, mércores 16.01.1935; *El Pueblo Gallego*, 17 xaneiro 1935. Esta conferencia é a que recollerá anos máis tarde Vieiros

15 O seu avó materno, Modesto Teijeiro Millán era médico e dono da Casa do Formigueiro. O seu bisavó materno, Miguel Vidal López, tamén fora médico e traballou no Lazareto de San Simón, ademais de participar na política chegando a presidente da deputación de Pontevedra e Gobernador civil de Lugo e Deputado en Cortes. A insistencia no carácter autodidacta aparece tamén na correspondencia do seu irmán Leopoldo con Alberto Vilanova cando este prepara as biografías para a *Gran Enciclopedia Galega* e lle encarece que “agrande a do pobre Modesto”, xa que “foi autor do primeiro traballo de antropoloxía de Galicia, que fixo, soliño, sen axuda de nai e interrogou a mais de mil persoas do Ribeiro, e creo que perto de 2000”. Biblioteca do Centro Marcos Valcárcel. Fondo Alberto Vilanova. Correspondencia, carpeta Leopoldo López Teijeiro. Carta de 9 de marzo de 1988. Aínda que procuramos a localización do material orixinario dos traballos, a nosa pesqueda non deu ata hoxe resultados, o que nos priva de coñecermos de primeira mán a forma e o método de traballo seguidos nos seus estudos.

16 *La Región*, 4 de maio de 1936. Sobre o acto hai información na prensa da época, con foto. Unha foto mellor, conservada pola familia de D. Marcelo (Arq. Socorro Martínez -Risco Macías) inclúese en R. Salgado: <http://www.laregion.es/articulo/ourense-no-tempo/ateneo-ourensano/20170107080629676306.html>, foto na que na mesa lateral debe estar Modesto López Teijeiro. Tamén fai lembranza da visita en David Simón Lorda: <https://diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com/2010/10/>

mulan son as de ser comunista e membro responsable do aparato de propaganda do Sindicato da banca. Ademais tamén o acusan de elemento perigoso pola súa intelixencia e a capacidade de influir coas súas opinións sobre as masas<sup>17</sup>. Os seus traballos sobre antropoloxía e a súa formación autodidacta evidencian a súa intelixencia, pero non parece que debiera ser esa a causa da súa morte como así sucedeu. Detido na súa habitación, onde residía o 30 de xullo de 1936, pasou á cadea e, logo dunha “saca”, apareceu na gabia da estrada de Xinzo a Celanova, nas proximidades de Lampaza, preto do temido Furriolo, o día 27 de setembro de 1937. Alí foi soterrado.

Pero, o agarimo da nai, finada o 16 de setembro de 1951<sup>18</sup>, do que dá conta *Vieiros*, non rematou coa conservación dos seus traballos, senón que procurou a recuperación dos seus restos, o que logrou finalmente, para que puideran descansar no panteón familiar do cemiterio de San Francisco de Ourense<sup>19</sup>.

---

17 Xulio Prada: *Ourense 1936-1939. Alzamiento, guerra e represión*. Eds. Do Castro, 2004, p.107.

18 La Región do 14 de setembro de 1952 publica unha entrada moi significativa, e que dice: “El día 16 hace un año que entregó su alma a Dios la virtuosa señora doña Laureana Teijeiro Vidal, de grato e inolvidable memoria en el amplio círculo de sus amistades por sus excepcionales dotes de bondad y simpatía. También el 27 del actual se cumple el quinto (sic) aniversario del fallecimiento de su hijo don Modesto López Teijeiro cuyo recuerdo, a pesar del tiempo transcurrido, perdura en la mente de cuantos le conocieron. Las misas serán aplicables por el eterno descanso del padre y hermana de este último, don Félix López Ugarte y señorita doña Mercedes López Teijeiro, fallecidos el 21 de diciembre de 1917 y el 10 de julio de 1927 respectivamente”.

19 Unha recensión dando conta da inhumación dos restos en *La Región*, 1947. Resulta commovedora a anotación que o seu irmán Leopoldo lle fai a Alberto Vilanova na carta citada na nota 16: “Cando o Asesinaron (sic), tanto o Crego de Lampaza (Rairiz de Veiga) como os veciños acudiron e tapáronno cunha manta, e cando pasados uns anos o meu difunto irmán Félix foi polos restos para traelos a Ourense, a San Fancisco ao panteón familiar, estiveron moi emocionados con ill”.



## Carlos García Martínez, explorador literario das terras amerindias

Xosé Carlos Sierra Rodríguez

Carlos García Martínez<sup>1</sup> achegouse, de moi novo e da man de figuras fundamentais da intelectualidade galeguista, ás fontes da historia de Galicia e, nesa academia senlleira que foi o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, coñeceu a obra dos arqueólogos e prehistoriadores que tiñan trazado o esquema previo das comunidades que ocuparon o noroeste hispánico na prehistoria, a protohistoria e o mundo antigo. A figura de Bouza-Brey foi fundamental e con el e a través del, o territorio que a historia denominou Gallaecia foi ocupando o seu imaxinario intelectual para transitar desde os estudos xurídicos de partida a unha esfera vocacionalmente nova na que as comunidades Neolíticas, as pertencentes ás idades do Bronce e do Ferro, e as que entran en contacto con Roma motivaron o seu interese e despertaron a súa curiosidade de por vida. CGM non estaba particularmente atraído polas cuestións estritamente arqueolóxicas, senón polos fundamentos históricos que os métodos arqueolóxicos desvelan na observación e na lectura das sociedades ágrafas. A arqueoloxía era para el un instrumento obrigado, non exento de aventura pero desprovisto do sentimento poético que a súa práctica crea noutros historiadores e arqueólogos. El proxectaba outros horizontes sobre os documentos arqueolóxicos e sobre toda ferramenta documental útil para visualizar o pasado. Un pasado que tiña que iluminar o presente, facelo comprensible e, ao tempo, accesible para os que se asomaban á historia de Galicia. A súa implicación no proxecto do MPG e a súa entrega de corenta anos a esta tarefa derivan da súa obsesión pola traslación á xente, mediante a tradución museográfica, do itinerario social e cultural que conformou historicamente a realidade de Galicia.

CGM entendía a historia como unha sucesión de procesos baixo os que se desenvolvía un tremiñado social e identitario. E a historia de Galicia coas súas construcións, os seus desaxustes e acomodados era para el, en boa medida, a historia dunha identidade,

---

1 En adiante CGM





con segmentos e facianas múltiples que cumpría articular e reconstruír mediante as necesarias e oportunas narrativas. Nese marco xorde o CGM etnógrafo, descriptor de formas de vida e observador curioso das angueiras e quefaceres da vida cotiá, e xorde igualmente o CGM antropólogo, intérprete dos trazos, das constantes e das variables que a historia, a antiga e a presente, suxire, mostra ou cuestiona. Neste cruzamento de campos epistemolóxicos e nas rotondas polas que xiran as ciencias sociais CGM atopouse coa antropoloxía en canto disciplina que relata os hábitos, as tarefas, a tecnoloxía, a organización, os costumes e as ideas das sociedades nun diálogo complexo –ao tempo conflictivo e complementario– coa historia e, certamente, coa arqueoloxía. El, discípulo directo de Bouza-Brey e indirecto do conxunto das figuras chave de NÓS e do Seminario de Estudos Galegos, non era alleo á etnografía ‘chez nous’ practicada polos mestres daquelas dúas xeracións e foise familiarizando gradualmente coa antropoloxía académica que na Universidade de Compostela ensinaban mestres como Alonso del Real e tamén discípulos de Alonso e condiscípulos seus no IPSEG, como González Reboredo ou Vázquez Varela. O MPG foi concibido realmente como un museo antropolóxico no que o tempo histórico funcionara como un vector para mostrar os alicerces das identidades etnograficamente descritas, porque CGM asumía o factor identitario en termos diacrónicos e dialécticos. Todos os que utilizamos os textos e as ideas dos arqueólogos e etnógrafos do galeguismo histórico e bebemos nesas fontes fixemos nosa parte da concepción evolucionista presente nos arqueólogos, etnógrafos e folcloristas que eles, de maneira difusa ou máis elaborada segundo os casos, asumiran. O contacto posterior universitario con outras lecturas e con outros mestres cuestionou a perspectiva unilineal dos postulados evolucionistas e tamén dos historicistas, pero a súa semente fixo medrar novos cultivos que ampliaron o campo intelectual para comprender os datos da historia e as narracións da etnografía. CGM fondamente curioso, ilustrado e teimudo decatouse da pertinencia metodolóxica de observar os datos inconexos, descontinuos e non sempre doadamente contextualizados da prehistoria e da historia á luz dos relatos das etnografías e dos intérpretes das diferentes antropoloxías.

Neste proceso mental medra o explorador etnográfico que se interesa polas comunidades que ofrecen imaxes susceptibles de excitar o pensamento analóxico nunhas disciplinas que reivindicán sempre a análise comparativa e a obriga do investigador de se mergullar na realidade viva para observala directamente (etnografía), ou que extreman a observación distanciada cando os fenómenos examinados son xa pretéritos (historia). CGM, lector compulsivo e prospector minucioso de textos e documentos, decatouse do interese de coñecer culturas próximas no tempo, aínda que afastadas no espazo, e sentiu a sedución das sociedades amerindias, un modelo contemporáneo de contacto cultural entre poboacións moi distintas e universo literario no que se alternan as descrições propiamente etnográficas, as imaxes proporcionadas pola fotografía e o cinema e as interpretacións complexas que aporta a antropoloxía condicionada por teorías e modelos diversos e contraditorios. A chegada dos europeos ás Américas supuxo, entre outras moitas cousas, o choque de lóxicas culturais diferentemente modeladas polas historias percorridas polos conquistadores europeos e polas numerosas comunidades herdeiras dos primitivos poboadores do novo continente. O estado de desenvolvemento material e social dos amerindios permitía lexitimamente pensar nas formas organizativas que a arqueoloxía reconstrúe, moi limitadamente e mediante hipóteses non sempre ben tecidas, das sociedades pre e protohistóricas de Europa. CGM decatábase destas eivas e avogaba pola fecundidade do pensamento analóxico para as ciencias sociais e, nomeada-

mente, para a arqueoloxía e a historia. Iso aguilloaba a súa curiosidade polas culturas amerindias e singularmente polas de Norteamérica, coñecedor de que as Altas culturas mesoamericanas e sudamericanas –moi especialmente a Incaica– xogaban noutra liga. Esta curiosidade explica as súas lecturas sobre aqueles territorios, as publicacións que adquiriu e o seu gozo falando decote da tecnoloxía, dos asentamentos e das formas organizativas dos indios do nordeste de Norteamérica, dos sistemas de parentesco nas sociedades tribais segmentarias, dos movementos territoriais das bandas e tribos apaches ou das figuras lendarias das “nacións” indias: Pontiac, Thayendanega (Joseph Brandt), Makhpyia luta (Nube Roxa), Tasunka-Witko (Cabalo Louco), Tatankas Iyotanka (Touro Sentado), Jeinmatuyalaket (Xefe Joseph), Seattle, Shikhashe (Cochise) e Goyathlay/Gojleyé (Gerónimo)<sup>2</sup>, figuras todas elas representativas dos Otawas, Mohawk, Sioux dakota, Sioux oglala, Sioux hunkpapa, Nez percé, Duwamish e Apaches chiricahuas. O enfoque crítico asentado sobre a súa experiencia como arqueólogo e prehistoriador, reforzado polas lecturas que os mestres universitarios –Alonso e Balil nomeadamente– nos aconsellaban, acentuaba a prudencia sobre as posibilidades da arqueoloxía para dar conta de fenómenos ligados á superestrutura (sociais e ideolóxicos) e tamén para elaborar modelos económicos ben definidos, segundo advertía Christopher Hawkes en 1954. Prudencia e non desconfianza pois outras figuras senlleiras, caso de Osbert G. S. Crawford –un dos promotores da revista *Antiquity* e autor ben coñecido por CGM–, coidaban pertinente en 1921 reflexionar sobre as analoxías etnográficas sen utilizalas necesariamente como base para inferencias ou deducións aventuradas.


Para CGM a historia da dominación do indio americano<sup>3</sup> constituía un campo de suxestións e de relacións analóxicas de enorme interese para comprender o encontro desigual entre culturas, así coma as relacións de poder que producen as asimetrías entre as diferentes identidades. Esta cuestión resulta adoito esquecida polos que, desde posicionamentos antinacionalistas, tecen hipóteses apriorísticas para elaborar esquemas e modelos a favor dunha falsa equidistancia entre sociedades e culturas. A ocupación europea das Américas é unha historia ilustrativa das formas baixo as que se produce a conquista territorial, a difusión cultural, a opresión etnocida e a aniquilación xenocida de sociedades e culturas. CGM sentíase atraído polas crónicas históricas e polos relatos etnográficos que documentan a superposición de planos a través dos que os pobos con tecnoloxía dominante e con relatos mediáticos igualmente dominantes exercen a imposición política, militar e cultural sobre os outros, configurando ao seu xeito e para si os mapas xeopolíticos da contemporaneidade no novo mundo.

CGM mostraba un enorme interese polas expresións culturais dos pobos indíxenas de América e polas súas evolucións específicas, engadindo a este interese as xestas que

---

2 A figura de Gerónimo foi tratada por numerosos autores desde perspectivas e orientacións diversas. Destacamos aquí o libro de Sonnichsen, C. L. (1993): *Gerónimo. El final de las guerras apaches*. Palma de Mallorca. José J. de Olañeta, orixinalmente publicado en 1987 (vol. 27) no *Journal of American History*; e Sacristán Luzón, M. (2013): *Sobre Gerónimo*. Edición, presentación e notas de S. López Arnal. Madrid. El Viejo Topo. Todos os traballos sobre este xefe chiricahua remiten á autobiografía do mítico apache, relatada a S. M. Barrret e editada por este en 1906. Cóntame que CGM coñecía esta interesante autobiografía que mestura fabulación e recreación (propias do intento de autoexitimación do líder indio) con testemuños etnográficos de enorme interese.

3 Unha obra que me consta posuía CGM e que constituía unha das súas lecturas escolleitas con respecto á cuestión que lembramos é a asinada por Jacobs, Wilbur R. (1873): *El expolio del indio norteamericano*. Madrid. Alianza Editorial.



relatan os contrastes e asimétrías entre os distintos grupos étnicos de Norteamérica. Compartíamos como discípulos de Carlos Alonso del Real –el indirecto e eu directo– o interese pola formación dunhas escolas etnográficas que percorrían o itinerario académico da antropoloxía americana desde os tempos nos que exploradores, fotógrafos e etnógrafos vocacionais elaboraban narrativas específicas sobre as

sociedades amerindias que tiñan espertado o interese de científicos sociais de Europa no último terzo do século XIX. A pegada daqueles traballos en autores moi sinalados foi determinante para trazar cadros explicativos das “sociedades primitivas” como aconteceu con Friedrich Engels e o seu esforzo por establecer unha imaxe coherente das sociedades antigas e, fundamentalmente, das que constituíron o tema de estudo de arqueólogos e prehistoriadores. Alonso del Real informounos da obra de Engels, un dos sistematizadores do materialismo histórico e contribuínte neto para o asentamento científico da antropoloxía, e do propio Marx, que define as sociedades precapitalistas nos *Grundrisse* (1857-58) e nos *Apuntamentos Etnolóxicos* (1880-82). No meu caso, e coído que tamén no de CGM, a divulgación das diversas teorías antropolóxicas na Universidade de Santiago por parte de Alonso del Real, entre elas as teses marxistas asumidas por figuras como Gordon Childe desde un evolucionismo arqueolóxico mesturado de difusionismo ou por Meillassoux, Godelier e Terray desde a antropoloxía económica e o estruturalismo, levounos a coñecer a obra dos xuristas que foron preclaros pioneiros da antropoloxía moderna, nomeadamente o alemán Bachoffen, o escocés Mac Lennan, os ingleses Maine e Tylor e o norteamericano Lewis H. Morgan, autor este último de dúas obras fundamentais para coñecermos doadamente a contribución do evolucionismo unilineal ás ciencias sociais contemporáneas. Referímonos ás monografías *League of the Ho-De'-No-Sau-Nee or Iroquois* (1851) e *Systems of Consanguinity and Affinity of Human Family* (1870)<sup>4</sup>. A primeira foi dedicada ao indio Séneca Ely Parker, ao que considera coautor do labor de campo previo á redacción desta obra. A precisa e ben estruturada descrición das formas de existencia e organización das comunidades indíxenas do nordeste de Norteamérica que Morgan elabora pasa pola cuestión das formas de parentesco –filiación e matrimonio– como base da estrutura social, e tamén polo universo de crenzas e rituais relixiosos, así como pola base material sobre a que se producen e desenvolven a territorialidade e o asentamento das diferentes etnias amerindias. No libro 1º da Liga dos Iroqueses, Morgan centra a súa atención na orixe da “nación” iroquesa e das súas diferentes tribos, nas formas de parentesco que fundamentan a estrutura social, nas formas de representación e goberno emanadas dun sistema de parentesco clasificatorio

4 Manexamos a edición de 1995 de JG Press, North Dighton, Mass.

e na propia Liga ou confederación das 6 tribos que constituían esta etnia. Nas conversas que mantivemos en varias ocasións con CGM sobre os estudos de L. H. Morgan e sobre a súa incidencia na antropoloxía do século XX sempre destacaba o feito da singularidade do parentesco clasificatorio, baseamento de moitas estruturas tribais e paradigma para a antropoloxía académica do modelo social asentado na figura da tribo. Certamente a tribo constitúe a formación social na que se desenvolven dispositivos de cohesión social que gradúan o vínculo familiar con mecanismos de integración suprafamiliares –a banda ou o clan- que se manifestan sobre un territorio común, unha lingua compartida, unhas formas materiais de produción afíns e unha comunión de crenzas. Marshall Sahlins, outro autor ben coñecido de CGM, indicaba que unha “producción en pequena escala, limitada división del trabajo, transportes y comunicaciones poco desarrollados y productividad relativamente baja” (1972)<sup>5</sup> definen en boa medida o marco de relacións económicas *tribais* e atribúe tal marco ás sociedades neolíticas e de cazadores avanzados. Os trazos sinalados son observables nunha parte importante das sociedades amerindias de Norteamérica, pero Sahlins engadía que o medre deste marco, en termos sociais e demográficos, diminúe o nivel de integración da tribo e tanto procesos internos –caso das ligas e confederacións- como relacións externas establecidas con outros pobos “erosionan” a integridade tribal: “el sistema social se debilita allí donde es mayor: el grado de integración disminuye, el nivel de organización aumenta, y los grados de sociabilidad menguan a medida que se amplían los campos de relaciones sociales” (1972).

Por outra banda, as análises críticas de antropólogos da corrente estrutural-marxista, caso de Maurice Godelier, sobre o termo *tribo* (como noción epistemolóxica) obrigaban e obrigaban a un manexo cauto da expresión e, máis aínda, das analoxías e extrapolacións que coidemos oportuno aplicar. Godelier, autor tamén coñecido de CGM, preguntábase polo material social que informaba o concepto empírico de tribo e respondía: “Es la representación más o menos elaborada en el pensamiento y en el lenguaje de una ‘forma general’ bajo la que aparecen relaciones sociales de un determinado número –muy elevado, por lo demás- de sociedades contemporáneas o antiguas. Esta ‘forma general’ es la de las relaciones de parentesco y su ‘generalidad’ misma sugiere que las relaciones de parentesco desempeñan o desempeñaban, en esas sociedades, un papel dominante”. Godelier<sup>6</sup> consideraba que tal definición destacaba a “aparencia” desas relacións, impedindo observar outros aspectos de meirande complexidade. En todo caso, o debate que introduce Godelier parecíanos a CGM e aos seus contertulios<sup>7</sup> un extremo que sobrepasaba as preocupacións polo razoamento analóxico que motivaban o noso interese polos paralelos etnográficos e pola lectura de textos sobre as comunidades amerindias.

As extrapolacións que xorden da obra de Sahlins e o seu cuestionamento desde unha arqueoloxía prudente incrementaban o interese de CGM pola etnografía daqueles pobos, que brindaban relatos etnohistóricos enormemente suxestivos e daban pé a non poucas discusións para os que tratábamos de conxugar uns paralelos etnográficos tan distantes cunha arqueoloxía pre e protohistórica doméstica que ofrecía daquela, e aínda ofrece hoxe, poucos vimios para tecer interpretacións etnohistóricas. CGM tiña ex-

5 Citas tomadas de Sahlins, M. (1972): *Las sociedades tribales*. Barcelona. Ed. Labor. Coidamos que esta é a edición que coñecía CGM.

6 Godelier, M. (1974): *Economía, fetichismo y religión en las sociedades primitivas*. Madrid. Siglo XXI de España Editores S.A.

7 Varios destes contertulios colaboran neste número de ADRA en lembranza de CGM

perencia arqueolóxica sobre o mundo Megalítico, sobre a cerámica Campaniforme e sobre enterramentos de inhumación individual de comezos da Idade do Bronce que constituían un cambio fundamental no sistema de crenzas das comunidades prehistóricas do Noroeste peninsular; interesouse tamén, con achegamentos ao respecto, pola organización social e territorial das comunidades castrexas, xa no limes cronolóxico da romanización. Aínda que el era dos que insistía na prudencia e cautela fronte á utilización de analoxías etnográficas, as lecturas de relatos dos amerindios servíanlle para pensar, gozar e debater cos que andabamos na súa contorna. Cómpre sulñar que a cita precedente de Sahlins viña moi acaída para entender fenómenos e procesos que viviron diferentes sociedades indias de Norteamérica: as confederacións que arrincan dos séculos XVI e XVIII entre tribos de etnias aíns, caso da federación Powhatan dos Algonquinianos nas ribeiras do río Potomac e na actual Virginia, citada polos exploradores españois no século XVI, ou as ligas e alianzas dos Dakota (os Sete Consellos) nas Grandes Chairas, a liga dos Tres Fogos dos Chipewa, Potawatomi e Ottawa nos Grandes Lagos, a confederación que o explorador Hernando De Soto atopou en 1540 no Sudoeste en terras dos actuais estados de Arkansas e Luisiana, ou a devandita Liga dos Iroqueses en terras situadas no actual estado de Nova York e na súa contorna. Aínda que cada caso dos relacionados adoptaba configuracións distintas e as tribos federadas non eran asimiladas social e politicamente pola federación establecida, a ampliación do marco social e territorial abría canles para mudanzas inevitables. De feito, a acción guerreira, xustificación en varios casos dunhas alianzas organizadas para combater a outras etnias veciñas, condicionaba a autonomía das tribos e dos seus liderados como aconteceu manifestamente coa confederación Powhatan transformada nun cacicado que cuestionaba a tradicional forma tribal.

Respecto das alianzas derivadas da conquista e colonización das comunidades anglosaxoas de Norteamérica, hai coincidencia entre os diversos historiadores e etnógrafos de que as loitas intertribais que mantiñan entre si os distintos grupos étnicos de Norteamérica mingúan en beneficio doutras alianzas creadas para loitar contra os europeos de América setentrional, unha vez comezada a expansión da poboación branca cara ao oeste. J. Jablow<sup>8</sup> estudou este asunto con relación á historia dos movementos territoriais dos Cheyennes das Grandes Chairas, resultando tamén isto de grande interese para CGM, porque enlazaba o conflito entre brancos e indios co tema das invasións, *leit motiv* das grandes teorías difusionistas e problema que, de xeito recorrente, abrollaba na arqueoloxía pre e protohistórica de Europa. Outro fenómeno de particular relevancia, e que CGM comentaba cando falaba das mudanzas entre os amerindios de Norteamérica, é o relativo á incorporación do cabalo, coñecido a comezos do século XVIII da man dos exploradores e conquistadores españois, e que transformou radicalmente as estratexias de caza de moitas comunidades centradas na captura do castor e, neste caso, do búfalo, como lles sucedeu aos Cheyennes e aos Blackfeet (Pés negros). Os primeiros, oriúdos dos Grandes Lagos, foron desprazados ás terras occidentais e meridionais de Minneso-

---

8 Jablow, J. (1950): *The Cheyenne in Plains Indian Trade Relations 1750-1840*. Seattle & London. Esta obra era coñecida por CGM por vía indirecta a través das citas doutros autores, nomeadamente Taylor, C. F. (1996): *Vida y costumbres de los nativos americanos. La familia, la caza, tradiciones y ceremonias*. Madrid. Libsa. Recentemente Peter Cozzens redactou unha crónica polo miúdo das guerras indias e do conflito armado entre brancos e indios que CGM tería lido con satisfacción: Cozzens, P. (2017): *La tierra llora. La amarga historia de las guerras indias por la conquista del oeste*. Madrid, Desperta Ferro Ed. (a edición inglesa –The Earth is Weeping. *The Epic Story of the Indian Wars for the American West*– é de 2016.



Diante da casa de Xaquín Lorenzo no seu centenario, 2007. De esquerda a dereita, X.C. Sierra, José Couselo Ferro, X.L. Vázquez-Monxardín, F. Rodríguez, alcalde de Ourense, F. Acuña e CGM

ta e Dakota setentrional pola presión dos Sioux lakota e dos Ojibwa cambiando asentamentos sedentarios por unha vida nómade (ou itinerante) e modificando unha economía con produción agrícola (mellor hortícola) por outra que privilexiaba a caza do búfalo, agora especializada e particularmente produtiva mercé á utilización do cabalo. Estas transformacións da actividade produtiva, ou dos asentamentos, en períodos de tempo relativamente curtos, sorprendía a CGM e provocaba novos comentarios e debates, sempre en contextos informais pero non por iso menos estimulantes.

Non tiven oportunidade de comentar con el e cos contertulios decote habituais temas como os recentemente tratados por José María Cardesín<sup>9</sup> sobre estudos e iniciativas de antropoloxía xurídica aplicada como as desenvolvidas antes da segunda guerra mundial por K. Llewellyn e E. A. Hoebel que analizaron as normas que rexían a vida dos Cheyenne coa intención (aplicada) de ampliar o horizonte do dereito positivo das administracións americanas brancas. Logo Llewellyn e Hoebel, a través da Oficina de Asuntos Indios e co apoio en 1945 da Universidade de Columbia, serán convidados a estudar as formas organizativas dos indios Pueblo con finalidades, por parte da Administración norteamericana, claramente políticas. Con independencia da complexidade destes traballos, para CGM os termos nos que este tipo de investigacións se desenvolvían favorecerían o debate –feito que Cardesín sinala– sobre contactos e enfrontamentos culturais.

Por outra banda, a conquista e colonización de América e, neste caso, dos territorios do norte conlevaba un posicionamento crítico (político e ético) sobre a disolución das

9 Cardesín, J.M<sup>a</sup> (2001): "Haciendo el indio... bajo la mirada de occidente: Karl Llewellyn, la historia cheyenne y la constitución de la antropología jurídica". *Historia Social*, nº 41, pp. 39-62. Semellante interese tería para CGM o traballo de Sebastián Masana: *La liga de las seis naciones iroquesas y el debate sobre su aporte al sistema político estadounidense*. Centro de Estudios Internacionales y de Educación para la Globalización (CEIEG). <http://www.argentina-rree.com/documentos/iroqueses.pdf>

culturas amerindias e o etnocidio que supuxo o avance dos brancos logo de traspasar a liña xeográfica dos Apalaches. Nun libro que coñecía ben CGM<sup>10</sup>, o xefe sioux Cola Pintada di en 1876, despois da derrota de Custer en Little Big Horn: *“esta guerra no surgió entre nosotros, llegó a nuestras tierras de la mano del hombre, que irrumpió en medio de nuestras gentes para expoliarnos y para cometer impunemente toda clase de crímenes [...]”*. O modelo crítico que se configura ao redor da extraordinaria experiencia da exploración, conquista e colonización dos territorios de América, coa conseguinte eliminación das culturas amerindias, constituía para CGM un campo de reflexión sobre a fecundidade das ciencias sociais para construír un humanismo crítico respectuoso coas identidades das distintas culturas e comunidades, en tanto que facíanas visibles dos valores dos diferentes pobos do mundo. O Museo do Pobo Galego foi, e segue a ser, o laboratorio no que se ensaia (museograficamente) este humanismo crítico centrado neste caso nas identidades historicamente conformadas das terras e xentes de Galicia.

---

10 Brown, Dee Alexander (1981): *Enterrad mi corazón en Wounded Knee*. Barcelona. Bruguera.

## Carlos García Martínez e o Pedrón de Ouro

Xosé Ramón Fandiño

Xa tiña moito moito camiño percorrido Carlos García Martínez como sistematizador das orixes máis remotas do pasado galego cando ingresou no Padroado do Pedrón de Ouro. Como arqueólogo formouse ao carón do extraordinario polígrafo Fermín Bouza Brey, que reuniu no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento a un grupo de novos investigadores que preparou para iniciar a renovación da arqueoloxía galega e aos que lles transmitiu a súa entrega total a Galicia.

Cando García Martínez (Santiago de Compostela, 1945-2018) ingresou como membro numerario do Pedrón de Ouro xa levaba interiorizados os vellos ideais galeguistas do Seminario de Estudos Galegos, que foi o referente das institucións coas que se implicou. Foi en 1975 cando o invitaron a formar parte do Padroado do Pedrón, no que ingresou canda ao seu inseparable compañeiro de andainas Fernando Acuña. Naquel momento formaban parte do Pedrón os insubornables galeguistas, aos que Carlos consideraba mestres: Octavio San Martín, Xoaquín Lorenzo, Modesto Rodríguez Figueiredo, Camilo Agrasar, Avelino Pousa Antelo, Rodríguez Fraiz, Maximino Rodríguez Buxán, Gustavo Santiago Valencia e Avelino Abuín de Tembra. Da mesma fornada ca Carlos e Fernando eran Salvador García-Bodaño, Manuel Caamaño Suárez, Porto Matalobos, Carlos Varela Veiga, Xabier Pousa e Xosé Lino Vázquez-Monxardín.

Carlos serviu nos seus primeiros momentos no Pedrón como ligazón entre os membros xeracionalmente relacionados coa Xeración Nós, co SEG e que viviran a Guerra Civil, e os de xeracións posteriores chamados a levar a cabo o relevo xeracional da institución fundada en 1964 como unha idea compartida polo poeta Avelino Abuín de Tembra e o xurista Rodríguez Buxán. Conviñeron ambos na conveniencia de erguer a bandeira da defensa da identidade e da liberdade de Galicia exaltando cada ano a un dos nosos escritores, artistas ou científicos que na década dos 60 do século pasado viñan laborando no máis escuro anonimato. E dos ditos pasaron aos feitos con toda rapidez porque o 17 de maio de 1964 tivo lugar na casa de Rosalía, que desde entón nos acolle







Xuntanza dos membros do Padroado do Pedrón de Ouro acompañados polos anfitrións da Casa Rural da Curiscada (Arzúa) en 2010

invariablemente, o acto de entrega do primeiro Pedrón de Ouro concedido ao saudoso poeta Faustino Rey Romero.

Desde aquel día, os Pedróns foron concedidos anualmente, sempre coa solemnidade debida. A profunda reflexión e a independencia de criterio do Padroado converteron os Pedróns no premio máis vedraño, máis consolidado e máis xenuíno dos que se outorgan en Galicia.

García Martínez, ademais de asumir os postulados fundacionais do Pedrón de Ouro: “encimar a cultura galega nos seus variados xeitos e instituír un premio anual chamado Pedrón de Ouro co fin de distinguir a personalidade galega que máis se teña sobranceado no cultivo das letras ou en calquera outra actividade da cultura galega”, como integrante do movemento universitario do 68 compostelán, inxectáballe zume novo situando o Pedrón nas coordenadas da loita antifranquista. Eran tantos os seus compromisos e ocupacións e a súa discreción que Carlos nunca exerceu ningún cargo directivo nin actuou nunca como mantedor no acto de entrega dos Pedróns en maio na Casa da Matanza. Limitouse a ser un numerario, pero foi un dos máis resoltos alentadores e atinado conselleiro. Nas reunións do Pedrón, Carlos convertíase sempre no salvagardador das esencias, da coherencia e da pureza primixenia, que lle imbuíu o contacto cos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, que conformaron a súa personalidade intelectual. E nas xuntanzas, os seus razoamentos terminaban sempre por acadar a consideración que merecían. E isto podería trasladarse ao resto de entidades que gozaron da súa xenerosa colaboración, incluído, por suposto, o Museo do Pobo Galego.

Hai unha foto que para a Fundación do Pedrón de Ouro adquiriu simboloxía icónica porque en palabras de Gustavo Santiago Valencia, “representa unha das páxinas máis tristes e máis rexamente patrióticas da Institución”. Na foto aparece Carlos ao carón de Modesto Rodríguez Figuerido en Baio no acto de entrega a Xosé María Lema Suárez do premio de Etnografía impulsado polo Pedrón. Carlos, como feito pouco frecuente

nel, estaba na mesa presidencial pola súa condición de membro do Pedrón, convocante do premio, e da comisión de cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia, patrocinador. Modesto, entusiasta vicepresidente do Pedrón, pronunciou un fermoso e apaixonado discurso que rematou cos coñecidos versos de Cabanillas:

Roseira que o trebón deixou espida  
 é a sagra Terra nosa.  
 ¡Temos que pôla ergueita, froecida,  
 cada pinga de sangue nunha rosa!

Ao concluír o recitado caeu debruizado sobre a mesa, sen que nada puidesen facer os que, entre eles Carlos, o asistiron. En honor a el, o concurso literario que anualmente convoca o Pedrón de Ouro leva o nome de Certame de Narracións Breves Modesto Rodríguez Figueiredo.

Temos no Pedrón unha norma non escrita que non se regula nos nosos Estatutos, da que Carlos era severo paladín, pola que o Pedrón non se lle pode conceder a ningún dos membros do Padroado. Por iso Carlos non o tiña, e como consideramos que sería unha deshonra e que a historia nos demandaría que Carlos non tivese o Pedrón é polo que llo outorgamos en 2018 a título póstumo. Polo seu compromiso sen fisuras cos alicerces e co devir do pobo Galego e porque tiña a patria enteira na memoria.

O día que Carlos acompañou a Rodríguez Figueiredo en Baio foi o día máis aciago da súa vida e tardou moito tempo en recuperarse do pesadume que lle ocasionou. Como tardaremos nós, os seus irmáns da Fundación do Pedrón de Ouro, en superar o inmenso baleiro que deixa na nosa institución.

Beizóns infinitas ao noso irmán Carlos García Martínez, unha torre de ética por riba de todo e guieiro inequívoco de tantos emprendementos que tiñan sempre as causas xustas e a Galicia como horizonte.



CGM sentado á dereita de Modesto Rodríguez Figueiredo (de pé) na entrega dun premio de etnografía en Baio.

11 de outubro de 1976



## Rememoración de carlos garcía martínez, irmán

Xosé Manuel Beiras

“Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son.  
Mais só os ignorantes,  
e férridos e duros,  
imbéciles e escuros  
non nos entenden, non.”

Eduardo Pondal,  
*Os pinos.*

Fragmento do texto do Himno nacional  
de Galiza e oficial da actual CAG

“Neste país noso houbo sempre xentes que viviron *para* Galicia, mais agora comeza a haber a cada pouco máis xente que vive *de* Galicia.” Non esquecerei mentres viva estas palabras do sentencioso Carlos. Fora no decurso dunha conversa ao pouco de ter comezado a súa andaina a autonomía política instituída no Estatuto de Galicia do 1981. Difícil tería sido daquela plasmar mellor que nesa concisa e retranqueira sentenza unha tan lúcida diagnose do tránsito político que viña de acontecer e un tan clarividente prognóstico das intencións -e non digo as arelas- que guiarían a angueira da nova caste dirixente instalada nas recén nadas institucións de autogoberno limitado da ‘nación de Breogan’. Carlos, o entrañábel ‘Drácula’ no círculo dos irmáns e irmás máis achegados, éravos ben consciente do grave paradoxo conxénito da Autonomía galega: que a maioría dos inquilinos das súas institucións sobranceiras non procedían dos continxentes cidadáns que nos interminábeis tempos escuros se bateran por conqueras, senón da grea dos *parvenus* que aproveitaran a ocasión da fraudulenta transición postfranquista -cando non, inclusive, daqueles *sipaios* que sempre negaran a existencia e combateran os dereitos de Galiza como pobo.

Tal como foran as cousas e o desenlace dos combates polas liberdades no tardo-franquismo, moi poucos ‘bos e xenerosos’ pondaliáns deran accedido ao Parlamento inaugural, ningún á Xunta, mentres en troques inzaban nesas dúas institucións os ‘imbéciles e escuros’ denunciados xa cen anos atrás polo bardo bergantiñán. Ficaban fóra os que, como Carlos, dende mozos viviran *para* Galiza, mentres sobranceaban os que se empoleiraran nelas para viviren regaladamente *de* Galiza. Aos primeiros, como Carlos, tocáballes proseguiren en cadanseu eido da ‘sociedade civil os combates na defensa da identidade do país e dos dereitos e o benestar das súas xentes. Máis ou menos como se as institucións de autogoberno non existisen -coa única diferenza, a respecto de tempos



precedentes, de -segundo e como- non seren perseguidos e encarcerados por facéreno. Na loita sindical de obreiros, labregos e mariñeiros. No combate a prol da normalización do uso social do idioma. Na promoción da cultura galega e do seu patrimonio cultural. Na defensa dos recursos e preservación dos ecosistemas do noso país. Nas garantías democráticas dun ensino e unha sanidade públicos e universais. Na erradicación do andazo endémico da emigración da xente nova. Na abolición da discriminación de calquera caste. En dar cabo do expolio. En suma: na creba do status colonial imposto á Nosa Terra.

Hoxe, pasados xa sete lustros dende aquela, botade unha ollada ao voso redor, facede memoria da nosa historia nese terzo de século xa percorrido, e dicídemese a diagnose e o prognóstico do Carlos resultaron ser ou non certos e premonitorios. Non só seguen a ser as cidadás e os cidadáns 'bos e xenerosos' de diversas condicións sociais quen continúan a defender o país, a nación e o pobo galegos, senón que, dun tempo para acá, vense obrigados a facéreno non xa á marxe do poder político, senón fronte ás brigadas de demolición usurpadoras das institucións nadas para o noso autogoberno.

Carlos García Martínez comprometera xa a súa vida nesa loita cando nos coñecemos, aló polos anos sesenta do pasado século. Comezara, co noso inesquecible Fernando Acuña Castroviejo -que habería ser amigo e camarada seu de andaina toda a vida- pola esculca do ricaz patrimonio arqueolóxico do noso país, soleira ancestral da nosa identidade como pobo, da man e so o maxisterio do grande e exemplar home que foi Fermín Bouza Brey, e axiña acadara unha conciencia racionalizada da proxección desa identidade na dimensión ideolóxica e política do galeguismo, entendido como nacionalismo emancipador, e nun compromiso cívico militante fronte ao asoballante fascismo franquista, que o conduciría a colaborar no seo do PSG dos anos setenta. Mais Carlos interpretou -e coido que moi correctamente- que onde mellor e máis fecundamente podía pór en práctica ese seu compromiso político democrático co seu país era no eido no que dende mozo comezara a traballar e combater: o da avinza arqueolóxica, antropolóxica e etnográfica do noso pobo. E acertou de cheo. Dende que un fato de bos e xenerosos idearon e puxeron a andar a iniciativa da creación dun Museo do Pobo Galego, Carlos foi xa inicialmente un dos máis entusiastas e activos ideadores e propulsores, e axiña converteríase, e de por vida, no primordial motor e diría eu que na alma desa inxel e egrexia institución e do exemplar colectivo humano que, contra vento e maré, no seo da sociedade civil galega, conduciuna ao longo da súa fermosa andaina até agora mesmo.

Por razóns evidentes, non me corresponde a min contribuír ao relato desa xeira. Mais si que quero dicir que considero que o Carlos levou adiante ese labor cunha insólita modestia e humildade, con talante de operario eficiente, no recinto *recoleta* do obradoiro, refractario a figurar publicamente. Nunha sociedade na que adoita proliferar a cobiza de ser dirixente do que outros fagan, a pauta da conduta do Carlos constituíu a antítese de tal proceder.

Na intra-historia de pobos maltratados coma o noso, primordialmente nas etapas máis duras, ou nos episodios máis dramáticos de pobos *calisquer*, sempre abrollan heroes civís no común cidadán, os que trabucadamente adoitan ser considerados heroes 'anónimos' porque non figuran nas crónicas 'de sociedade' nen capitanean colectivos militantes en batallas de calquera caste. Carlos cadra de cheo con ese arquetipo -só que ao longo de toda a súa andaina existencial. Avivecéuseme ese retrato na miña mente cando, hai pouco, cadroume reler comentarios de analistas franceses encol do labor de Albert Camus na dirección de *Combat* na clandestinidade, que subliñaban a semellanza dese xeito de



Con X. M. Beiras no acto de recepción da biblioteca de Manuel Beiras García, 2005.  
 Detrás, de esquerda a dereita, Míña Beiras, Aurichu Pereira, Rosa Méndez, Carme Beiras e Justo Beramendi

heroísmo cívico sen armas co dos personaxes protagonistas de *La Peste*, en cadanseu caso no combate fronte a dúas castes de andazo exterminador. Trátase do “heroísmo cotián e sen relumbré”, en palabras de Roger Quilliot, que o explica así: “Nin disparos nin sabotaxes, senón un traballo discreto *contra unha forza inimiga sen rostro* (subliño eu): o perigo sempre presente, mais nunca visíbel; o medo non compensado por ningunha fazaña espectacular. A carón de intelectuais, Camus reuníase cos humildes, semellantes a Grand (personaxe de *La Peste*, como sabedes): un conserxe, un mozo de recados do Teatro Francés, unha mociña miúda alcumada “Quince Gramos”. Non sei vós, mais eu estou a ver ao Carlos traballando e latricando en Bonaval man a man con licenciados e conserxes, ou con Fernando e María Xosé tripando o país ou facendo a xeira das tabernas populares compostelás en conversa cos seus parroquianos do común.

Certo que, no caso do Carlos, o andazo exterminador non era fisicamente mortífero coma a epidemia de tifo desatada na Alxeria que lle inspirou a Camus a metafórica transposición na súa famosa novela, nin como a satánica brutalidade nazi na Franza ocupada. Certo. Mais, mesmo após a longa noite franquista, Carlos, coma os seus compañeiros e compañeiras de labor heroico no Museo, e mesmo coma tódolos bos e xenerosos que non desertaron nin se tornaron *sipaios* no colo do ‘autoanémico’ réxime posterior, tivo que enfrontarse a un andazo máis tartufo e insidioso: o que, disfrazado de autogoberno galego, puña, e inda segue a pór, en perigo de extinción o pobo e a cultura que el tanto amaba e co que foi activamente solidario até o fin dos seus días. E iso, na

ferinte situación social que padeceran tódolos nosos ancestros, dende Rosalía a Otero: o desdén, a incompreensión e, ao cabo, o exilio interior -'estranxeira na miña Terra', definírao ela.

Mais non lle importaba, abofé. E en farturenta compensación, vía os froitos do seu labor persoal, e do labor colectivo, inzaren día a día no seu eido de combate pacífico. E o amor e a estima de toda a xente de ben paisana súa. E nunca esqueceu as fermosas e alentadoras palabras do Novoneyra: "a forza do noso amor non pode ser inútel". Non foi, non é *inútel*, madia leva, Carlos, amigo, compañeiro, irmán inmorredoiro na nosa memoria.

Reboraina de Aguiar, setembro do 2018

## A Compostela de Carlos

Encarna Otero Cepeda

“Santiago é cidade resultado do encontro incesante de culturas e correntes de tradición e pensamento que tanto influíron na súa configuración e fasquía. Paisaxe urbana xerada tamén no decorrer histórico por abondas tensións entre as distintas forzas sociais”

Carlos García Martínez:  
*Anacos de Esperanza.*  
 Edicións do Castro, 2002

Carlos “o do Museo”, Carlos “o Drácula”. Estes eran, alomenos, algúns dos nomes cos que as xentes da súa cidade, Compostela, coñecían a Carlos García Martínez. Esta Compostela na que naceu, viviu e deixou a súa existencia, foi o seu fogar, o seu territorio de utopías, soños, traballos e vida. Foi o seu territorio artúrico e, na súa función de capital, simbolizaba para el a Galiza libre, soberana e culta que tanto arelaba.

Foron moitas as xeografía e os camiños que nos arredor de 223 km<sup>2</sup> que configuran o territorio santiagués, viviu e percorreu: a Facultade de Dereito, o Colexio de Arquitectos, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, mais ningún moveu o seu corazón, o seu pensamento, a súa intelixencia e o seu esforzo como o Museo do Pobo Galego, situado en Bonaval, ao carón da Caramoniña, onde o escultor Francisco Asorey produciu moitas das súas obras. No mesmo espazo no que López Ferreiro situou a súa novela *A tecedeira de Bonaval*, e onde unha das moitas lendas compostelás sitúa o milagre do home santo. Tanta historia e tanta vida están presentes no devalar do proxecto do Museo.

Eu comecei a traballar con Carlos no curso 1978-79 cando, como docente no Instituto de Bacharelato de Melide, puxemos en marcha, xunto co alumnado un pequeno museo no centro co rico material arqueolóxico da contorna. A partir dese momento, tiven a inmensa sorte de partillar a súa amizade, o seu coñecemento e o seu saber. Descubriume a Xaquín Lorenzo “Xocas”, a Fermín Bouza Brey, a Ramón Otero Pedrayo, a Antonio Fraguas etc, etc. Mais tamén foi quen de mostrarme a cerna de Compostela, a polifonía de voces que no seu devalar constituían a riqueza e convivencia desta cidade, do Sarela ao Pedroso, do Castiñeiriño a Conxo, de Figueiras até Roxos, da rúa de San Pedro a San Lourenzo, das Algalias á ruela do Peso. El camiñaba a pé todos eses espazos, con espírito pedraiano, coa dimensión humana do camiñar, desfrutaba na conversa próxima, na cultura gastronómica compostelá coa cabra como alimento da festa.

O seu bo saber, sempre próximo mais discreto (nunca gustou de mostrarse ou apa-







Encarna Otero con CGM, Farruco e Marinava na rúa do Franco. Foto: Lavandeira

recer) estivo presente na vida municipal compostelá. Nacionalista de corazón e razón, preocupáballe a cultura na súa máis ampla, diversa e ricaz definición. Para el o patrimonio era tamén a toponimia, as pegadas de vida e de historia das xentes pobres e desfavorecidas, das persoas sen voz. A riqueza dos petróglifos, dos castros, do Pozo da Neve, do Castelo da Rocha, dos muíños, dos lavadoiros, da mina de Fecha, do tecido miúdo do comercio local e das tascas debían ser postos en valor e divulgados como patrimonio etnográfico e popular, ao mesmo nivel que a cidade histórica, Patrimonio da Humanidade facendo así que as xentes e visitantes da cidade tiveran cariño e respecto polo propio.

Carlos fixo da súa cidade espazo de amor e vida. Como el mesmo dixo “toda viaxe é, ao cabo, encontro de algo que buscamos” e el atopou en Compostela o destino desta viaxe. Como no seu día dixo Francisco del Riego do alcalde Ánxel Casal “Compostela era o seu mundo máis querido”, Carlos García Martínez tamén quixo a Santiago e ás súas xentes con inmenso e xeneroso amor. Sen el, camiñando polas súas rúas, a cidade séntese un chisco orfa.

## Carlos García Martínez

Xosé Ramón Lema Bendaña

“Este vaise e aquel vaise...”

Tamén se nos foi Carlos; aceptamos con resignación o seu pasamento, pois todos temos a mesma certeza, a única indiscutible, pero sentimos unha certa carraxe que non dá para ocultar o fondo pesar que nos produce a ausencia definitiva dos nosos.

Digo dos nosos porque se deron a nós, fixeron da súa vida ofertorio cotián ao país, acrecentaron o espírito da nosa sociedade. Eis o seu labor, legado valiosísimo que partillou xenerosamente en vida.

Eu quero agradecerlle esa xenerosidade que xa me tocou na súa mocidade; facía amigos cada día, gañáboas para a causa co exercicio da palabra e dun sutilísimo humor que formaban maxisterio nos lugares de relación social.

Na Compostela da miña mocidade as tabernas eran o espazo oficioso da extensión universitaria e un laborioso obradoiro de comunicación.

A Carlos presentoumo un amigo da infancia no “Ribadavia”, a taberna do inesquecible Canitrot.

Eran os tempos do franquismo no final dos sesenta, no que os mozos tiñamos poucas oportunidades de sentírmonos libres nunha sociedade de coerción omnipresente.

Carlos, estimaba as persoas, na itinerante tertulia facían presenza e opinión todos os oficios e profesións e tamén personaxes de impenitente bohemia, poetas, melómanos, pintores ...

Carlos introduciume no Instituto de Estudos Galegos onde me posibilitou descubrir ao Seminario de antes da Guerra, o mundo da arqueoloxía e da etnografía, a Xeografía de Galicia publicada por Carreras e Candí e a de Otero Pedrayo, xa que logo, a Xeneración Nós. Todos eles deron consistencia á miña intuición dunha Galicia da que as directrices do réxime educativo nos mantiñan dissociados. Naquela época case que todo era réxime.

Carlos exercía unha docencia case imperceptible pero indeleble como a marca de auga





No taberna *O Sete Velo* na rúa do Franco, na segunda ringleira CGM entre Lema Bendaña e Maximino Castiñeiras "O poeta da Mahía" con chapeu

no papel. Eu daquela non o sabía pero hoxe podó dicir que educaba á maneira de Sócrates e, un, era discípulo sen se decatar.

Como xogando, debuxei testos campaniformes, coñecín coitelos de pedernal, fixen pequenos amaños en maquetas etnográficas, excursionei a ver castros, levado por Carlos e Fernando Acuña.

Mesmo me invitou a participar nunha escavación arqueolóxica nas mámoas do Buriz que presidía D. Fermín Bouza-Brey, quen compuxo para remate da campaña un poema que leu con solemnidade a carón da mámoa, que a nós encheunos de emoción e deulle transcendencia ao noso traballo, solemnidade que contrastaba coa súa conversa de sobremesa, na que falaba de sucedidos nos que con graza e sal subliñaba a humanidade dos personaxes.

Logo daqueles anos de frecuentar a súa amizade, eu mudei de cidade e non nos vimos en tempo, pero en cada reencontro podía sentir o afecto acolledor dun home que traballou toda a súa vida para facer viva e activa a memoria dun tempo no que o País se abría o mundo, consciente a súa sociedade de que os valores do pobo galego tiñan moito que achegar ó acervo común da humanidade.

Teño para min que a xenerosidade de Carlos próbase na renuncia persoal, home capaz intelctualmente, non se dedicou á súa medranza persoal e parece ausente dos seus logros para a colectividade; coherente co seu exercicio de mestre socrático.

Por todo, Carlos, GRAZAS.

## Carlos García Martínez: Bibliografía

Ana Mateos Vara

### Presentamos aquí a recompilación bibliográfica da obra de Carlos García Martínez

#### 1968

- **Las mámoas del Montouto** / J. M. González Reboredo, M. C. García Martínez y F. Acuña Castroviejo  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 23, fasc. 69; p. 5-16
- **El Castro de San Lorenzo de Pastor y su nuevo torques áureo** / F. Acuña Castroviejo, C. García Martínez y J. M. González Reboredo  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 23, fasc. 70; p. 129-135
- **A Pedra que fala, con piletas y petroglifos**  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 23, fasc. 71; p. 255-269
- **“O Modorro” de San Pedro (Incio, Lugo)** / F. Acuña Castroviejo y M. C. García Martínez  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 23, fasc. 71; p. 270-276
- **La necrópolis de “Adro Vello” (San Vicente de O Grove)** / M. C. García Martínez y J. M. Vázquez Varela  
En: *Compostellanum*, T. 13, n. 4; p. 563-571

#### 1969

- **Unha escultura galaica bifronte**  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 24, fasc. 72-74; p. 14-2



- **Arredor do poeta Aurelio Aguirre.** *La Noche*, 24-7-1969
- **O manifesto “Máis Alá”.** *La Noche*, 25-7-1969
- **Arredor do desequilibrio poblacional.** *El Correo Gallego*, 20-11-1969
- **Arredor do ambiente i a cultura.** *El Correo Gallego*, 7-12-1969
- **Encol do poeta E. García Ferreiro.** *El Correo Gallego*, 14-12-1969

## 1970

- **Cista ajuar funerario de Atios (Porriño)** / X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, F. Acuña Castroviejo, M. C. García Martínez  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 25, fasc. 75; p. 20-36
- **Graburas rupestres do Incio**  
En: *Boletín da Real Academia Galega*, T. 30, n. 352; p. 294-307
- **Dos cañones franceses de bronce aparecidos en la capilla del Pilar de Santiago**  
En: *Compostellanum*, vol. 15, n. 4; p. 643-645
- **Carta prehistórica del término municipal de Santiago** /VVAA  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 25, fasc. 77; p. 255-266
- **Descripción de la exposición**  
En: *Prehistoria de Galicia. 23<sup>a</sup> Exposición*  
Santiago: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos; p.14-17
- **Lalín: fisonomía de unha comarca.** *El Ideal Gallego*, 25-1-1970

## 1971

- **Sobre la tipología de los grabados rupestres lucenses**  
En: *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, T. 8, n. 71-74; p. 250-259
- **El complejo inscultórico rupestre de Paredes en Campo Lameiro (Pontevedra)**  
/ M. C. García Martínez e R. Fontanini  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 26, fasc. 7-8; p. 7-28
- **Morfología castrexa das Terras de Compostela**  
En: *Compostellanum*, T. 16, v. 1-4; p. 213-258 (1<sup>o</sup> premio no Congreso Internacional de Estudios Jacobeos, 1969)
- **Huellas prehistóricas en Campo Lameiro**  
En: *Chan: revista dos galegos*, n. 34; p. 33-34
- **Sembranza de D. Federico Maciñeira.** *El Ideal Gallego*, 25-7-1971

## 1972

- **Arte Rupestre en Campo Lameiro. Pontevedra**  
Campo Lameiro (Pontevedra): Concello
- **Encol da organización político-social da Antiga Galicia**  
En: *Grial*, n. 36; p. 168-178

- **Datos para la reducción geográfica de los Capori**  
En: *Compostellanum*, T. 17, n 1-4; p. 23-25
- **Unha vella costume de Compostela.** *El Ideal Gallego*, 25-7-1972

## 1973

- **Excavaciones de túmulos dolménicos en San Andrés de Lousada (Lugo) / F. Bouza-Brey, J. Carro Otero y C. García Martínez**  
En: *Noticiario Arqueológico Hispánico. Prehistoria*, n. 2; p. 39-55
- **Representacións de armas no arte rupestre galego**  
En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 28, fasc. 84; p. 111-127
- **Tres tumbas megalíticas decoradas en Galicia / E.A. Shee, M. C. García Martínez.**  
En: *Trabajos de Prehistoria*, v. 30; p. 335-348
- **Os hórreos: contrapunto das paisaxes de Ribeira e a montaña.** *El Ideal Gallego* [s.d.]

## 1974

- **Arte rupestre en Campo Lameiro: Los motivos representados y su cronología.** Campo Lameiro (Pontevedra): Concello
- **Novos exemplares de cerámica campaniforme na Galiza / F. Bouza Brey, X. Martínez López, M. C. García Martínez**  
En: *Actas do III Congreso Nacional de Arqueología*. Porto: Ministério da Educação Nacional, Junta Nacional de Educação; p. 53-66
- **A artesanía do ouro.** *El Ideal Gallego*, 28-4-1974
- **Os doce días das Letras Galegas.** *El Ideal Gallego*, 12-5-1974
- **Dous apuntes de Borrow en Compostela.** *El Ideal Gallego*, 4-8-1974
- **[Recensión] "Prehistoria de Galicia"**  
En: *Grial*, n. 44; p. 243-245

## 1975

- **Datos para una cronología del arte rupestre gallego**  
En: *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología de Valladolid*, T. 40-41; p. 477-500
- **Excavaciones arqueológicas en la necrópolis megalítica de Roupár (Xermade, Lugo)**  
En: *Noticiario Arqueológico Hispánico. Prehistoria*, n. 3
- **Galicia 1840-1936: Cara a formulación rexionalista**  
En: *R. González Villar e a súa época*. Vigo: Brais Pinto, 1975; p. 25-59
- **Táboas cronolóxicas / C. García Martínez e J. G. Beramendi**  
En: *R. González Villar e a súa época*. Vigo: Brais Pinto, 1975; p. 105-129
- **Tipoloxía da vivenda popular galega. I.A costa**  
En: *Boletín: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, n. 2; p. 4-34.

## 1976

- **Xesús Taboada Chivite (1907-1976)**  
En: *Verba*, v. 3; p. 362-366
- **Tipoloxía da vivenda popular galega. II. O interior.**  
En: *Boletín do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, n. 3; p. 3-37
- **Tipoloxía da vivenda popular galega. III. A casa redonda.**  
En: *Boletín do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, n. 4; p. 3-27

## 1978

- **Os estudos prehistóricos e etnográficos no Seminario**  
En: *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro; p. 109-113
- **Os hórreos.**  
En: *Boletín do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, n. 8; p. 21-60
- **Museo do Pobo Galego: unha tarefa colectiva.** *El Ideal Gallego*, 1-8-1978

## 1979

- **Biografía**  
En: *Maside: un pintor para unha terra*. Santiago: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia; p. 15-33
- *[Obra en colaboración]* **Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia: Estado da cuestión.** Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos "P. Sarmiento"

## 1980

- **Prehistoria**  
En: *Galicia eterna*. Barcelona: Nauta, T. I; p. 9-59 [2ª ed. 1984]
- **Prehistoria galega: megalitismo e habitat**  
En: *Evolución cultural de Galicia: ciclo de conferencias*. Vigo: Caixa de Aforros Municipal de Vigo; p. 3-19

## 1981

- **Un patrimonio arqueolóxico en precario**  
En: *Galicia: Destrucción e integración do patrimonio arquitectónico: III Xornadas de arquitectura galega*. Vigo: COAG; p. 12-17
- **As raíces dunha cultura**  
En: *A Nosa Terra*, nº 100
- **Pedra e tempo**  
En: *Programa de Festas do Apóstolo*. Santiago de Compostela: Concello

**1982**

- **Introducción**  
En: *La aldea gallega* / Nicolás Tenorio. Vigo: Xerais de Galicia; p. 1-11
- **A semente do Seminario de Estudos Galegos.** *La Voz de Galicia, Suplemento Cultural*, 30-VI-1982
- **O Seminario de Estudos Galegos e a cultura popular.** *La Voz de Galicia*, [s.d.]
- **Notas o programa**  
En: *Trovadores e neotrovadores: homenaxe a Fermín Bouza Brey*. Santiago de Compostela: Universidade; p. 1

**1983**

- **Anovamento na Antropoloxía.** *La Voz de Galicia, Suplemento Cultural*, 26-5-1983
- **A fidelidade a un pobo**  
En: *Cuaderno de Cultura, La Voz de Galicia, Suplemento Cultural*, 1-6-1983

**1990**

- **Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989)**  
En: *Gallaecia*, n. 12; p. 397-399

**1991**

- **O megalitismo: economía, sociedade e relixión** / C. García Martínez e X. M. Vázquez Varela  
En: *Galicia: historia*. A Coruña: Hércules de edicións; p. 173-215

**1992**

- **Bouza-Brey e os novos (1967-1973): o espírito do Seminario**  
En: *Fermín Bouza-Brey: 1901-1973: unha fotobiografía*. Vigo: Xerais de Galicia; p. 277-290
- **[Notas] Estudio piloto previo e propostas de recuperación e rehabilitación da Ribeira Sacra** / C. Portela Fdez-Jardón, dir.; O. Gallego Domínguez, A. Sicart Giménez, C. García Martínez  
Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental

**1994**

- **[Notas] Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola** / coord. M<sup>a</sup> X. Fernández Cerviño; coa participación de C. García Martínez [et al.]. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego



## 1995

- **Antón Fraguas**

En: *Galegos na escaleira* / Xurxo Lobato. A Coruña: Fundación Caixa Galicia; p. 61

## 1997

- *[Dirección]* **Museo do Pobo Galego, 20 aniversario**. Santiago: Museo do Pobo Galego

## 1999

- **De alicerces e devocións: unha ollada arredor das orixes**

Trasalba, Ourense: Fundación Otero Pedrayo

## 2001

- **Bouza Brey e a Prehistoria de Galicia**

En: *Xornadas sobre Fermín Bouza Brey (15-16 marzo 2001)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; p. 151-166

## 2002

- **O valedor da cultura popular**

En: *Críticas e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia; p. 177-178

## 2003

- *[Limiar]* **Anacos de esperanza** / E. Otero Cepeda. Sada: Edicións do Castro; p. 7-12

## 2004

- **Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia**

En: *Raigame*, n. 19; p. 6-18

- **Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia**

En: *I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego: In memoriam Xaquín Lourenzo Fernández, Xocas: Actas*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense; p. 263-274

- **A roda e a dorna. Xaquín Lorenzo e o Museo do Pobo Galego** / C. García Martínez, M<sup>a</sup> X. Fernández Cerviño

En: *Boletín da Real Academia Galega*, n. 365; p. 123-134

- **Unha presenza indeleble**. *La Voz de Galicia*, 13-5-2004

- *[Escolma]* **Xaquín Lorenzo: De varia etnográfica** / Escolma, limiar e notas de C. García Martínez. A Coruña: La Voz de Galicia

## 2005

- *[Limiar]* **Encontros coa etnografía: [Homenaxe a] Xaquín Lorenzo `Xocas`** / P. Ballesteros Arias, coord.; limiar F. Criado Boado, C. García Martínez. Santiago: Instituto de Estudios Gallegos "P. Sarmiento", Museo do Pobo Galego
- *[Limiar da edición facsímil]* **Vila de Calvos de Randín** / F. López Cuevillas e X. Lourenzo Fernández. Santiago: Museo do Pobo Galego

## 2006

- **Memoria de anxos ou bogardeiros**  
En: ADRA, n. 1; p. 11-22
- **Espantallos: exposición de fotografía** / L. H. Flores; textos de C. García Martínez. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- **Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos**  
En: *Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999: un home que traballou sempre "por e pra Galicia": ofrenda no seu Centenario*. Santiago: Museo do Pobo Galego; p. 196-225
- **A gandaría, tesouro de Galicia** / dirección, C. García Martínez, H. Pernas Oroza, M<sup>a</sup> X. Fernández Cerviño; coord., J. González Vázquez, L. A. Vázquez Pérea. Santiago: Museo do Pobo Galego: Indicación Protexida Ternera Gallega
- **La ganadería, tesoro de Galicia** / dirección, C. García Martínez, H. Pernas Oroza, M<sup>a</sup> X. Fernández Cerviño; coord., J. González Vázquez, L. A. Vázquez Pérea. Santiago: Museo do Pobo Galego: Indicación Protexida Ternera Gallega
- *[Limiar]* **O país dos mil castros** / P. Scheneider. A Coruña: Grupo Marcelo Macías
- *[Limiar]* **VIII Coloquio Galego de Museos: Os museos e o seu público** / prólogo de F. Arias Vilas; presentación, C. García Martínez. Santiago: D. X. do Patrimonio: Consello Galego de Museos: Museo Municipal de Ponteareas

## 2007

- **X. M. Tomé, pintor e alén amigo**  
En: *X. M. Tomé: antolóxica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago; p. 29-32
- **Achegas para a xénese dunha biblioteca (nos trinta anos do seu comezo)**  
En: ADRA, n. 2; p. 11-24
- **Notas arredor de X. Taboada, arqueólogo**  
En: *Boletín Auriense*, n. 37; p. 47-75

## 2008

- **Cista e enxoval funerario de Atios (Porriño)** / F. Acuña Castroviejo, X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, M. C. García Martínez  
En: *Álvarez Blázquez, Xosé María, 1915-1958: Escritos sobre arqueoloxía de*

Xosé María Álvarez Blázquez. Nigrán (Pontevedra): Instituto de Estudios Miñoranos; p. 115-132

- **Xosé María Álvarez Blázquez e a arqueoloxía da resistencia** / C. García Martínez, F. Acuña Castroviejo.  
En: *Boletín da Real Academia Galega*, n. 369; p. 133-144
- **O Museo do Pobo Galego, unha tarefa colectiva**  
En: *O Museo do Pobo Galego: contedor de valores* / Fátima Braña Santiago de Compostela. Museo do Pobo Galego; p. 11-12

## 2010

- **Antonio Fraguas Fraguas: Home ilustre, nobre, humilde e sapientísimo**  
En: *A Cidade dos xornalistas*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago; p. 107-110
- **De novo sobre D. Nicolás Tenorio y Cerero e a súa aldea galega**  
En: *Adra*, n. 5; p. 9-22
- **[Dirección] Exposición Gallega de 1909**. Santiago: Consorcio de Santiago: Museo do Pobo Galego: Instituto de Estudios Galegos "Padre Sarmiento"

## 2011

- **[Limiar] Frei José de Vaquedano e o seu tempo (1642-1711): libro programa das xornadas** / limiar, F. Durán Villa, C. García Martínez; textos, C. Villanueva, J. López Calo. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego

## 2012

- **Antonio Rodríguez Fraiz: Abade de Campañó, 1912-1995**  
Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego

## 2015

- **Pre-historia dun arqueólogo**  
En: *Portugalia*, v. 36; p. 27-33
- **Xurxo Lorenzo (1910-1934): a mocidade milgranada**  
En: *Adra*, n. 10; p. 15-52
- **Filgueira no Padre Sarmiento**  
En: *Filgueira Valverde homenaxe: "Quíxose con primor e feita"*. Santiago: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; p. 273-290
- **Víctor Said Armesto e a etnografía do seu tempo** / X. M. González Reboredo, C. García Martínez.  
En: *Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectiva críticas*. A Coruña: Fundación

Barrié de la Maza; Santiago: Museo do Pobo Galego; Pontevedra: Deputación; p. 351-379

## 2016

- **Sobre Nicolás Tenorio e La aldea gallega**

En: *Arredor das Irmandades da Fala: pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Xerais de Galicia; p. 27-30

## 2017

- **Xaquín Lorenzo Fernández, do Seminario de Estudos Galegos ao Museo do Pobo Galego** / C. García Martínez, M<sup>a</sup> X. Fernández Cerviño

En: *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, n. 41; p. 30-41

- **Gran Enciclopedia Gallega. [Voces]** Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974-2000

Acrópolis; Adro vello; Agro das Calzadas; Albiones; Altar dos bicos; Amaeos; Amaía; Amilladoiro; Anfiloquios; Angueira (monte no Concello de Teo); Anta; Antecastro; Antela; Antioquía; Aobrigenses; Aquae laae; Aquis baenis; Aquis celenis; Aquis originis; Aquis querquensis; Arca; Armeá; Arqueología (con F.A.C.); Arrós (con R.U.); Ártabros; Aureana; Borgna, Cesare Giulio; Bouza-Brey, Fermín (Etnografía); Campo Lameiro; Cuadernos de Estudios Gallegos; Cultura del vaso campaniforme; Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”; LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino-Bibliografía



## ADRA: NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

ADRA é unha revista con periodicidade anual.

Os temas que se abordan na revista son todos aqueles relacionados cunha visión ampla da realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego.

O ámbito preferente da revista é Galicia sen deixar de atender miradas cara outras realidades vinculadas coa nosa cultura ou en contraste con ela.

A revista acepta exclusivamente orixinais inéditos, redactados nos seguintes idiomas: galego, portugués, español, francés e inglés. Só se publica artigos en galego os autores deberán aceptar a tradución de acordo cos criterios que indique o Consello editorial.

A revista conta cun sistema de avaliación externa. Unha vez recibido un orixinal, de acordo coas especificacións formais abaixo sinaladas, será enviado a dous expertos anónimos quen emitirán un informe que determinará a aceptación ou rexeitamento do manuscrito.

Os autores poderán corrixir unha proba de imprenta do seu artigo, sempre e cando

remitan as correccións no prazo que lle indique o Comité de Redacción que non será superior a 15 días.

O enderezo para o envío de orixinais é:

ADRA. Revista dos socios e socias do  
Museo do Pobo Galego.  
Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela  
biblioteca@museodopobo.gal

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores. O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

### **Presentación.**

Os artigos irán precedidos dunha folla na que figure: título, nome dos autores e autoras e filiación institucional, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.

Os orixinais presentaranse mecanografados a dobre espazo, letra Arial 12, en papel normalizado DIN A 4. As páxinas numeradas serán 25 como máximo, incluídas fotografías, planos, gráficos, bibliografía e notas a pé de páxina. A extensión dos artigos será dun mínimo de 20.000 e un máximo de 50.000 caracteres (con espazos).

Os artigos deberán estar precedidos dun resumo en galego e inglés, cunha extensión entre 100 e 150 palabras, así como de entre 4 e 6 palabras chave.

#### **Imaxes.**

As imaxes e ilustracións deben ir en arquivo aparte, en formato jpg, con resolución suficiente e indicando a súa posición no texto.

#### **Citas literais.**

Cando sexan breves irán incorporadas no texto, se superan as catro liñas, destacarase nun parágrafo separado, sempre entre comiñas. Todas as citas levarán, tras o peche das comiñas e entre paréntese, a referencia que inclúe: apelido, ano de edición e páxinas. Ex.: (González Monje 2011: 138-139).

#### **Notas ao pé.**

Se prefere a eliminación das notas ao pé mais de ser necesarias deberán numerarse consecutivamente.

**Bibliografía.** A bibliografía limitarase aos libros e artigos citados no texto. Presentarase alfabeticamente ao final do artigo. Se hai varias referencias dun autor irán ordenadas por ano de edición de máis antigo ao máis recente. A forma de presentar as referencias bibliográficas, deben seguir o seguinte modelo:

#### **Libros:**

GONDAR PORTASANY, M. (1987)  
*A morte*. Santiago de Compostela:  
Museo do Pobo Galego.

RODRÍGUEZ CALVIÑO, M.,  
SÁENZ-CHAS DÍAZ, B. (2000)  
*O tecido*. Santiago de Compostela:  
Museo do Pobo Galego.

#### **Artigos en publicacións periódicas:**

BRANA REY, F. (1998)  
"Adaptacións ou cambios. A sala do  
mar do Museo do Pobo Galego".  
*Antropológicas* 2: 141-156, Porto.

#### **Participación en obra colectiva:**

BERAMENDI, J. (2010) "A Galicia de 1909". C. García Martínez (ed.), *Exposición Galega de 1909*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 9-30.

#### **Dirección de Internet.**

Cando a referencia aluda a un enderezo de Internet, consígnase do mesmo xeito que nos tipos anteriores incluíndo autores, ano e título e data de consulta. A dirección web incluírase en liña aparte.

PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO (2006) *Informe sobre a Cidade da cultura*. [Consulta en liña: 23/05/2012]  
<http://www.museodopobo.es/uploads/pdf/Revista%20Adra%204.pdf>

## SOCIOS PATROCINADORES E PROTECTORES DO MUSEO DO POBO GALEGO

---

EDUARDO BEIRAS GARCÍA-MARTÍ  
ALUMINIOS CORTIZO, S.A.  
ENGASA. ENERGÍA DE GALICIA S.A.  
TELEVÉS S.A.

ARUMIA, S.L.  
AGACA ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS  
BODEGAS TERRAS GAUDA  
CLÍNICA DERMALAR  
COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DA CORUÑA  
CRIXP CARNE DE VACÚN DE GALICIA  
FUNDACIÓN FEIRACO  
FUNDACIÓN JUANA DEVEGA  
FUNDACIÓN RODRÍGUEZ IGLESIAS  
GADISA RETAIL S.L.U.  
J.J. CHICOLINO  
MADEIRAS ORNANDA  
O 16 CASA DE XANTAR  
PEDRA SALGADA S.L.  
PROGANDO S. L.  
R. CABLE E TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA S.A.  
RESTAURANTE LA BODEGUILLA DE SAN ROQUE  
RESTAURANTE MARÍA CASTAÑA  
VIÑA COSTEIRA S.C.G.







**Museo do Pobo Galego**

Colabora:



**XUNTA  
DE GALICIA**